No inicio do curso son remitidas ás familias **a Circular de Inicio do Curso coas novas organizativas máis salientables** e as autorizacións para a toma e publicación de imaxes no entorno educativo, para as saídas do alumnado, para o procedemento de entrega do alumnado ás familias e outras necesarias para coordinar a acción familia- escola. Ademais enviaranse as circulares e orientacións que profesorado, equipo directivo ou Consello Escolar consideren de interese. A excepción das comunicación que necesiten sinatura (autorizacións, etc), as restantes ( comunicados xerais) serán enviados ás familias pola aplicación Abalarmobil.

As familias, no seu conxunto, constitúen un elemento básico da comunidade educativa. A súa corresponsabilidade no cumprimento dos obxectivos e das normas de convivencia e comportamento cívico son clave para unha relación harmoniosa. As discrepancias ou desacordos deberán ser encauzados a través dos órganos correspondentes e baixo o ámparo do noso **Plan de Convivencia e dos seus órganos representativos**, tanto nas súas propostas de melloras coma nas desavenencias de carácter colectivo. A referencia básica será sempre o profesorado titor, que nos casos non resoltos, serán atendidos polo Departamento de Orientación e no seu caso polo Equipo Directivo.

As comunicación oficiais coas familias realizaranse a través da aplicación Abalarmóbil e da páxina web do centro. Ademáis, dende as titorías poderanse empregar outros medios como as axendas persoais ou a aplicación educativa ClassDojo. Na páxina web as familias poderán acceder e descargar os documentos de organización do centro ( Programación Xeral Anual, Programacións, etc)

# VIXILANCIA RECREOS (1º TRIMESTRE)

O tempo de recreo é un momento de lecer da xornada moi importante para o alumnado nas que se deben preservar as condicións de seguridade e atención. O equipo docente realizará mediante gardas a atención debida. Nos dous patios (pequenos e maiores) haberá este curso unha única quenda de garda de recreo nas que participarán diferentes grupos de apoio de mestres respectando as ratios normativas ( 25 en infantil e 50 en primaria) e cunhas zonas delimitadas en cada zona con material de xogo axeitado a cada espazo.

**Funcións do profesorado:**

- Vixilancia e atención ao alumnado por zonas. Axuda na dinamización de xogos.
- Comunicación de incidencias e accidentes ás persoas titoras.

## Quendas en modo proba para o mes de setembro

- Para a **sustitucións de recreo** a Xefatura de Estudos designará entre as persoas de garda de recreo. As **sustitucións de hora de ler** arranxaranse entre as persoas que formen parte de cada equipo de hora de ler.
- En caso de **recreo chuvia en EI e 1º ciclo** empregarase o patio cuberto e o ximnasio. Para evitar problemas estarán fixos os días que indiquen cales son os cursos que poden baixar cada día. Os que teñan que quedar arriba poden agruparse ou ser vixiados por unha soa persoa previo consenso do equipo correspondente. En caso de **recreo de chuvia de 3º a 6º primaria** o alumnado baixa tamén segundo a quenda prevista e ocupa os patios cubertos.
- **Os recreos no espazo de Biblioteca** estarán atendidos por Rosa e Rubén e reservados ao alumnado de Primaria cun aforo de 40 alumnos e na seguinte quenda:
  - Luns: 1º ciclo obradoiros
  - Martes: acceso libre so para lectura e xogos cooperativos
  - Mércores: 2º ciclo obradoiros
  - Xoves: acceso libre so para lectura e xogos cooperativos
  - Venres: 3º ciclo obradoiros
- A hora de ler no espazo de biblioteca estará reservada para os cursos de EI coas seguintes quendas:
  - Luns: 4º EI
  - Martes: 5ºA EI
  - Mércores: 5ºB EI
  - Xoves: 6ºA EI
  - Venres: 6ºB EI

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| **RESPONSABLES AT.RECREO BIBLIOTECA** | Rubén | Rubén | Rubén | Rubén | Rubén |
| | Rosa | Rosa | Rosa | Rosa | Rosa |
| | | | | | |

## EDUCACIÓN INFANTIL e 1º CICLO

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| **ZONAS PATIO (6):**<br>ROCÓDROMO/CUBERTO<br>BAÑOS<br>PARQUE (2)<br>BOSQUE alto<br>BOSQUE baixo | Paula Mon.<br>Cris S.<br>Tamara<br>Patri<br>Montse<br>Mónica | Montse<br>Jose Antonio<br>Patri<br>Paula Mon.<br>Cris S.<br>Tamara | Natalia<br>Mª Costas<br>Laura Gar<br>Mónica<br>Laura Mat.<br>Jose Antonio | Laura Mat.<br>Maica<br>Jose Antonio<br>Bea Agulla<br>Noelia<br>Laura Gar | Natalia<br>Noelia<br>Mónica<br>Laura Mat.<br>Manu<br>Laura Freire |
| | | | | | |
| **LECTURA 4º EI** | Paula Montero e Laura Mateos | | | | |
| **LECTURA 5º AEI**<br>**LECTURA 5º BEI** | Cris Sueiro, Natalia e Bea Agulla | | | | |
| **LECTURA 6º AEI**<br>**LECTURA 6º BEI** | Noelia, María Costas e Montse | | | | |
| | | | | | |
| **LECTURA 1º A**<br>**LECTURA 1º B** | Maica, Manu e Tamara | | | | |
| **LECTURA 2º A**<br>**LECTURA 2º B** | Patri, Laura Freire e Laura Garmilla | | | | |
| | | | | | |
| **PROFESORADO DE GARDA PARA SUSTITUCIÓNS DE RECREO** | | | | | |
| | Bea Agulla | Natalia | Noelia | Montse | Paula Mon. |
| | María Costas | Laura Mateos | Patri. | Manu | Cris S. |
| | Maica | Laura Garmilla | Laura Freire | Mónica | Tamara |
| **ZONAS DE RECREO DE CHUVIA: o profesorado que fai o recreo dese día repártese entre as zonas de recreo** | | | | | |
| **CUBERTO (2 prof)** | 1º/2º | 1º/2º | 1º/2 | 1º/2º | 1º/2º |
| **XIMNASIO (4 prof)** | Baixan os tres cursos de EI ao ximnasio con xogos das aulas | | | | |

## 2º CICLO e 3º CICLO

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| **ZONAS PATIO (4):**<br>BAÑOS/CUBERTO<br>PISTAS(2)<br>HERBA | Arcadio | Paula Iglesias | Paula Abalde | Estefanía | Mª José |
| | Cris Fariñas | Belén | Pablo Alonso | Juan Sanlés | Merchi |
| | Mª Goñi | Cris Torre | Marta PT | Mariló | Juan Gr. |
| | Diego | Diego | Diego | Diego | Diego |
| | | | | | |
| **LECTURA 3º A** | Arcadio, Paula Iglesias, Paula Abalde | | | | |
| **LECTURA 3º B** | | | | | |
| **LECTURA 4º A** | Estefanía, Mª José, Cris Fariñas | | | | |
| **LECTURA 4º B** | | | | | |
| | | | | | |
| **LECTURA 5º A** | Pablo Alonso, Belén , Juan Sanlés | | | | |
| **LECTURA 5º B** | | | | | |
| **LECTURA 6º A** | Merchi, Mª Goñi, Cris Torre, Marta PT; Mariló | | | | |
| **LECTURA 6º B** | | | | | |
| **LECTURA 6º C** | | | | | |
| **PROFESORADO DE GARDA PARA SUSTITUCIÓNS DE RECREO** | | | | | |
| | Paula Iglesias | Paula Abalde | Estefanía | Mª José | Arcadio |
| | Belén | Pablo Alonso | Juan Sanlés | Merchi | Cris Fariñas |
| | Cris Torre | Marta PT | Mariló | Juan Gr. | Mª Goñi |
| **ZONAS DE RECREO DE CHUVIA: o profesorado que fai o recreo dese día e o profesorado de garda de recreo repártense entre as zonas de recreo (cuberto) e as clases que quedan na aula** | | | | | |
| | Baixa 5º | Baixa 5º | Baixan 3º-4º | Baixan 3º-4º | Baixa 6º |

# ORGANIZACIÓN DO TEMPO DE RECREO: INFANTIL E 1º- 2º PRIMARIA

**Obxectivos do documento:**

1. Organizar a atención do alumnado en tempo de recreo, con especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
2. Distribuír a atención do profesorado por zonas de vixilancia e atención ao alumnado



## PRIMARIA (3º a 6º)

**Obxectivos do documento:**

1. Organizar a atención do alumnado en tempo de recreo, con especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
2. Distribuír a atención do profesorado por zonas de atención e vixilancia do alumnado

**ZONA DE RECREO DE 3º A 6º DE PRIMARIA**

A rotación de espazos será semanal e cada quenda poderá organizar a súa supervisión, cumprindo os obxectivos. O profesorado de E Física facilitará material de xogo para cada espazo.



# Quendas de biblioteca Curso 2023-24

As quendas de Biblioteca Escolar seguirán o seguinte horario:

Luns, mércores e xoves: de 16.00 a 18.00 horas ( estudo e empréstito)

Venres: de 16.00 a 18.00 horas ( empréstito)

Funcións do profesorado:

- Xestión e control da Biblioteca
- Control de acceso ao centro
- Dinamización e supervisión de actividades da ANPA

## GARDAS TARDE CURSO 2023/2024.

**Quenda habitual:** parellas (última Mónica/Mariló)

**Quenda venres.** 1 profe por orde de lista (último Pablo Gallego)

### Outubro 2023

| LUNS | | MARTES | | MÉRCORES | | XOVES | | VENRES | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | **LAURA MAT.**<br>**PAULA MON.** | 3 | | 4 | CRIS S.<br>NATALIA | 5 | ROSA<br>MARÍA COSTAS | 6 | JOSE ANTONIO |
| 9 | MONTSE<br>BEA AGULLA | 10 | | 11 | MANU<br>MAICA | 12 | | 13 | |
| 16 | LAURA FR.<br>RUBÉN | 17 | | 18 | JUAN<br>PAULA | 19 | MARIA JOSÉ<br>ESTEFANÍA | 20 | CRIS FARIÑAS |
| 23 | BELÉN<br>PABLO ALONSO | 24 | | 25 | MARÍA GOÑI<br>CRIS TORRE | 26 | MERCHI<br>PATRI | 27 | MANU |

### Novembro 2023

| LUNS | | MARTES | | MÉRCORES | | XOVES | | VENRES | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 30 | DIEGO<br>JUAN SANLÉS | 31 | | 1 | | 2 | MÓNICA<br>MARILÓ | 3 | ESTEFANÍA |
| 6 | **ARCADIO**<br>**NOELIA** | 7 | | 8 | **MARTA PT**<br>**PAULA PT** | 9 | PABLO<br>TAMARA | 10 | LAURA FREIRE |
| 13 | **LAURA GAR.**<br>**CRIS FAR** | 14 | | 15 | **MÓNICA**<br>**JOSE ANTONIO** | 16 | **LAURA MAT.**<br>**PAULA MON** | 17 | **TAMARA FREIRE** |
| 20 | **CRIS S.**<br>**NATALIA** | 21 | | 22 | **ROSA**<br>**MARÍA COSTAS** | 23 | **MONTSE**<br>**BEA AGULLA** | 24 | **PABLO GALLEGO** |

**Decembro 2023**

| LUNS | | MARTES | | MÉRCORES | | XOVES | | VENRES | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 27 | MANU<br>MAICA | 28 | | 29 | LAURA FR.<br>RUBÉN | 30 | JUAN<br>PAULA | 1 | PABLO ALONSO |
| 4 | MARIA JOSÉ<br>ESTEFANÍA | 5 | | 6 | | 7 | | 8 | |
| 11 | BELÉN<br>PABLO ALONSO | 12 | | 13 | MARÍA GOÑI<br>CRIS TORRE | 14 | MERCHI<br>PATRI | 15 | PAULA ABALDE |
| 18 | DIEGO<br>JUAN SANLÉS | 19 | | 20 | MÓNICA<br>MARILÓ | 21 | PECHADO | | |

# TRANSPORTE ESCOLAR

O centro conta con 3 liñas de transporte escolar para atender, preferentemente, a demanda do alumnado hipoacúsico da cidade de Vigo nun servizo organizado pola propia Consellería de Educación. Para facer uso do mesmo as familias deben cubrir e asinar un impreso de solicitude que entregan en Secretaría **ó comezo do curso**; debendo asinar ademais unha **autorización** se queren que o seu fillo/a poida marchar so dende a parada do autobús ata a súa casa. A relación do alumnado usuario, 66 ao comezar outubro, e datos básicos de contacto se lle entrega tamén ás empresas que realizan este servizo. No mes de abril faise unha reserva para prever os usuarios do seguinte curso escolar.

Hai 2 alumnos que contan con axudas individualizadas ao transporte.

O centro supervisa a realización do servizo e o cumprimento dos horarios, intentando sempre a adecuación dos mesmos ao horario lectivo. O profesorado encárgase de acompañar ao alumnado na subida e baixada dos autocares, pois é preciso cruzar a rúa. Salientar certos problemas de cumprimento na zona reservada aos autobuses que xa foron comunicados á Policia Local para a súa supervisión.

**LIÑA 1: A Guía – Camelias – Escultor Acuña. Autocares MOMBUS**

**Itinerario:** Sanjurjo Badía - García Barbón / Isaac Peral - Paseo de Alfonso XII - Camelias, 42-Camelias, 84/Álvaro Cunqueiro – Camelias – Colexio

**LIÑA 2: Meixoeiro- Avdo do aeroporto- Pizarro – colexio Empresa Lucho, S.L.**

**Itinerario**: Puxeiros – Avda. do Aeroporto, 129 – Avda. do Aeroporto, 9 - Avda do Aeroporto/ R Cantabria – Avda do Aeroporto/Jenaro de la Fuente – Pizarro – Bolivia – Gran Vía, 129 – Gran Vía/R do Carme - Colexio

**LIÑA 3: Navia – Avda Castrelos – Balaídos - Florida– Colexio Empresa Rías Baixas.**

**Itinerario:** Teixugueiras (Navia) – Padre Seixas -- Manuel de Castro -- Avda. Castrelos - Avda, Castrelos II - Portanet- Colexio

As tres empresas contan con acompañante e o centro ten organizadas quendas do profesorado para a atención e acompañamento dende e/ata os autocares, xa que hai moitos nenos de Infantil transportados e precísase atravesar a rúa. Está sinalado un corredor de acceso dende a porta principal á rampla para facilitar a saída deste alumnado transportado.

## QUENDAS DE APOIO: ENTRADA, TRANSPORTE, E SAÍDA – 1ºTRIMESTRE-

| CEIP ESCULTOR ACUÑA. CURSO 2023-2024<br><br>QUENDAS DE APOIO: TRANSPORTE, ENTRADA E SAÍDA | | |
|---|---|---|
| **EQUIPOS DE TRANSPORTE** | **PORTAS DE ENTRADA** | **APOIOS DE SAÍDA** |
| **RIAS BAIXAS**<br>• **Entradas**<br>Paula Abalde PT, Montse, Paula Montero,<br>• **Saídas**<br>Tamara, Pablo | **PRINCIPAL, RAMPA E CORREDOR**<br>Noelia, Marta, Arcadio , Cris Far. Laura Gr.<br><br>**PORTA ACCESO EDIFICIO**<br>Bea Agulla | **VESTÍBULO DO CENTRO**<br>Bea Agulla (vixiancia de alumnado de EI transportado entre 13 50 e 13 55) |
| **LUCHO**<br>Diego entradas,<br>Mónica saídas | **INCIDENCIAS e PUNTUALIDADE**<br><br>Mónica | |
| **MOMBÚS**<br>Juan Sanlés<br>Jose Antonio | **PATIO GRANDE**<br><br>Mariló, Patri | |

**Funcións do profesorado  transporte:**

- Transportar ao alumnado dende o autobús ata a porta principal do edificio escolar, xunto ao acompañante do transporte escolar.
- Comunicar calquera incidencia ao equipo directivo.
- Velar polo comportamento responsable do alumnado.

O alumnado entra no recinto escolar acompañado polo profesorado asignado e se dirixe aos patios cubertos onde fai filas coas titoras/es respectivos. Nas saídas o alumnado de 3 e 4 anos agarda no vestíbulo da entrada ata que saia o alumnado transportado dos diferentes cursos a cargo das profesoras de apoio de EI. A medida que van saindo os alumnos de transporte colócanse no porche cuberto de entrada, á espera de que cheguen os diferentes autobuses e as encargadas de autobús. Saen do recinto escolar acompañados polas encargadas de bus, coidadoras e o profesorado dos grupos de apoio que realizan a quenda de transporte nesa semana.

## SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Este é un servizo xestionado pola ANPA a través da Federación Olívica de ANPAS (FOANPAS). Funciona mediante un sistema de cátering servido este curso pola empresa **Cálidus**, á que a persoa encargada do comedor realiza diariamente a petición dos menús especiais que demanden as familias do alumnado. Dentro do Decreto de Comedores, Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación, establécese na **categoría C.1. Este curso a organización xa non está condicionada polo contexto COVID**.

Este servizo realízase todo o curso escolar entre as **14.00 e as 16.00 horas**, estando a atención do alumnado a cargo de monitoras designadas pola empresa que subministra os menús. A comida realízase en dúas quendas por motivos de aforo, puidendo ser o alumnado recollido nas zonas delitimitadas (patios cubertos de infantil e primaria), polas familias, en 2 franxas horarias (15:15 ou 15:45) acorde coas indicacións previamente realizadas polos pais. O número de monitoras do catering está fixado segundo unha ratio que figura no Convenio asinado entre a empresa e FOANPAS. Actualmente son **15 monitoras** as que coidan e realizan o servizo no tempo de comedor. Ase mesmo as ATEs (3), dependentes da Consellería de Educación, realizan a atención do alumnado con necesidades de atención educativa asociadas a discapacidade no tempo de comedor. Estas coidadoras teñen recoñecidas pola Instrucción 8/2017 do 30 de maio de 2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos o dereito a xantar no comedor e a realizalo conxuntamente co alumnado a atender. A designación do alumnado e os criterios de atención serán determinado pola Xefatura do Departamento de Orientación e á Xefatura de Estudos atendendo as necesidades e situacións sobrevidas ao longo do curso.

O alumnado asistente pode utilizar este servizo todos os dias ou de maneira ocasional (previo aviso). Entre o alumnado asistente figuran familias becadas polo Servizo de Benestar do Concello de Vigo. Tamén son subvencionados, neste caso pola propia Consellería de Educación, os alumnos xordos que utilizan o comedor. O número total de usuarios achégase arredor dos 170 (cunha media de 150 cada día), dispoñendo de menús veganos e vegtarianos e outros específicos para casos crónicos ou situacións puntuais.

O comedor escolar conta cun Plan de Funcionamento aprobado no curso 2007-08 e actualizado cada curso académico coa supervisión do Consello Escolar, na súa reunión inicial do curso. O control do funcionamento deste servizo e a súa supervisión económica anual corre a cargo do Consello Escolar.

En caso de falta de prazas establecerase unha lista de agarda cuns criterios que son dados a coñecer ás familias solicitantes ás que se lles entrega un documento de reserva de praza ou inclusión na lista de agarda no momento en que fan a solicitude. Dende o curso 2016-2017 existe unha Comisión Comedor- Centro Escolar que ten como obxectivo coordinar o bo funcionamento deste servizo. Ten tres reunións anuais ordinarios e, de ser o caso, reunións extraordinarias.

# PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E EVACUACIÓN DO CENTRO

**O Plan de Autoprotección** valora os principais elementos de seguridade e risco para a Comunidade Educativa e os procedementos de actuación para a prevención de posibles situacións de perigo que se poidan ir producindo.

O **CEIP ESCULTOR ACUÑA** está emprazado no número 10 da rúa A Estrada, da cidade de Vigo. Consta de tres andares: baixo, primeiro e segundo.

Pola súa zona Sur, acceso principal, linda cunha rúa bastante estreita e con moito tráfico, de sentido único (rúa Estrada). Paralela a esta rúa e a pouca distancia pasa unha avenida máis grande con un intenso tráfico e dunha elevada velocidade (Avda Castelao). Un elemento de risco consiste en atravesar a calzada para o alumnado transportado.

No seu entorno non se atopa ningunha empresa nin edificio que se dedique a actividades perigosas ou contaminantes.

Hai un valado metálico que circunda o centro pero non está pechado ao acceso visual dende a rúa.

O centro non está situado nunha zona considerada de leve risco de inundación por chuvia.

### Acceso ao recinto escolar

Accédese ao recinto escolar por lugares distintos:

- Unha porta permite o acceso peonil ao centro accionando o porteiro automático. É preciso baixar 18 escaleiras, podendo tamén acceder á rampla lateral.
- Outra porta, contigua á primeira, que dá acceso a rampla e permite o paso ao alumnado transportado e de vultos de maior tamaño.
- Porta do aparcadoiro. Dende este hai cancelas de acceso á entrada principal ,ao comedor e ao patio dos pequenos a través dunha rampla. (Habitualmente están pechadas. Abrese para servizos de entrega e recollida da comida do catering ao comedor)
- Unha terceira porta , ao final do centro, que facilita a entrada de vehículos e material ao patio principal por medio dunha rampla. (Habitualmente pechada)

### Distribución dos espazos

**Na planta baixa** están: as oficinas de equipo directivo e administración, sala de profesores, aula multisensorial e unha aula de apoio á alumnos con NEE (PT), biblioteca, aula de música departamento de orientación, de educación física, de plástica e aula de usos múltiples, de material de conserxería, gabinete de coidadoras, unha paxareira e baños para alumnado e profesorado. Con entradas exteriores independentes están o local da ANPA , o comedor e sala de caldeira de calefacción

**No primeiro andar** hai seis aulas de Educación Infantil (todas con servizo dentro), e seis aulas de primaria (1º, 2º, e 3ºA/B),cos seus baños externos correspondentes para alumnado e profesorado e varias zonas de almacén de material.

**No segundo andar** están cinco aulas para apoio de alumnos con discapacidades auditivas, dous gabinetes de audición e linguaxe e unha sala central do equipo de AL. Tamén hai unha aula para inglés, un gabinete de ILSE, unha aula para Relixión, dous de 4 º de primaria , tres de 5º e dous de 6º de

primaria. Ademais hai en todos os andares servizos para alumnado e profesorado e almacéns de material didáctico.

Pola parte **norte** do edificio escolar está o **ximnasio** que leva anexos servizos para nenos e nenas e almacén. Anexo ao ximnasio está o local do **comedor escolar**, cuns servizos utilizados tamén polo alumnado de Infantil nos recreos.

Na conserxería hai una Caixa de urxencias para primeiros auxilios. Un profesor do Equipo de Alerta Escolar encárgase de telo abastecido. Figuran alí teléfonos de urxencias e avisos de interese sobre tratamentos específicos que poida precisar algún neno/a. Na zona anexa á sala do profesorado hai un armario de reposicións de material sanitario. En Dirección está, convenientemente identificada, a medicación de urxencia do alumnado incluído no programa de Alerta Escolar-061. En cada andar hai un moble con material de primeiros auxilios e almacén para material de aseo persoal.

### Extintores

O colexio dispón de ***sete*** extintores, que se revisan ao principio de cada curso,

2 deles son de $CO_2$, distribuídos do xeito seguinte:

- Planta baixa: Un no arranque da escaleira esquerda de gas, outro na sala de caldeiras e un terceiro na entrada á biblioteca.
- Primeiro andar: un no descanso das escaleiras de gas e outro ó final do corredor da dereita da ala N.
- Segundo andar: un no descanso das escaleiras e outro ao final do corredor da dereita da ala S.
- Tamén hai dispositivos de extinción no comedor, ximnasio e sala de caldeiras.

### Luces de emerxencia

Hai unha serie de luces de emerxencia emprazadas do seguinte modo:

- Planta baixa: unha na columna do fondo do vestíbulo e outra encima da porta da biblioteca. Tamén se instalaron emerxencias sobre as portas de saída de todos os espazos.
- Primeiro andar: dúas nas escaleiras e catro ó comezo dos corredores das portas de saída de cada aula.
- Segundo andar: dúas nas escaleiras e catro o inicio dos corredores.Unha sobre cada porta das aulas.

### Sinalización

O centro dispón dunha serie de sinais verticais para identificar os extintores e as saídas de emerxencia. De cara o futuro tense intención de dotar das sinais horizontais que faciliten as saídas de emerxencias. Dado que o centro escolariza alumnado xordo, é necesario instalar sinalización visual para avisar de posibles situación de emerxencia ou ordes de desaloxo.

### Plan de evacuación

Farase, polo menos, unha evacuación de todo o colexio cada curso. Este curso académico 2022-2023 está prevista a súa realización no mes novembro..

Cando soe a sirena do megáfono os alumnos deixan as cousas como as teñen e forman axiña unha fila. O mestre/a comproba se están tódolos nenos e despois diríxese con eles ó patio. Alí volve a comprobar que están todos. Antes de saír as persianas deberán quedar baixadas. Cada profesor nomeará dentro da clase unha serie de responsables para facer cousas como: avisar ao alumnado noutras dependencias (baños, gabinetes, desdobres) baixar as persianas, pechar as xanelas, apagar as luces, axudar a algún neno con dificultade de mobilidade, etc. O profesor supervisará todo antes de saír.

É importante que se lles explique ós nenos a necesidade de manter a calma, de seguir os consellos que se lle dean. Insistirase na importancia de manter a calma e na axilidade do proceso.

O desaloxo iniciarase pola planta baixa. O alumnado que teña sesión no ximnasio quedará baixo a supervisión do profesorado de EF ( Haberá un profesor  que supervisará ao seu desaloxo  tras soar a sirena)

O profesorado que no momento do desaloxo non teña docencia directa ou garda, incorporarase de inmediato as tarefas de evacuación poñéndose nos puntos que faciliten a saída, principalmente nas escaleiras e nas portas de saída, para axilizar a operación.  No patio, cada titor farase cargo dos seus alumnos.Nomearanse 2 profesores por planta para que revisen os baños antes de rematar o desaloxo.

**A orde de saída e a seguinte:**

- Pola **escaleira da dereita** (visto dende a entrada principal) sairán:

  Nenos/as de 5, 4 e 3 anos (arrimados a parede ).

  Nenos/as de 1º   (arrimados ó pasamáns ).

  Nenos das aulas de xordos.

- Pola **escaleira da esquerda** sairán:

  Nenos/as de 2º e 3º e  4º  (arrimados á parede )

  Nenos/as de 5º , 6º e Xordos (arrimados ao pasamáns ).

Sairán todos para o patio grande, a zona de herba.

Cada titor constatará que están fora tódolos seus alumnos da titoría.

Unha vez que os responsables do desaloxo revisen o centro, volverase ás clases.

En horas de clase só poderán acceder as aulas e os corredores o profesorado, o alumnado e o persoal non docente que presta servizos no colexio.

É norma do centro que os alumnos/as de Educación Infantil e de Educación Primaria non poden abandona-lo colexio durante a xornada escolar, salvo que veña a recollelos algún familiar. Neste caso o responsable da recollida cubrirá e asinará a correspondente ficha situada na secretaría.

**VALORACIÓN DO MESMO**

Do último desaloxo realizado destacamos a rapidez con que se saíu do centro (2 minutos e medio) tendo en conta o número de alumnos e as súas idades.

Como aspectos a mellorar sinalamos a necesidade dun sistema de alarma por emerxencia máis eficaz (o desexable sería que contara con sinais acústicos e visuais facilmente recoñecibles dende calquera espazo do colexio), mellorar a supervisión do desaloxo das plantas polos encargados de cada unha e a orde na baixada dos alumnos (que se produza en orde e silencio) e o desaloxo de zonas con peor comunicación (gabinetes ou ximnasio).

.

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (ANPA) 2023-202

### Cadro de Actividades 2023/24:

| | LUNES | MARTES | MIÉRCOLES | JUEVES | VIERNES |
|---|---|---|---|---|---|
| INFANTIL | BAILE INFANTIL 16:00 – 17:00 | MULTIDEPORTE INFANTIL 16:00 – 17:30 | MÚSICA 16:00 – 17:30 | | INICIACIÓN ATLETISMO 16:00 – 17:30 |
| INFANTIL Y PRIMARIA | PATINAJE 16:00 – 17:30 | | TAEKWONDO 16:00 – 17:30 | G. RITMICA 16:00 – 17:30<br>CÓMIC 3º - 6º 16:00 – 17:30 | |
| PRIMARIA | | TEATRO 2º - 6º 16:00 – 17:30<br>FÚTBOL PRIMARIA 16:00 – 17:30 | | HIP-HOP 16:00 – 17:30 | BAILE PRIMARIA 16:00 – 17:00<br>BALONCESTO 16:00 – 17:30 |
| PRIMARIA | | LETTERING 3º - 6º 16:00 – 17:30 | | | PINTURA 1º, 2º Y 3º 16:00 – 17:00<br>PINTURA 4º, 5º Y 6º 17:00 – 18:00 |
| | SURF 16:00 – 19:00 | SURF 16:00 – 19:00 | | | |

Precio de las actividades socios
(cuota anual por familia 18€)

Baile 15€
Lettering 16€
Pintura 16€
Inglés E-Lingue 5% descuento socios Anpa
Resto Cocofante 16€
Surf 65€
Piscina del Carmen 35€/ cuatrimestre (1 día a la semana)
Hip-Hop 20€

**Cocofante :** as actividades ofertadas (Multideporte, Patinaxe, Fútbol, Atletismo/Iniciación ao Atletismo e Baloncesto)

Para formarmos cada grupo requírese un mínimo de 10 crianzas anotadas e o tope máximo será de 16 en Infantil e 20 en Primaria.

**AP Dance :** número de participantes nos grupos debe oscilar entre un mínimo de 5 e un máximo de 15 para Infantil e 20 para Primaria.

**Patos Surf :** cómpre acadarmos unha asistencia de 6 crianzas por día. O alumnado será recollido na entrada do colexio pola empresa ás 15.40h e entregado alí mesmo ás 19.00h.

Tanto o transporte coma o material xa van incluídos no prezo.

Para esta actividade deportiva é indispensábel que as crianzas asistentes saiban nadar. Non fai falla que sexan grandes nadadores/as mais si que saiban nadar.

**Checha Montenegro:** pintura para todas as idades. Faránse grupos en función da demanda. A actividade desenvolverase na Biblioteca do centro.

**Gabriela Pastoriza:** lettering, a realizar no comedor do centro.

**Manuel Pombal:** teatro para Infantil e Primaria

# NORMATIVA PARA O USO  DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

As instalacións do centro están reservadas para a realización de actividades lectivas no horario de clases (9 a 14 horas). O resto do tempo están abertas ao seu uso de acordo coas normas de uso que figuran no anexo desta PXA e seguindo a orde de prioridades alí sinalada:

1. Actividades organizadas polo profesorado, incluída a biblioteca en horario de tarde ( 16 a 18 horas)
2. Actividades xestionadas ou coordinadas pola ANPA (Espertar xogando, comedor, actividades extraescolares, competición deportivas ou celebracións)
3. Actividades impulsadas por asociacións veciñais, deportivas, culturais.

A cesión do uso será sempre previa solicitude e aprobación polo Consello Escolar e comunicado anualmente á Xefatura Territorial  Os solicitantes responsabilízanse da apertura e peche e do correcto uso das instalacións solicitadas e o resto de zonas ás que libremente se  pode acceder.



# PARTE 2:

## Proposta Didáctica

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO PARA O CURSO 2023-2024

Neste curso escolar remata a implantación da nova Lei educativa (LOMLOE) na etapa de Educación Infantil e Primaria.

1.- O C.E.I.P. Escultor Acuña ten como **obxectivos xerais** os que establece a LOE (Lei Orgánica de Educación ), a LOMLOE (Lei Orgánica para a mellora da LOE), a LODE (Lei Orgánica do Dereito á Educación) e as directrices da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para as etapas educativas que nel se imparten: E. Infantil (de 3 a 6 anos) e Primaria (de 6 a 12 anos). Os referentes normativos a nivel curricular son o Decreto 150/2022 do 8 de setembro) para Educación Infantil e o *Decreto 155/2022, do 15 de setembro* para Educación Primaria e as Ordes que os desenvolven, xa citadas con anterioridade.

Estes obxectivos adáptanse ás características e peculiaridades do Centro en documentos de obrigada referencia: o Proxecto Educativo de Centro (PEC), as Normas de Organización e Funcionamento (NOFC), o Plan de Convivencia, de Igualdade, Benestar e Dixital e as Programacións de Centro. Estes documentos son obxecto de continua revisión dacordo coas novas directrices lexislativas e a propia evolución do funcionamento do centro.

2.- O Departamento de Orientación do Colexio debe garantir que a **orientación** forme parte esencial da actividade educativa e que se estableza unha vía de asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias, que permita a detección temperá das dificultades e procurar darlle unha resposta educativa adecuada.

Alumnado con NEAE: Aplicar medidas de **reforzo educativo**, tanto dende a titoría como dos especialistas de Al e PT, e considerar a posibilidade de adaptacións curriculares naqueles casos que se consideren imprescindibles, sempre como unha decisión de carácter extraordinario, e axustada á normativa vixente. Ter como referencia tamén o cumprimento dos Protocolos correspondentes publicados pola Consellería (TDAH, TEA, diabete, etc...)

Cando se considere necesario o apoio específico farase fóra da aula de referencia do alumnado. Tomarase a decisión atendendo sempre ao criterio da mellor atención educativa para o alumnado e a dispoñibilidade de profesorado.

En calquera caso cómpre avaliar individual e permanentemente o modelo aplicado e adoptar as medidas necesarias para, se fose o caso, a súa modificación.

Ao comezar o curso apróbase o **Plan Anual de Orientación e o Plan de atención á Diversidade**. O Departamento de Orientación, ao longo do mes de setembro, realizou conxuntamente cosa titorías a avaliación e detección inicial de necesidades individuais e colectivas do alumnado co fin de axustar os Plans de Orientación e Diversidade.

O profesorado conta cun modelo de solicitude e comunicación ás familias para que o alumno/a que consideren convinte poida ser valorado polo Departamento de Orientación do centro. Esta avaliación inicial diagnóstica terá lugar, de ser posible, no mes de setembro.

4.- Seguir a facer a revisión das **Programacións Didácticas de Centro** por parte dos equipos docentes de nivel e incorporar aquelas modificacións que se consideren oportunas, seguindo as propostas da Comisión de Coordinación Pedagóxica e os criterios prescritos dende a Inspección Educativa. A aplicación PROENS será o espazo de elaboración das citadsa programacións.

5.-Avanzar na **participación** real dos diferentes sectores da comunidade educativa (profesorado, alumnado, nais/pais, persoal non docente) na vida escolar, e moi especialmente a través do Consello Escolar.

Así mesmo, afondamos nas relacións escola-familia, a través de contactos frecuentes, de carácter individual ou colectivo (reunións de familias no inicio do curso nas distintas titorías), e outras estratexias que permitan conseguir este obxectivo. Insistir en que a comunicación coas familias debe comezar sempre polo titor. A Comisión de Coordinación Pedagóxica actualiza, cada curso académico, un guión conxunto para tratar en todas as reunións iniciais. Esta previsto activar, neste curso académico 2023-20243, un servizo de asesoramento ás familias, mediante charlas e obradoiros de temas sobre educación e xestión familiar.

6.- Para mellorar a **convivencia** este curso continuaremos traballando o respecto á diversidade. O obxectivo é que a reflexión sobre este valor nos axude a descubrir, valorar e potenciar as actitudes e comportamentos respectuosos de todas as persoas da comunidade educativa. Ë prioritario difundir a todos os sectores da comunidade Educativa o **Plan de Convivencia.**

7.-.Este curso seguimos ofertando a **área de Ligua Francesa** dende 1º a 6º de Primaria, mantendo a elección de lingua estranxeira de anteriores cursos. A pretensión do equipo directivo, conxuntamente co equipo docente, é impulsar esta vía de plurilingüismo e de achegamento á cultura europea. Tamén contamos con **Seccións Bilingües** en 1º e 2º de Primaria, impartindo en Inglés a Plástica destes niveis.

8.- Implicar á comunidade Educativa na **conservación da Natureza**. Á consecución deste obxectivo está enfocado á nova comisión do **Medio Ambiente** que amplía os obxectivos da anterior comisión de Horto. reciclaxe, uso responsable da auga, cultivo ecolóxico, biodiversidade, creación de hábitos que conduzan á mellor conservación e limpeza do espazo escolar, e de forma especial dos patios de recreo. Este ano desenvolvemos de novo un proxecto Voz Natura.

9.- Fomentar e apoiar a utilización da páxina web como vía de comunicación e elemento dinamizador das **novas tecnoloxías** para a comunidade educativa. Potenciarase o uso da Aula Virtual como recurso para que o profesorado acceda a información e documentos do centro. Impulsarase tamén o uso da aplicación Abalarmóbil como medio de comunicación entre o profesorado e coas familias. Estas accións estarán baixo a programación do noso Plan Dixital.

10.- Converter a **Biblioteca Escolar** no centro de dinamización cultural da nosa escola. Este curso todo o centro traballará o Proxecto Documental Integrado arredor da temática de ¨As culturas do noso mundo". Potenciarase o novo blog da biblioteca. Este espazo foi testigo no pasado curso dunha fonda reforma facéndoa máis grande, diversa e accesible, para concretar o noso proxecto educativo.

11.- Analizar e revisar a marcha do centro á vista dos resultados das **avaliacións internas e das Avaliacións Diagnósticas**, adoptando Plans e Accións de Mellora. Continuaremos mellorando a cultura avaliativa do centro facéndoa máis criterial e competencial, continuando coa recollida de información máis precisa e completa de cada alumna/o ao rematar cada curso.

12.- Contar cun plan continuo de **formación interna** no propio centro, facilitando ao profesorado unha formación próxima e axeitada ás súas demandas que sirva ademais para fomentar a convivencia e o traballo conxunto entre o profesorado. Este ano está previsto o seguimento do PFPP que centrará os traballos na nosa formación dixital (Polos Creativos) .

13.- Participar en convocatorias dos Contratos Programa que recollen o traballo que xa se está a realizar no centro nos eidos da diversidade, o medio ambiente ou o consumo responsable.

14.- Poñer de manifesto ante a administración educativa (Inspección, Comisión de Escolarización, EOE, Xefatura Territorial...) o actual perigo de que o CEIP Escultor Acuña se estea a converter nun centro de NEE. Dende o Claustro e o Consello Escolar defendemos a educación integradora , sen segregacións que poderían derivarse dunha excesiva desproporción de ANEAE. Esta integración precisa medios materiais e persoais (profesorado e coidadoras) que estes últimos anos estanse mostrando insuficientes. Precisamos que estes temas non resten, ano tras ano, os esforzos que o equipo directivo e o Departamento de Orientación deben dedicar á planificación do traballo docente e organizativo.

## COMEDOR ESCOLAR

O Equipo Directivo velará polo correcto funcionamento deste servizo, cumprindo o Regulamento de funcionamento anual aprobado polo Consello Escolar e que recolle o proceso de reserva de praza e nova admisión. O Consello Escolar supervisa tamén a súa xestión económica. Existe unha comisión Equipo Directivo-ANPA que realiza un seguimento do funcionamento deste servizo .

Funciona todos os días lectivos cun servizo de cátering a través da empresa ARUME. Trátase dunha actividade organizada e xestionada pola ANPA dacordo coas directrices marcadas pola Federación de ANPAS do concello de Vigo (FOANPAS).

## ESPERTAR XOGANDO

Trátase doutro servizo tamén organizado e xestionado pola ANPA do colexio para que os pais poidan deixar os nenos máis cedo e facilitar a conciliación da vida escolar e laboral. O seu horario é de 7:45 a 9:00h da mañá É atendido por dúas coidadoras contratadas pola ANPA.

# CONCRECIÓN  E ACTUALIZACIÓN DO PEC 2023-2024

O **Proxecto Educativo de Centro (PEC)** é o documento de referencia dos centros educativos, tanto nos aspectos de organización didáctica coma no proxecto pedagóxico e curricular. Resulta polo tanto imprescindible a súa permanente posta ao día e actualización.

Dentro da permanente revisión dos documentos do centro, engádense tamén ás Normas de Organización ,Funcionamento e Convivencia. Está previsto poner á disposición do Claustro e Consello Escolar a nova redación das NOFC ao longo do primeiro trimestre e formalizar a súa aprobación no inicio do segundo trimestre.

Para o presente curso académico 2023-2024 o esforzo de actualización vaise centrar en dous documentos:

- Deseño xeral do novo PEC, adecuada á nova normativa LOMLOE e o seu desenvolvemento
- Elaboración de programacións didácticas de centro adecuadas á LOMLOE nos cursos 2º. 4º e 6º de Primaria.

# EDUCACIÓN INFANTIL

## 1. EQUIPO DOCENTE DO NIVEL

O equipo docente de educación infantil durante o curso 2023/24 está constituído polas seguintes mestras:

### TITORAS

4ºA – Laura Mateos Alonso

5ºA – María del Carmen Comesaña Rodríguez (sustituta de Cristina Sueiro López)

5ºB –Natalia Villanueva Rey

6ºA – Rosa Mª Cameselle Fernández

6ºB – María Costas Losada

### APOIOS

- Montserrat Pérez Vázquez
- Beatriz Agulla Iglesias
- Paula Montero González

### ESPECIALISTAS

INGLÉS: Mónica Otero Bouzada, Laura Mateos Alonso

RELIXIÓN: Juan Iglesias Sanlés

A.L.: Tamara Freire Chana, Arcadio Rodríguez Vázquez, Laura Garmilla Mancho

PT: Paula Abalde González

COORDINACIÓN do equipo docente: Rosa María Cameselle Fernández

## 2. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES A PROMOCIONAR NO CURSO 2022-2023

### Competencia en comunicación lingüística:

o Escoitar coa atención e o interese preciso segundo os requisitos da situación e do contexto.

o Aumentar a riqueza en vocabulario específico que lle permitirá falar sobre si mesmo, expresar ideas e sentimentos de forma apropiada e expresarse co xesto e o movemento mediante a linguaxe corporal.

o Traballar a comprensión de mensaxes orais, facendo fincapé na necesidade de manter unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

o Favorecer o achegamento á lingua escrita, valorándoa como medio de comunicación, información e gozo, presentando na aula situacións significativas, tanto de lectura coma de escritura, con diferentes finalidades.

o Iniciarse na practica dos diálogos críticos e construtivos como medio de interacción cos demais.

### Competencia plurilingüe:

o Achegarse á L.S.E. como lingua integradora na nosa comunidade educativa

o Iniciarse no contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nos nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico.

o Promover o diálogo e a convivencia democrática en situación significativas

### Competencia matemática e competencia en ciencia , tecnoloxía e enxeñería (STEM):

o Achegarse ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos.

o Resolver sinxelos problemas da vida cotiá, para o que se fai necesario formular hipóteses, buscar alternativas, solucións, novas posibilidades e anticipar consecuencias e para cuxa resolución pode ser preciso aplicar operacións, como engadir, quitar, repartir, medir, ordenar...

o Aplicar os principios e procesos matemáticos en diferentes contexto e en situacións reais, reflexionando sobre os diferentes resultados.

o Decatarse da necesidade e importancia das investigacións científicas e valorar na xusta medida o coñecemento científico.

o Iniciarse no aprecio polo medio ambiente e na adquisición de hábitos saudables convidando a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima.

### Competencia dixital.

o Iniciarse no proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais.

### Competencia persoal, social e de aprender a aprender

o Iniciarse no recoñecemento, na expresión e no control progresivo das súas propias emocións e sentimentos e que avancen na identificación das emocións e dos sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía.

o Descubrir unha contorna diferente á familiar, na que se experimenta a satisfacción de aprender en sociedade, mentres se comparte a experiencia propia con outras persoas e se coopera con elas de forma construtiva e autónoma.

Resolver os conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

### Competencia cidadá

o Relacionarse cos demais de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

o Valorar positivamente e respectar as diferenzas, aceptando a identidade e as características das demais persoas e evitando actitudes discriminatorias.

o Apreciar e valorar o que os rodea, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

○ Fomentar un compromiso activo cos valores e coas prácticas da sustentabilidade e do coidado e a protección dos animais.

### Competencia emprendedora

o Estimular a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe para favorecer o pensamento estratéxico e creativo.

### Competencia en conciencia e expresións culturais

o Estimular a partir do achegamento e estudo ás manifestacións culturais: festas, costumes, vivenda, vestido, gastronomía, pautas de vida e a valoración da súa diversidade.

o Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade a través das distintas linguaxes e formas artísticas.

## 3. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO DIDÁCTICO E METODOLÓXICO PROPOSTO. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **ORGANIZACIÓN**

Na primeira reunión de Educación Infantil marcáronse as pautas a seguir na elaboración deste plan de traballo para o presente curso escolar.

o Acordouse mercar unha selección de libros (un por neno/a), a metade en galego e a outra metade en castelán para os itinerarios lectores.

o Preparar a reunión de comezo de curso coas familias, así como das posteriores que sexa preciso realizar, fixando criterios uniformes para toda a etapa, sempre de acordo coas normas do centro, o Plan de Traballo e a Metodoloxía.

o Levar a cabo reunións periódicas cos profesoras/es de A.L, PT, Especialistas e Orientadora para facer un seguimento do alumnado.

o Participar nas diferentes conmemoracións educativas que se celebran no colexio . Traballaranse a nivel de aula as conmemoracións marcadas no calendario escolar e a nivel de centro especialmente as seguintes: Samaín-Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas.

o Coordinar os recursos didácticos existentes para poder aproveitalos mellor promovendo o intercambio dos mesmos entre as diferentes aulas.

o Revisar e recompilar materiais didácticos e pedagóxicos que nos permitan o intercambio de experiencias para adecuar as programacións ao novo curso así como os criterios de avaliación das mesmas.

o Participar nos proxectos e actividades propostas polas diferentes comisións do centro (BiblioTAC, Dinamización Lingüística, Actividades complementarias, formativas extraescolares, Benestar e Igualdade e Medio Ambiente), integrando na medida do posible esas actividades nas programacións de aula.

o Promover máis actividades conxuntas de todo o ciclo e a posibilidade de facer algún obradoiro ou actividade na que se mesturen os nenos/as do mesmo nivel ou incluso dos distintos niveis.

o Repartir os apoios para as diferentes clases. As súas tarefas principais será apoiar ás cinco unidades que existen neste centro de Educación Infantil e o seu traballo consistirá en:

✓ Dúas sesións de psicomotricidade para todos os niveis.
✓ Unha sesión semanal de música para todos os niveis
✓ Unha sesión semanal de arte para todos os niveis

O resto das horas das mestras de apoio repartiranse entre as diferentes aulas, priorizando ás que presenten maior necesidade polas súas características.

(Unha das mestras comparte titoría coa mestra de 4º e completa o seu horario co apoio a outro nivel)

EUCACIÓN MUSICAL E PLÁSTICA.

Tal e como estable o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia a finalidade da Educación Infantil (EI) é contribuír o desenvolvemento integral e armónico do alumnado en todas as súas dimensión, entre elas a artística.

Entre os obxectivos xerais de etapa atopamos:

- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

o que sostén a ensinanza destas artes.

Tendo presente que as ensinanzas desta etapa educativa son ámbitos de experiencia profundamente relacionados entre si, conxugaranse ambas linguaxes en propostas estimulantes e que teñan interese e significado para os nenos e as nenas.

A educación musical e plástica levaranse a cabo a través de experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, así como na experimentación e o xogo.

Impartirase unha sesión de educación musical e outra de educación plástica á semana.

En canto a educación musical alternaranse actividades de ritmo e movemento con experimentos, explorando as posibilidades sonoras do propio corpo e dos obxectos da vida cotiá.

A educación plástica fusionarase coa musical nun obradoiro denominado "pintamos a música" onde os nenos e as nenas explorarán coa creatividade, a imaxinación e a expresión de sentimentos.

PSICOMOTRICIDADE

Impartiranse dúas sesións semanais a cada grupo na aula de psicomotricidade.

As actividades programadas irán encamiñadas a acadar o coñecemento do propio corpo, as súas posibilidades de acción, adquirindo progresivamente unha maior autonomía que favoreza habilidades no movemento e nas distintas formas de expresión, tal e como recollen os obxectivos xerais de etapa.

As propostas que se levarán a cabo serán:

- Circuítos motores.
- Ioga e actividades de mindfulness e de relaxación creativa.
- Instalacións ou ambientes lúdicos.
- Actividades para o fomento da estimulación e integración sensorial.

- **PLAN DE ADAPTACIÓN**

Os obxectivos deste programa de adaptación son:

o Propiciar un bo achegamento dos nenos e nenas que se incorporan por primeira vez ao centro.

o Facilitar o coñecemento e as relacións dos alumnos/as entre eles e entre os profesores/as.

o Poder atender de forma adecuada ás necesidades de apoio, afecto e seguridade que manifestan os alumnos/as nos primeiros días de escola.

A continuación adxuntamos proposta cos horarios e grupos establecidos para levar a cabo o citado período de adaptación.

<table>
<tr><th>HORA/DÍA</th><th>LUNS 11</th><th>MARTES 12</th><th>HORA/DÍA</th><th>MÉRCORES 13</th><th>XOVES 14</th><th>HORA/DÍA</th><th>VENRES 15</th></tr>
<tr><td>9.15-10.15</td><td>A</td><td>A</td><td rowspan="2">9.15-11.00</td><td rowspan="2">A-B</td><td rowspan="2">A-C</td><td rowspan="4">9.15-12.45</td><td rowspan="4">A-B-C-D</td></tr>
<tr><td>10.20-11.20</td><td>B</td><td>B</td></tr>
<tr><td>11.35-12.35</td><td>C</td><td>C</td><td rowspan="2">11.30-13.15</td><td rowspan="2">C-D</td><td rowspan="2">B-D</td></tr>
<tr><td>12.40-13.40</td><td>D</td><td>D</td></tr>
</table>

A partires do Luns 18 o horario será igual ao resto do alumnado de 9.00 a 13.50h.

- **METODOLOXÍA**

Usaremos como eixe principal da nosa metodoloxía a globalización, entendida esta como un plantexamento interdisciplinar, no que as diferentes áreas xiran ao redor dun tema para que poda haber un contacto coa realidade que rodea aos alumnos/as que nos permita espertar neles/as un interese e unha motivación axeitada. Así teríamos un desenvolvemento global da persoa a todos os niveis: social, cognitivo, intelectual, afectivo, motriz e de inserción social.

Pretendemos que as súas aprendizaxes sexan significativas de xeito que todos os coñecementos se apoien nos anteriores, nas súas experiencias previas, o que implica o uso dunha metodoloxía activa e dende unha perspectiva construtivista para conseguir que os nenos e nenas sexan os protagonistas das súas propias aprendizaxes e adquisicións e que estes poidan ser integrados na súa estrutura cognitiva por ser motivadores, por ter ese contido significativo e porque se apoian nos coñecementos previos, e dicir , unha metodoloxía baseada no traballo por proxectos.

Fomentaremos tamén o traballo baseado na necesidade do/a neno/a de achegarse a situacións e contextos novos, de exploralos, de manipular e estudar os obxectos. O xogo será o motor da canalización significativa da maior parte das aprendizaxes, ao constituír a actividade natural do alumno.

Tentaremos integrar a experimentación e a observación tanto directa como indirecta, xa que o neno necesita partir da súa propia realidade para coñecer e representar a realidade que o rodea. A observación, manipulación e experimentación dos obxectos no seu propio contorno posibilitará o coñecemento das súas posibilidades de acción e o espertar do desenvolvemento dos seus sentidos.

Para axudar a conseguir isto na aula distribuímos os espazos segundo criterios de flexibilidade, dinamismo e elasticidade, para dar resposta ás necesidades de aprendizaxe, imaxinación, exploración, observación e fantasía dos alumnos e das alumnas.

A clase é un ámbito de apertura cara aos demais e ao entorno e actúa como eixe socializador con compañeiros e compañeiras. Unha óptima organización do espazo e o desenvolvemento de actividades colectivas favorecen a interacción social, ó tempo que facilitan destrezas de traballo individual.

A disposición do espazo facilita a observación directa dos nenos e nenas, e tamén se poderán valorar as súas actitudes, hábitos, valores, o modo en que cumpren as normas, os seus coñecementos previos, os progresos alcanzados, as lagoas de aprendizaxe, a súa capacidade para colaborar e participar...

As clases están divididas en recunchos que nos parecen máis atractivos para as nenas e nenos e que ao mesmo tempo axudan a desenvolver o xogo simbólico, tan necesario para representar situacións mentais reais ou ficticias. Os recunchos permiten aprender de forma lúdica e por experimentación directa.

- **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

No ciclo de Infantil adóptanse estratexias que garanten unha adecuada atención a cada un dos nenos/ as, adaptando deste xeito o proceso de ensino-aprendizaxe aos distintos ritmos, características, necesidades e peculiaridades dos/as pequenos/as.

Tales estratexias consisten na modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptándose aos ritmos individuais de cada alumno/a e adecuación da axuda pedagóxica; a adecuación da metodoloxía e das actividades ás diferentes necesidades do momento e necesidades individuais.

A atención á diversidade alcanza o seu pleno sentido no marco de atención a Alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Durante o curso 23/24 atópanse matriculados en E.I. varios nenos e nenas con necesidades educativas especiais

- 2 nenos/as TEA.
- 1 neno con hipoacusia.
- 2 nenos/as con retraso xeral do desenvolvemento.
- 1 nena con retraso da linguaxe/TEA
- 1 neno con retraso madurativo

As especialistas de Audición e Linguaxe atenden a estes nenos e nenas que temos escolarizados con deficiencias auditivas e tamén a aqueles rapaces que necesitan mellorar a súa competencia comunicativa empregando Sistemas Alternativos ou Aumentativos de Comunicación e estimulando a linguaxe oral (comprensión e expresión).

As especialistas en Pedagoxía Terapéutica atenden os/as nenos/as que temos escolarizados con TEA e outros trastornos do desenvolvemento.

En ambos casos, e dependendo do alumnado, as sesións faranse tanto dentro da aula, co fin de facilitar a súa integración social e autonomía no grupo, coma fóra da mesma para reforzar dificultades máis específicas.

Manteremos coas familias dos nenos e nenas de necesidades educativas especiais una comunicación fluída e frecuente, xa que o intercambio de información con elas será fundamental dentro do traballo diario.

Coordinarémonos as titoras e os/as diferentes especialistas do centro periodicamente e, en todo caso unha vez ao trimestre ou sempre que sexa preciso. Realizaremos tamén xuntanzas e entrevistas cos especialistas externos que estean a atender aos nosos alumnos e alumnas.

Dende educación infantil tentaremos revisar co departamento de Orientación os criterios de atención do alumnado con necesidades educativas especiais en base a existencia de informes psicopedagóxicos dos mesmos, xa que nos parece que unha intervención temperá, pode diminuír as dificultades de aprendizaxe que presentan.

Salientar que, debido ao ingreso de novos alumnos/as con necesidades educativas especiais en todos os niveis, parécenos indispensable contar con máis persoal especializado (docente e non docente) para poder atendelos correctamente.

## 4. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. PROBAS EXTERNAS. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE

### AVALIACIÓN DOS/AS ALUMNOS/AS

Tendo en conta o Decreto 150/2022, do 8 de setembro no que se establece o procedemento para a avaliación inicial e os criterios de valoración do desenvolvemento e dos aprendizaxes do alumnado, realizarase una **avaliación inicial** onde se recollerá a información ofrecida polos pais, polos informes médicos e psicolóxicos, se é o caso , pola observación directa na aula e polo grao de desenvolvemento do neno/a no contorno que o rodea.

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa, sendo a principal técnica do proceso avaliador a observación directa e sistemática. Será global, tendo como referente o conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais, logo de seren adecuados ao contexto socioeconómico e cultural do centro e ás peculiaridades do alumnado, a través do proxecto curricular. Será continua, formando parte do proceso educativo e orientada a proporcionar aos mestres de xeito permanente a información sobre o seu proceso de ensino e o proceso de aprendizaxe dos alumnos, sendo o seu referente a programación didáctica e permitindo axustar a intervención educativa, tendo deste modo un carácter formativo.

Ao rematar o curso levarase a cabo unha avaliación final a partir dos datos obtidos no proceso de avaliación continua, na que aparecerán os datos recollidos ao longo do curso sobre o proceso educativo e que nos dará unha valoración dos progresos que cada neno/a foi conseguindo.

A avaliación na Educación Infantil expresarase en termos cualitativos, consignándose, en cada caso, as capacidades desenvolvidas. Cada alumno disporá dunha folla de avaliación persoal, onde se lle irá recollendo o dominio das diferentes competencias, o seu nivel de desenvolvemento, así como o grao e tipo de axuda que necesita.

Ao final da etapa realizaremos un informe no que reflectiremos diferentes aspectos evolutivos dos alumnos/as.

### COMO O FAREMOS?

Para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumno utilizaremos os seguintes métodos:

Recolleita de información concreta nos diferentes ámbitos nos que se move o neno/a: familia, escola e entorno.

A.-Observación directa.

B.-Entrevistas e reunións.

C.-Diálogos e cuestionarios orais.

D.-Análise de expresións plásticas, dramáticas, musicais, orais e escritas.

### DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Empregaremos os seguintes:

A.-Informe de avaliación inicial.

B.-Informe trimestral, persoal e directo para os pais.

C.-Informe final de ciclo.

D.-Informe final de etapa.

E.-Resumo da escolaridade do segundo ciclo de Educación Infantil.

## AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE.

Esta avaliación, terá tamén un carácter continuo e formativo e incluirá referencias a aspectos tales como:

1. A organización da aula.
2. O aproveitamento dos recursos do centro.
3. A relación entre profesor e alumnos.
4. A relación familia- centro.
5. A relación entre profesores.
6. A convivencia entre alumnos.
7. Funcionamento do centro.
8. Funcionamento dos equipos de profesores e profesoras.
9. Materiais que se utilizan.
10. Adecuación dos obxectivos ó grupo.
11. Coordinación cos responsables implicados.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN NAS DISTINTAS ÁREAS CURRICULARES

Os criterios de avaliación para o ciclo de Educación Infantil e, por conseguinte, referentes para a promoción do alumnado serán os seguintes:

| COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE | CRECEMENTO EN HARMONÍA | DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA |
|---|---|---|
| 1. Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo | 1.Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento. | 1. Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. |
| 2. Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos. | 2. Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións. | 2. Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información. |
| 3. Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza. | 3. Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | 3. Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás. |
| 4. Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | 4. Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. | 4. Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. |
| 5. Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios | 5. Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas. | 5. Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el. |
| 6. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | 6. Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás. | 6. Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna |
| 7. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | 7. Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas. | 7. Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. |
| 8. Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa. | | |
| 9. Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e | | |

| | | |
|---|---|---|
| ferramentas dixitais. | | |

## 6. MODELO DE TRABALLO EXTRAESCOLAR E COLABORACIÓN FAMILIAR

É imprescindible que ademais da tarefa docente dentro da aula, o centro educativo estea en permanente contacto tanto coas familias coma co resto da comunidade do centro.

Ao inicio de curso, levarase a cabo unha xuntanza con todos os pais e nais de cada titoría, co fin de dar a coñecer as liñas básicas de programación, a metodoloxía, criterios de avaliación e aspectos organizativos tanto do centro coma da clase. O resto do curso, realizaranse aquelas outras que o titor e o grupo de profesores de cada titoría consideren oportunas.

Así, establécese o horario de atención a pais os martes de 16 a 17 horas, e dentro desta titoría trataranse coa familia todos os aspectos de interese sobre a marcha académica do alumno, ou sobre calquera outra cuestión que desexen consultar. Ademais, o profesorado poderá reclamar a presenza dos pais e nais sempre que o consideren oportuno, para favorecer a plena integración do alumnado, e mellorar posibles problemas académicos ou de comportamento que xurdan ó longo do curso.

En educación infantil, os traballos extraescolares serán sempre de carácter voluntario, xa que para realizalos deben contar coa axuda das familias. Consistirán en:

A.-Ler un conto durante a fin de semana

B.-Realizar pequenos murais ou traballos para expoñer algún tema en concreto

C.-Aportar e traer puntualmente información sobre o tema a traballar.

Tendo en conta que familia e escola teñen funcións complementarias, será por medio da cooperación, do diálogo e a axuda mutua que ambos axentes lograrán o desenvolvemento das súas función de xeito adecuado.

## 7. SAÍDAS EXTRAESCOLARES E XUSTIFICACIÓN DIDÁCTICA

As saídas extraescolares son fundamentais para achegar ao alumnado as aprendizaxes baseadas na observación directa e na experimentación de diferentes sensacións, por iso parécennos un apoio e unha axuda fundamental para levar a cabo as programacións didácticas.

Co fin de complementar o proceso de aprendizaxe, desenvolver a creatividade, un espírito crítico, actitudes participativas, de compañeirismo, de cooperación e de solidariedade, e en todo caso, para garantir unha aprendizaxe baseada no contacto e coñecemento do propio entorno, a programación docente debe completarse con aquelas experiencias que se producen fóra do centro escolar, e que permiten unha aprendizaxe interactiva co medio que nos rodea.

As saídas a realizar polo alumnado de educación infantil fóra do contexto escolar estarán relacionadas cos contidos que forman parte do currículo deste ciclo e consistirán en:

o Saídas ao entorno máis próximo para observar en parques, montes e paisaxe de costa os cambios da natureza nas distintas épocas do ano.

o Saídas de carácter cultural a museos, exposicións, audicións, teatro, contacontos, cine, teatro...

o Visitas a entidades e centros de traballo relacionados coas distintas profesións que neles se realizan

o Saídas a lugares onde se poidan observar as características dos seres vivos, tales como acuarios, granxas, zoolóxicos...

Tendo en conta todo o anterior, para este curso 2023/24, temos xa previstas e programadas as seguintes saídas:

- ✔ Illas Atlánticas
- ✔ Museo Liste
- ✔ Castrelos
- ✔ Afundación
- ✔ Fundación Sales
- ✔ Muíños do Barosa
- ✔ Alados

## 8. FORMACIÓN PROFESIONAL DO PROFESORADO

Ademais dos cursos que cada mestra ten solicitados nos centros de formación de recursos, parécenos interesante a continuidade dalgunha charla formativa no centro.

Tamén contamos co Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).

# EQUIPO DOCENTE DO PRIMEIRO NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

## 1.- INTRODUCIÓN AO CONTEXTO DO INICIO DE CURSO:

Este nivel céntrase na adaptación do alumnado a un ciclo e etapa educativa diferente despois de 3 cursos en Infantil con dinámicas e metodoloxías de traballo diferentes. Ademais centrámonos na cohesión dos grupos tras mesturarse, para facilitar o coñecemento interpersoal e mellorar o traballo coopertativo.

## 2.- EQUIPO DOCENTE DO NIVEL:

| | |
|---|---|
| María del Carmen Corbal López | 1º A |
| Manuel Díaz Congil | 1º B |

### ESPECIALISTAS

| | |
|---|---|
| Patricia Comesaña Estévez | Mestra de Música e Danza |
| Manuel Díaz Congil | Mestre de Educación Física e Arts |
| Mónica Otero Bouzada<br>María Estefanía Fernández Varela | Mestra de Inglés<br>Mestra de Francés en 1º B |
| José Antonio Feal Baliño | Mestre de Lingua Galega en 1º B |
| Tamara Freire Chana | Mestra de Audición e Linguaxe |
| María del Carmen Corbal López | Mestra de Proxecto Competencial |
| Juan Santiago Iglesias Sanlés | Mestre de Relixión Católica |

## 3. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES A PROMOCIONAR NO CURSO 2023-2024. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PREFERENTES

No primeiro nivel de Educación Primaria e ao longo do curso escolar, traballaremos todas as competencias clave e os criterios específicos que marca o DECRETO 155/2022, de 15 de septiembre, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidae Autónoma de Galicia.

A continuación indicamos a relación das competencias clave cos seus indicadores e descritores:

| COMPETENCIA | INDICADORES | DESCRITORES |
|---|---|---|
| Comunicación lingüística | Comprensión oral e escrita | Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos… Desfrutar coa lectura |
| | Expresión oral e escrita | Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información. |
| | Normas de comunicación | Respectar as normasde comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor… |
| Competencia plurilingüe | Emprego das linguas nas que está escolarizado o alumn@. | Emprega polo menos unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas sinxelas e previsibles, de forma adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como ás situacións e contextos cotiáns do ámbito persoal, social e educativo |
| Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía | Vida saudable | Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e o exercicio físico. |
| | Manexode elementos matemáticos | Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos en situacións cotiás. |
| | Vida saudable | Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e o exercicio físico. |
| Competencia dixital | Utilización de ferramentas dixitais | Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento |
| Competencia persoal, social e de aprender a aprender | Perfil de aprendiz | Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. |
| Competencia cidadá | Relación cos demais | Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situación de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. Recoñecer a riqueza na diversidade de opinión e ideas. |
| Conciencia e expresións culturais | Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas | Valorar a interculturalidade como una fonte de riqueza persoal e cultural |
| Competencia emprendedora | Autonomía persoal | Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. Ser constante no traballo superando as dificultades |

Imos desenvolver no noso nivel proxectos nos que se concretarán algunhas das competencias e os indicadores reseñados. Para traballar a expresión oral, levaremos a cabo exposicións trimestrais cos seguintes temas:

- 1º Trimestre: As culturas do mundo.
- 2º Trimestre: O meu animal favorito.
- 3º Trimestre: Unha receita de cociña.

4. GRUPOS EDUCATIVOS. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO DIDÁCTICO E METODOLÓXICO PROPOSTO. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A proposta curricular neste nivel realizarase a través de situacións de aprendizaxe, partindo da curiosidade do alumnado e os seus intereses. Traballaremos de forma individual, en parellas e por equipos. Para desenvolver os proxectos de expresión oral e escrita solicitaremos a colaboración das familias. Como apoio utilizamos libros e cadernos, libreta, material da biblioteca, ferramentas TIC e material multidisciplinar de aula (letras magnéticas, regletas, policubos, bloques lóxicos, mesa de luz, puzzles, xogos de mesa, etc.). Nesta proposta curricular consideraremos as características do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) dando especial importancia ao traballo combinado cos especialistas.

Haberá espazos para colocar o material e espazos por recunchos, exposición ou traballos de equipo. O alumnado asumirá certas responsabilidades por quendas, como @s encargad@s de aula que irán rotando. Traballaremos tamén fora da aula utilizando diferentes zonas do centro: horto, biblioteca, patios… nos horarios establecidos polas diferentes comisións. A distribución das aulas é por equipos aplicando a metodoloxía de Aprendizaxe Cooperativa.

No tocante ao desenvolvemento da lectoescritura e da competencia lingüística, mantemos as iniciativas do curso pasado como: "Lecturas na casa", "Tarefas no fogar" e preparación das "Exposicións orais". A 1ª delas baseáse na lectura de libros para empréstito por parte do alumnado cada semana. A 2ª iniciativa orientarase a tarefas extraescolares puntuais orientadas á investigación ou experimentación coas súas familias, así como rematar tarefas pendentes.

Na clase de 1º A, hai 17 alumn@s, un deles con NEAE (posible diagnóstico de TEL). O grupo estará apoiado por unha especialista de AL que que traballará co alumnado de xeito grupal ou individual, tanto fóra como dentro da aula cando sexa necesario.

Na clase de 1º B, hai outros 17 alumn@S, dous deles con NEAE (TEA). O grupo tamén estará apoiado por unha especialista de AL que que traballará co alumnado de xeito grupal ou individual, tanto fóra como dentro da aula cando sexa necesario.

**5. UNIDADES DIDÁCTICAS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. AVALIACIÓN INICIAL, PROBAS EXTERNAS, AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE**

No primeiro lugar basearémonos na observación sistemática do traballo e actitude na aula. Valoraremos as fichas escritas, as exposicións orais e o interese e responsabilidade na realización das tarefas e no grupo de traballo. Terase tamén en conta a actitude e o coidado do material. Valorarase ademais a presentación e limpeza dos traballos. Teremos tamén presente as diferentes modalidades de metodoloxía docente e avaliación para o alumnado con necesidades de apoio educativo, adaptando os materiais que foran precisos.

CADRO DE TEMPORALIZACIÓN:

Os primeiros días de clase (mes de setembro), dedicaránse a facer unha adaptación de infantil a primaria traballando as emocións, as normas de aula etc. Estarán dispostos en gupos de 4 ou 5, faranse dinámicas de cohesión grupal e aproveitaremos para recoller información sobre diferentes aspectos de lectoescritura e lóxica-matemática para a avaliación inicial.

A temporalización das especialidades: Educación Física, Música e Danza, Inglés, Francés e Relixión figurarán nas programacións de ditas especialidades. Nesta PXA de nivel reflectimos exclusivamente as de Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Proxecto Competencial.

| **Lingua Galega e Literatura** | | **1º nivel** |
|---|---|---|
| **Unidade didáctica** | **Datas** | **Avaliación** |
| **Primeira Avaliación** | | |
| As vogais. Letras l, m, p, s. O artigo | Do 2 ao 20 de outubro. | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| Letras t, n, d, c, q, z, h, nh. O artigo indeterminado | Do 23 de outubro ao 10 de novembro | |
| Letras x, r, rr, g, gu, gú, ñ. Contracción de artigo e preposición | Do 13 ao 30 de novembro. | |
| Letras b, v, f, ch, ll. A sílaba e a palabra | Do 1 ao 21 de decembro | |
| **Segunda avaliación** | | |

| | | |
|---|---|---|
| Grupos consonánticos br, bl, pr, pl. Os aumentativos, o nome e a maiúscula | 9 ao 26 de xaneiro | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta….) |
| Grupos consonánticos fr, fl, cr, cl. Os diminutivos, o adxectivo, a maiúscula e o punto | Do 29 de xaneirao ao 16 de febreiro | |
| Grupos consonánticos gr, gl, cr, cl. Os sinónimos, o xénero e o número e as palabras con mp e mb | Do 19 de febreiro ao 8 de marzo | |
| Os antónimos, o pronome persoal e a coma | Dende o 11 ao 22 de marzo | |
| **Terceira avaliación** | | |
| Palabras simples e compostas, o pronome demostrativo e o signo de interrogación | Do 2 ao 19 de abril | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| As familias de palabras, o pronome posesivo e o signo de exclamación | Do 22 de abril ao 10 de maio | |
| O campo semántico, o verbo e o punto e seguido | Do 13 ao 31 de maio | |
| A orde alfabética, a oración e o punto final | Do 3 ao 14 de xuño | |

| **Lingua Castelá e Literatura** | **1º nivel** | |
|---|---|---|
| **Unidade didáctica** | **Datas** | **Avaliación** |
| **Primeira Avaliación** | | |
| As vogais. Letras l, m, p, s. O artigo | Do 2 ao 20 de outubro. | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| Letras t, n, d, c, q, z, h. O artigo indeterminado | Do 23 de outubro ao 10 de novembro | |
| Letras x, r, rr, g, gu, gú, ñ. Contracción de artigo e preposición | Do 13 ao 30 de novembro. | |
| Letras b, v, f, ch, ll. A sílaba e a palabra | Do 1 ao 21 de decembro | |
| **Segunda avaliación** | | |
| Grupos consonánticos br, bl, pr, pl. Os aumentativos, o nome e a maiúscula | 9 ao 26 de xaneiro | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta….) |
| Grupos consonánticos fr, fl, cr, cl. Os diminutivos, o adxectivo, a maiúscula e o punto | Do 29 de xaneirao ao 16 de febreiro | |
| Grupos consonánticos gr, gl, cr, cl. Os sinónimos, o xénero e o número e as palabras con mp e mb | Do 19 de febreiro ao 8 de marzo | |
| Os antónimos, o pronome persoal e a coma | Dende o 11 ao 22 de marzo | |
| **Terceira avaliación** | | |
| Palabras simples e compostas, o pronome demostrativo e o signo de interrogación | Do 2 ao 19 de abril | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado |
| As familias de palabras, o pronome posesivo e o signo de exclamación | Do 22 de abril ao 10 de maio | |

| | | |
|---|---|---|
| O campo semántico, o verbo e o punto e seguido | Do 13 ao 31 de maio | (Cadernos, fichas, libreta…) |
| A orde alfabética, a oración e o punto final | Do 3 ao 14 de xuño | |

| **Matemáticas** | | **1º nivel** |
|---|---|---|
| **Contidos salientables** | **Datas** | **Avaliación** |
| **Primeira Avaliación** | | |
| Os números ata o 20 e a decena. Anterior e posterior. Descomposición. Comparación de lonxitudes. Posicións no espazo. Resolución de problemas. Cálculo mental. | Outubro | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| A familia do 20 ao 40.. Anterior e posterior. A suma e a resta. Descomposición. Cuantificadores. Series xeométricas. Resolución de problemas. Cálculo mental | Novembro | |
| A familia do 40 ao 60. Anterior e posterior. A suma con levadas. Descomposición. Os signos =, <, >. Moedas e billetes. Tipos de liñas. Resolución de problemas. Cálculo mental. | Decembro | |
| **Segunda avaliación** | | |
| Números ata o 70.. A resta con levadas. Cálculo mental. Formación de series numéricas. Figuras planas. Resolución de problemas. Cálculo mental. | Xaneiro | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| A familia do 80 e do 90. Decena máis cercana. Pares e impares. As horas. Esquerda e dereita. Resolución de problemas. Cálculo mental. | Febreiro | |
| Os números ordinais. A suma de 3 números e a resta de números de 2 cifras. Palmo, pé e paso. Resolución de problemas. Cálculo mental. | Marzo | |
| **Terceira avaliación** | | |
| O número 100 e a centena. O metro e o centímetro. Orientación espacial. Resolución de problemas. Cálculo mental. | Abril | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| Escritura de números. Introducción á multiplicación. O litro. Gráficos de barras. Resolución de problemas. Cálculo mental. | Maio | |
| Escritura de números. Táboas do 2, 4 e 5. . O kilo. Táboas de datos. Resolución de problemas. Cálculo mental. | Xuño | |

| | **Ciencias sociais** | | **1º nivel** | |
|---|---|---|---|---|
| | **Unidade didáctica** | **Contidos salientables** | **Datas** | **Avaliación** |
| | **Primeira Avaliación** | | | |
| 1 | A familia e a escola | Trataremos de que coñezan a contorna máis próxima, o seu núcleo familiar e escolar. | Outubro | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| 2 | Coñecemos a nosa contorna | Coñecemento de expresións artísticas e culturais da contorna, as súas paisaxes e festas. | Novembro | |
| 3 | Vivimos en comunidade | Coñecemento e respecto de normas básicas como peóns, dereitos e deberes e respecto de opinións alleas | Decembro | |
| | **Segunda avaliación** | | | |
| 4 | En que queres traballar de maior? | Iniciación nos aspectos básicos da economía a través das profesións máis próximas. | Xaneiro | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| 5 | O planeta azul | Introdución dos conceptos básicos da Terra, Sol, Lúa… | Febreiro | |
| 6 | Coidemos do noso planeta | Promoción dun estilo de vida sustentable a través de actividades medioambientais e o bo uso da auga. | Marzo | |
| | **Terceira avaliación** | | | |
| 7 | O tempo pasa | Estudo de unidades temporais: día, semana, mes, ano, percepción dos sucesos: antes e despois. | Abril e 1ª quincena de maio | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| 8 | Coñecendo o noso pasado | Investigación do pasado dun xeito guiado e sinxelo dalgún aspecto da historia local. | 2ª quincena de maio e xuño | |

| | **Ciencias Naturais** | | **1º nivel** | |
|---|---|---|---|---|
| | **Unidade didáctica** | **Contidos salientables** | **Datas** | **Avaliación** |
| | **Primeira Avaliación** | | | |
| 1 | Como somos? | O meu corpo, partes do mesmo, órganos e hábitos saudables. | Outubro e 1ª quincena de novembro | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| 2 | Coidamos o noso corpo | Os sentidos, a súa relación co medio ambiente e o benestar emocional e social. | 2ª quincena de Novembro e decembro | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **Segunda avaliación** | | | |
| 3 | A nosa contorna | Os seres inertes e os seres vivos. Relacións entre os humanos, animais e plantas. | Xaneiro e 1ª quincena de febreiro | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| 4 | Os animais | Salvaxes e domésticos, vertebrados e invertebrados, así como as súas características propias. | 2ª quincena de febreiro e marzo | |
| | **Terceira avaliación** | | | |
| 5 | As plantas | Diferentes tipos de plantas, o seu coidado e características. | Abril e 1ª quincena de maio | Probas orais- escritas, Observación sistemática, Traballo do alumnado (Cadernos, fichas, libreta…) |
| 6 | Como funciona? | Tipos de materiais, máquinas e aparellos. Identificación de partes e o seu funcionamento. | 2ª quincena de maio e xuño | |

Os libros de texto que utilizaremos no 1º nivel son:

- Matemáticas: mate 1 + Santillana.
- Lengua castellana “Revuela”/ Cuaderno Lectoescritura
- Lingua galega 1 ANAYA.
- Escribo ben ANAYA.
- Lecturas “O libro feroz” ANAYA.
- Música, “Melodía 1 Galinova.
- Inglés, " Kids can!”.

## 6. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN NAS DISTINTAS ÁREAS CURRICULARES.

Os criterios de calificación que utilizaremos son os seguintes:

- 60% corresponderá ao logro académico global
- 40% restante corresponderá á participación diaria na construcción de aprendizaxes

## 7. MODELO DE TRABALLO EXTRAESCOLAR E COLABORACIÓN FAMILIAR E REUNIÓN COAS FAMILIAS

O modelo de traballo para este nivel en colaboración coas familias plantéxase coas seguintes actividades:

- Lecturas na casa co libro de empréstito ou cartilla de lectura.
- Tarefas no fogar (rematar tarefas, fichas de repaso ou ampliación, ficha de lectura, de información, traballos voluntarios complementando os contidos traballados na escola…)
- Preparación das exposicións do Proxecto de expresión oral (unha por trimestre)

As familias recibiron na reunión inicial do martes 3 de outubro unhas orientacións sobre a temporalización destas tarefas para que o traballo dos nenos/as sexa continuo e gradual.

Teranse en conta as características especiais do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. En caso de confinamento do alumnado ou d@s mestres empregarase a plataforma **Aula na Casa.**

## 8. SAÍDAS EXTRAESCOLARES E XUSTIFICACIÓN DIDÁCTICA

Durante o primeiro trimestre visitaremos o hipermercado Alcampo de Coia, para afondar en contidos sobre unha alimentación saudable. Por outra banda, intentaremos visitar o Museo Liste cun obradoiro de Nadal.
Ao mesmo tempo, no 2º trimestre visitaremos o Museo do Mar para realizar un obradoiro sobre Tesouros na Ría.

Para complementar estas saídas, intentaremos completalas con outras que vaian xurdindo doutro tipo coma un teatro ou contacontos; a maiores hai visitas previstas organizadas por diferentes institucións e asociacións pero sen datas pechadas.

## 9. FORMACIÓN PROFESIONAL DO PROFESORADO

Lorena Pinal Novoa - Titora substituta de 1º A:

- Competencia dixital docente no nivel B2.

Manuel Díaz Congil - Titor de 1º B:

- Implementación do Plan Dixital no CEIP Escultor Acuña.
    - Equipo de Dinamización do Plan Dixital de centro.

# EQUIPO DOCENTE DO SEGUNDO NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

## 1. Introdución

Neste segundo curso de EP os titores seremos Laura Freire e Rubén Pérez. Contamos cun total de 48 alumnos entre os que se atopan alumnos/as con NEAE que dispoñen apoio por parte dos especialistas de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.

## 2. Equipo docente do 2º nivel de Educación Primaria

TITORES:

| | |
|---|---|
| Rubén Bautista Pérez Pérez | 2º A |
| Laura Freire Chana | 2º B |

ESPECIALISTAS:

| | |
|---|---|
| Patricia Comesaña Estévez | Mestra de música e plástica |
| María Dolores Gómez Pérez | Mestra de Inglés |
| María Estefanía Fernández Varela | Mestra de francés |
| Diego Abril Guldrís | Mestre de Educación Física |
| Laura Garmilla Mancho<br>Cristina Farillas Rey<br>Pablo Gallego Salgado | Mestres de Audición e Linguaxe |
| Laura Freire Chana | Mestra de P.C. en 2ºA e 2ºB |
| Ana Belén Rajoy González | Mestra de Pedagoxía terapéutica |
| Juan Santiago Iglesias Sanlés | Mestre de relixión |

### 3. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES A PROMOCIONAR NO CURSO 2023-2024

No segundo nivel de Educación Primaria e ao longo do curso escolar, traballaremos todas as competencias clave e os criterios específicos que marca o DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Faremos especial fincapé nos seguintes indicadores cos seus descritores:

| COMPETENCIA | INDICADORES | DESCRITORES |
|---|---|---|
| Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía | Vida saudable | Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e o exercicio físico. |
| | Manexo de elementos matemáticos | Manexar e manipular con precisión os elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos) en situacións cotiás. |
| Comunicación lingüística | Comprensión oral e escrita | Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... Desfrutar coa lectura |
| | Expresión oral e escrita | Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información. |
| | Normas de comunicación | Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... |
| Competencia dixital | Utilización de ferramentas dixitais | Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento |
| Conciencia e expresións culturais | Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas | Valorar a interculturalidade como una fonte de riqueza persoal e cultural |
| Competencias sociais e cívicas | Relación cos demais | Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situación de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. Recoñecer a riqueza na diversidade de opinión e ideas. |
| Sentido de iniciativa e espírito emprendedor | Autonomía persoal | Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. Ser constante no traballo superando as dificultades |
| Aprender a aprender | Perfil de aprendiz | Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. |

Imos desenvolver no noso nivel proxectos nos que se concretarán algunhas das competencias e os indicadores reseñados. Na volta ao cole para comezar, imos a traballar as competencias de aprender a aprender e a autonomía persoal a través de diversos experimentos ou actividades lúdicas.

Para traballar a expresión oral, levaremos a cabo exposicións trimestrais cos seguintes temas:

- 1º Trimestre: Exposición libre.
- 2º Trimestre: Muller relevante galega.
- 3º Trimestre: Receita

Trataranse especialmente os seguintes indicadores e descritores:

| COMPETENCIA | INDICADORES | DESCRITORES |
|---|---|---|
| Comunicación lingüística | Expresión oral e escrita | Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas |
| Aprender a aprender | Ferramentas para estimular o pensamento | Aplicar estratexias para mellorar o pensamento creativo, crítico, emocional... |
| Competencias sociais e cívicas | Relación cos demais | Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. |

## 4. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO DIDÁCTICO E METODOLÓXICO PROPOSTO. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A proposta curricular neste nivel realizarase a través de proxectos de aula, traballo de aula e proposta editorial. Traballaremos de forma individual e por grupos cando as condicións o permitan. Para desenvolver os proxectos de expresión oral e escrita solicitaremos a colaboración das familias. Como apoio utilizamos ferramentas TAC na clase e contaremos coa plataforma dixital das editoriais. Nesta proposta curricular consideraremos as características do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) dando especial importancia ao traballo combinado cos especialistas.

A distribución das aulas é por equipos de tres, catro ou cinco alumnos/as. Haberá espazos para xogos de mesa, construccións e de manualidades. O alumnado asumirá certas responsabilidades por quendas.

Os modelos de traballo perseguen que os alumnos-as pouco a pouco vaian gañando en autonomía e capacidade de decisión. Ademais de facer fincapé na reflexión e análise do que estamos a facer. Tendo como estrutura base unha motivación previa, partir dos coñecementos previos, traballo dun proceso no que destaquen os pasos a seguir, elaborar un traballo e expoñelo a través dalgún soporte ou recurso. En calquera caso a intención é partir das

experiencias que teñan os nenos-as con situacións cotiás ou próximas aos seus intereses. Propoñendo actividades variadas que ademais da estrutura comentada teñen como meta un produto ou creación final.

En canto ao traballo coa diversidade, será en combinación cos especialistas. Partindo dos coñecementos previos os exercicios, actividades e tarefas a realizar irán encamiñadas a lograr un coñecemento e nivel competencial máis complexo de acordo á idade. A lectura en voz alta e silenciosa, exposicións orais, traballos e exercicios escritos son actividades tipo que se desenvolverán en diferentes momento en función da natureza da actividade a realizar.

A atención á diversidade incluirá a atención individual puntual (na medida do posible), o traballo conxunto coas familias e a colaboración cos especialistas (PT, AL) ou mestres de apoio. Varios alumnos recibirán apoio no Departamento de Audición e Linguaxe e un alumno recibirá apoio coa profesora de PT.

## 5. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será por unidades didácticas ou propostas paralelas na liña da metodoloxía comentada no apartado anterior. Así as propostas de traballo por tarefas terán conexión directa con esas unidades didácticas pero maiormente cos bloques legais das distintas áreas.
Polo tanto a avaliación será variada segundo os tempos que leve desenvolver cada proposta. Basicamente os principais instrumentos serán: probas escritas e orais (principalmente ao estilo das de avaliación externa), nos casos nos que os contidos e estándares de aprendizaxe sexan moi globais utilizaremos rúbricas e a observación cotiá do traballo de aula e persoal. Tamén terán protagonismo exposicións, traballos, … exemplos que tamén serán observados mediante rúbricas e observación cotiá. Todos estos instrumentos en relación, por suposto, aos criterios de cualificación do apartado correspondente.

## CADRO DE TEMPORALIZACIÓN:

Os primeiros quince días de clase dedicaránse a facer unha introducción ao novo curso repasando contidos do curso anterior, coñecendo ao novo grupo e establecendo as normas de convivencia. Aprenderemos bós hábitos e as rutinas necesarias na clase para ter bós hábitos hixiénicos.

Tamén se farán as probas de avaliación incial así como o sociograma da aula.

A temporalización das especialidades: Educación física, música, francés e relixión figurarán nas programacións de ditas especialidades. Nesta PXA de nivel reflectimos exclusivamente as de Lingua galega, Matemáticas, Lingua castelá, Sociais, Naturais, Plástica e Proxecto Competencial

# PROGRAMACIÓN PRIMEIRO TRIMESTRE 2º EP CURSO 2023-24

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
|  | ❖Hábitos saudables<br>❖Funcións vitais<br>❖Función de nutrición | ❖Aparato respiratorio<br>❖Función de relación<br>❖Función de reprodución | ❖Masa e volume<br>❖Substancias: puras e mesturas homoxéneas e heteroxéneas<br>❖Separación de mesturas<br>❖Propiedades e orixe dos materiais<br>❖5R: reducir, reutilizar, reciclar, recuperar e reparar<br>❖Máquinas: sinxelas e compostas | ❖Luz: fontes e obxectos fronte a ela<br>❖Son: ondas sonoras e intensidade<br>❖Consumo responsable da enerxía<br>❖As forzas |
|  | ❖Localidade e municipio; definición e tipos: cidade, vila e aldea<br>❖Barrios<br>❖Concello: servizos públicos, alcalde e concelleiros<br>❖Convivencia | | ❖Usuarios da rúa: peóns, condutores e pasaxeiros. Normas de circulación<br>❖Medios de transporte: terrestre, marítimo e aéreo<br>❖Mobilidade sustentable | |
|  | ❖Repaso dos números do 0 ao 99.<br>❖Centenas<br>❖Descomposición de números<br>❖Series numéricas<br>❖Números anterior e posterior | | ❖Sumas e restas de números de dúas cifras con e sen levadas<br>❖Problemas de sumas e restas<br>❖Concepto de semana, mes, ano e calendario<br>❖Tipos de liñas: rectas, curvas e poligonais | |
|  | **GRAMÁTICA**<br>❖Verbo: def., tempos: presente, pasado e futuro. Persoa e número<br>❖Nomes: comúns e propios | **VOCABULARIO**<br>❖ Sinónimos e antónimos<br>❖ Palabras segundo as sílabas (separar)<br>❖ Abecedario e orde alfabética<br>❖ Familia de palabras | **TEXTOS- COMPOSICIÓN ESCRITA**<br>❖Cronograma<br>❖Adiviña<br>❖Poesía: verso e estrofa<br>❖Cómic | **ORTOGRAFÍA**<br>❖Ca, co, cu, que, qui<br>❖Za, zo, zu, ce , ci |
|  | **GRAMÁTICA**<br>❖Nombres: género y número<br>❖Verbo: tiempo pasado, presente y futuro<br>❖Artículos determinados e indeterminado<br>❖Adjetivos | **VOCABULARIO**<br>❖Separar palabras en sílabas<br>❖Sinónimos y antónimos<br>❖Medios de transporte<br>❖Animales<br>❖Profesiones<br>❖Colegio<br>❖Meses del año | **TEXTOS- COMPOSICIÓN ESCRITA**<br>❖Frases<br>❖Descripciones<br>❖Cronograma | **ORTOGRAFÍA**<br>❖Pr, Pl<br>❖Ll , Y<br>❖B, V<br>❖X, S |
|  | **GRAMMAR**<br>❖Who's that?That's my mum<br>❖How old are you? I'm seven<br>❖What day is it today?It's Monday<br>❖She's in the gym<br>❖He's in the library<br>❖There are two bedrooms<br>❖Is the sofa in the living room?<br>❖Is he next to the cupboard? | **VOCABULARY**<br>❖Families<br>❖Greetings<br>❖Numbers 11-20<br>❖Days of the week<br>❖Classroom objects<br>❖My house<br>❖Prepositions | **PRONUNCIATION AND COMMUNICATION**<br>❖**/Sh/**<br>❖**/Ch/**<br><br>**CROSS-CURRICULAR**<br>❖**School Rules**<br>❖**Materials** | **CULTURE AND COMMUNICATION**<br>❖**Playground games in the UK**<br>❖**Houses in the UK**<br><br>**PROJECT**<br>❖**A school map**<br>❖**A class dream house** |

# PROGRAMACIÓN SEGUNDO TRIMESTRE 2º EP CURSO 2023-24

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
|  | ❖Animais vertebrados e invertebrados<br>❖Os mamíferos<br>❖As aves<br>❖Os peixes<br>❖Os réptiles<br>❖Os anfibios : a metamorfose | | ❖As plantas<br>❖Cultivo das plantas<br>❖A adaptación das plantas<br>❖Os animais: hábitat, adaptacións,,<br>❖Relación entre os seres vivos: cadea alimentaria<br>❖O coidado do contorno | |
|  | ❖A terra: os minerais e as rochas<br>❖A auga: ciclo da auga<br>❖Auga: doce ou salgada<br>❖A atmosfera: definición, os fenómenos atmosféricos e o clima<br>❖O cambio climático | | | |
|  | ❖Repaso dos números do 100 ao 499.<br>❖Descomposición de números<br>❖Números pares e impares<br>❖Signos numéricos >, <, =<br>❖Valor posicional<br>❖Propiedades de la suma | | ❖Sumas e restas de números de tres cifras con e sen levadas<br>❖Problemas de sumas e restas<br>❖Reloj analógico y digital<br>❖Hora: en punto, media, cuarto y menos cuarto<br>❖Horas y minutos<br>❖Euros y céntimos<br>❖Tipos de líneas | |
|  | GRAMÁTICA<br>❖Os adxectivos<br>❖Os artigos determinados e indeterminados<br>❖Concordancia: xénero e número<br>❖Verbos: ser e estar<br>❖Oracións: enunciativas, interrogativas e exclamativas | VOCABULARIO<br>❖ Nomes de animais e as súas crías<br>❖ Palabras compostas<br>❖ Onomatopeas | TEXTOS- COMPOSICIÓN ESCRITA<br>❖Dous puntos<br>❖As comas<br>❖Fábulas<br>❖Descrición de paisaxes<br>❖Rimas<br>❖Signo de interrogación e exclamación<br>❖Refráns e sartas | ORTOGRAFÍA<br>❖Ga, go, gu, gue, gui, güe, güi<br>❖Mb, mp, bl, br |
|  | GRAMÁTICA<br>❖Número: singular y plural<br>❖Género: masculino y femenino<br>❖Nombre: común y propio<br>❖El adjetivo<br>❖Concordancia: articulo, sustantivo y adjetivo<br>❖Verbo | VOCABULARIO<br>❖Sinónimos y antónimos<br>❖Comparación<br>❖Diminutivos: -ito, -illa<br>❖Aumentativos: -azo, -ote, -ón | TEXTOS- COMPOSICIÓN ESCRITA<br>❖La narración<br>❖El retrato<br>❖Descripción de animales<br>❖La carta<br>❖La definición<br>❖Orden cronológico | ORTOGRAFÍA<br>❖Ca, co, cu, que, qui<br>❖Ga, go, gu, gue, gui<br>❖Za, zo, zu, ce, ci<br>❖Ge, gi<br>❖R, rr<br>❖Pr, pl, br, bl<br>❖Cr, cl |
|  | GRAMMAR<br>❖What are you wearing?I´m wearing a dress<br>❖My (hat) is new<br>❖My trousers are old<br>❖He/She´s got (short hair)<br>❖He/She hasn´t got (a beard)<br>❖Has he/she got (a crown)?<br>❖Yes, he/she has/hasn´t | VOCABULARY<br>❖ Dress, jacket, jeans, skirt, sweater, trainers, T-shirt, trousers. Clean, dirty, new, old.<br>❖Beard, curly hair, dark hair, far hair, long hair, moustache, short hair, straight hair | PRONUNCIATION AND COMMUNICATION<br>❖ /sw/<br>❖/sc/ | CULTURE AND COMMUNICATION<br>❖ School uniforms in the UK<br><br>PROJECT<br>❖ A fashion show<br>❖ A portrait gallery |

# PROGRAMACIÓN TERCEIRO TRIMESTRE 2º EP CURSO 2023-24

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
|  | ❖O tempo: ciclo vital<br>❖O día<br>❖Semana<br>❖O calendario<br>❖Meses do ano<br>❖Estacións do ano | | | |
|  | ❖Elementos de Universo: sistema solar<br>❖Movemento de rotación<br>❖Movemento de translación<br>❖Orientación e representación | | ❖Historia<br>❖Fontes históricas<br>❖Produtos artísticos<br>❖A biografía | |
|  | ❖Repaso dos números do 500 ao 1.000<br>❖El millar<br>❖Números ordinales<br>❖Redondeos<br>❖Tablas de multiplicar del 0 al 10<br>❖Doble y mitad<br>❖Triple y tercio<br>❖Operaciones combinadas de sumas y restas | | ❖Propiedad conmutativa de multiplicación<br>❖Multiplicación por una cifra<br>❖División como reparto<br>❖Problemas de suma, resta y multiplicación<br>❖Metro, centímetro y kilómetro<br>❖Kilo: medio y cuarto<br>❖Litro: medio y cuarto | ❖Figuras planas: círculo, cuadrado, rectángulo, triángulo y rombo<br>❖Simetría<br>❖Tabla de datos<br>❖Gráficos de barras<br>❖Sucesos: seguro, posible e imposible |
|  | GRAMÁTICA<br>❖A oración: suxeito e predicado<br>❖Pronomes persoais<br>❖Determinantes | VOCABULARIO<br>❖ Campo semántico<br>❖ Diminutivos e aumentativos<br>❖ Palabras polisémicas<br>❖ Palabras homófonas | TEXTOS- COMPOSICIÓN ESCRITA<br>❖As raias<br>❖Contos populares<br>❖A lenda<br>❖O teatro<br>❖Anécdotas | ORTOGRAFÍA<br>❖Por que, porque<br>❖R, rr<br>❖X, s |
|  | GRAMÁTICA<br>❖Verbo: presente, pasado y futuro<br>❖La oración<br>❖Concordancia: pronombre, verbo<br>❖Nombre: común y propio<br>❖Frases: interrogativas y exclamativas | VOCABULARIO<br>❖Familia de palabras<br>❖El bosque<br>❖El río<br>❖El cuarto de baño<br>❖El hospital<br>❖Los adjetivos | TEXTOS- COMPOSICIÓN ESCRITA<br>❖El retrato<br>❖El dialogo<br>❖Descripción de animales<br>❖Descripción de paisajes | ORTOGRAFÍA<br>❖Gr, gl<br>❖Fr, fl<br>❖Tr, dr<br>❖Mp, mb<br>❖Mayúsculas |
| | Execución do proxecto<br><br>Do 23 de xaneiro ao 27 de febreiro. | Búsqueda da información sobre aspectos relevantes desta cultura. | |
| | Presentación do proxecto<br><br>Do 6 de marzo ao 27 de marzo. | Representación da información nun diario de alumno/a. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| T.PC.-3<br><br>**Exposición da cultura** | Plan de traballo<br><br>Do 17 ao 24 de abril | Elección dos diferentes aspectos da cultura que imos expoñer. | |
| | Execución do proxecto<br><br>Do 8 ao 28 de maio | Preparación e elaboración da exposición | |
| | Presentación do proxecto<br><br>Do 5 ao 19 de xuño. | Exposición do proxecto.<br><br>Grabacións radiofónicas, escoita e difusión desta cultura | |

**EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS**

| | **Unidade didáctica** | **Contidos** | **Temporalización** | **Avaliación** |
|---|---|---|---|---|
| **T.1** | **Triunfar como persoas** | O autoconcepto<br><br>A identificación e interpretación das emocións<br><br>Percepción de estados de ánimo | Outubro/ Novembro | Traballo de clase<br><br>Participación<br><br>Debate<br><br>Fichas de traballo<br><br>Producións orais e escritas |
| **T. 2** | **No somos tan diferentes** | Atención no control das emocións<br><br>Respecto polas diferenzas de cada individuo: físicos, sociais… | Novembro/ Decembro | |
| **T. 3** | **Construíndo a paz** | A responsabilidade<br><br>O esforzo<br><br>A capacidade de organización | Xaneiro/Febreiro | Traballo de clase<br><br>Participación<br><br>Debate<br><br>Fichas de traballo<br><br>Producións orais e escritas |
| **T. 4** | **Cruce de caminos** | A democracia | Febreiro/Marzo | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | Valores universais<br><br>Dereitos e deberes da Constitución Española | | |
| **T. 5** | **E os demais?** | Escoita activa<br><br>Empatía<br><br>O pensamento | Marzo/Abril | |
| **T.6** | **Tolerar ou non tolerar?** | A tolerancia<br><br>Os prexuizos e os dilemas morais<br><br>Consumo publicitario | Maio/Xuño | |

## 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NAS DISTINTAS ÁREAS CURRICULARES. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE CURSO

Os criterios de avaliación serán os establecidos na programación de nivel para cada área educativa e secuenciado e temporalizado nas unidades didácticas. Non todos os criterios de avaliación terán a mesma ponderación nas calificacións finais. Haberá dous grandes grupos de criterios de avaliación diferenciados en dúas áreas de desenvolvemento social, personal e interpersoal en cada área:

a) criterios de avaliación de logro académico acadar os distintos obxectivos propostos nas áreas (cumprimento de estándares e probas escritas e orais, cumprimento das tarefas escolares e extraescolares e traballos do alumno/a no porfolio de aprendizaxe). Atendendo sempre ás diferenzas individuais e, ás posibilidades e capacidades dos rapaces e rapazas, suporían o 70% da nota ou cualificación definitiva.

b) criterios de participación diaria na construción de aprendizaxes (participación nos proxectos de grupo, participación no traballo en equipo e responsabilidade no coidado do material e instalación) suporían o 30% da nota ou cualificación definitiva.

## 8. MODELO DE TRABALLO EXTRAESCOLAR E COLABORACIÓN FAMILIAR E REUNIÓN COAS FAMILIAS

Seguindo as indicacións da Consellería de Educación e dos acordos tomados na CCP no curso escolar 2022-23, a proposta de traballo extraescolar para este nivel, en colaboración coas familias, plantéxase coas seguintes actividades.

Tarefas curriculares de ampliación e reforzo:

- Investigacións na rede
- Traballos sobre aspectos da realidade social: novas, publicidade, actualidade, medios de comunicación
- Exposicións en grupo

As familias recibirán unhas pautas xerais na reunión-presentación inicial de outubro sobre a temporalización destas tarefas ou actividades para que o traballo do alumnado sexa continuo e gradual, co obxecto de crear e manter un hábito de estudo. A estas actividades hai que engadir un tempo de lectura diaria (sobre 30 minutos) e nalgún caso as tarefas non rematadas en clase. Terase en conta as características especiais do alumnado con necesidades de apoio educativo.

## 9. SAÍDAS EXTRAESCOLARES E XUSTIFICACIÓN DIDÁCTICA

Consideramos un complemento esencial no proceso de ensino aprendizaxe a realización de actividades fóra do recinto escolar, que ademáis de posuir un alto compoñente motivador permite o achegamento á cultura e á vida da cidade ao alumnado dende outro punto de vista, ademais de favorecer a adquisición de competencias e completar o desenvolvemento da persoa.

Atendendo ao interese do alumnado barállanse visitas e actividades como Cadena Ser, Faro de Vigo, Porto de Vigo, Submarino "Nautilus", Lonxa, Museo Liste, Biblioteca Pública Juan Compañel... e aquelas ofertadas polos diferentes organismos e entidades que poidan reforzar o desenvolvemento curricular e persoal.

## 10. FORMACIÓN PROFESIONAL DO PROFESORADO

Teremos especial preferencia por actividades de formación que melloren as didácticas das áreas curriculares e que amosen experiencias de éxito en metodoloxías de proxectos e aprendizaxe cooperativa. Participaremos de forma activa na proposta formativa do centro canalizada a través do PFPP e que inclúe formación en ferramentas dixitais, os polos creativos, lingua de signos e igualdade.

# LINGUAS ESTRANXEIRAS CURSO 2023-2024

## -1.-EQUIPO DOCENTE DA COMISIÓN

Mª Dolores Gómez Pérez (2ºA/B, 4ºA/B, 6ºA/B/C)

Mónica Otero Bouzada (6ºA/B de E.Infantil, 1ªA/B e 5º A/B)

Paula Iglesias Fernández ( 3ºA/B de E. primaria)

Laura Mateos Alonso (4º e 5º A/B de E. Infantil)

Cristina Torre Gordo (sección bilingüe- área de plástica 2º nivel de Educación Primaria)

Manuel Díaz Congil (sección bilingüe- área de plástica 1º nivel de E. Primaria)

Mª Estefanía Fernández Varela, Lingua francesa en 1º B, 2º A, 3º B, 4º B, 5º B e 6º C.

## 2. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES A PROMOCIONAR NO CURSO 2023-2024

***Competencia na comunicación lingüística:***

Na clase proporemos unha grande variedade de exercicios, actividades e contextos que promoven a comunicación real na aula, cun desenvolvemento sistemático das destrezas escritas e orais e moitas oportunidades para personalizar: diálogos, pair works, dramatizacións, cancións…

***Competencia plurilingüe***

A adquisición da nova lingua irá apoiada na competencia lingüística adquirida previamente a través do galego, do castelán e no seu caso na lingua de signos, polo que o proxecto lingüístico do centro é clave neste aspecto.

***Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)***

Apoiaremos o desenvolvemento desta competencia empregando sistematicamente a habilidade de razoar, a formulación de hipóteses e a aplicación da lóxica imprescindibles nos procesos de comunicación. Contribuiremos fundamentalmente permitindo coa competencia lingüística a desenvolver argumentos, formular hipóteses, facer razoamentos deductivos, prediccións … As temáticas propostas como base dos procesos comunicativos terán logo en conta o coñecemento do mundo natural e a nosa interacción co mesmo.

***Competencia dixital***

Incidiremos nesta competencia non só empregando os recursos dixitais ao noso alcance (a rede, os propios do libro de texto, os incorporados á biblioteca do centro e á aula de inglés) senón tamén propiciando que o alumnado sexa quen de escoller, organizar e devolver a información que escoita e le.

***Competencia persoal, social e de aprender a aprender***

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é máis efectiva se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras. Tamén entra aquí en xogo a posibilidade de que o alumnado reflexione sobre o xeito de aprender unha lingua e se autoavalie así coma que colabore cos seus iguais de maneira constructiva.

***Competencias cidadá***
En cada unha das unidades faranse actividades que fomentan o bo comportamento e respecto cara ós demais así como as boas maneiras de actuar en cada lugar. Quedarán tamén reflectidos no traballo das diferentes unidades as diferencias sociais e culturais que subxacen no idioma inglés e francés, promovendo a través do coñecemento o respecto ás mesmas. As metodoloxías de traballo na aula fomentarán habilidades sociais como a cooperación e o respecto cara aos demais, o traballo en equipo, a valoración das opinións dos demais, etc., articuladas en moitas ocasións a través de estratexias de aprendizaxe cooperativo.

***Competencia emprendedora***

A constante interacción na aula de idioma axuda ao alumnado a participar, a ter confianza en si mesmos, a ser quen de achegarse ao proceso de aprendizaxe de modo autónomo ou a buscar a cooperación doutros cando a tarefa o requira. Para nós resulta imprescindible integrar entón no traballo cotián a autonomía, a iniciativa, o traballo en común e a confianza nun mesmo como ferramentas base para soltarse na práctica da lingua estranxeira.

***Competencia en conciencia e expresións culturais***
O inglés ou o francés será a lingua vehicular para impartir información sobre outras culturas, sociedades e valores. Ademais diversificaremos as posibilidades expresivas do alumnado que ademais da fala e da escrita incluirán a música, a plástica, a dramatización e a imaxe.

- **MODELO DE TRABALLO NA AULA DE EDUCACIÓN INFANTIL**

A clase en educación infantil soe comezar no lugar onde os nenos e nenas fan a asemblea. As actividades propostas parten deste círculo onde introducimos o vocabulario coa axuda de marionetas, protagonistas das historias que lles contamos, contos ou cancións.

Deste xeito imos presentando as palabras novas unidas a un signo ou a unha acción suxerida. Todo este vocabulario refórzase con historias e cancións que presentamos en cada unha das unidades. A repetición é fundamental para adquirir as expresións e vocabulario concreto de cada unidade.

Todas as actividades que se desenvolven en educación infantil son de carácter fundamentalmente oral.

- **MODELO DE TRABALLO NAS AULAS DE PRIMARIA**

En tódalas aulas de primaria contamos co apoio de diferentes libros de texto. Aínda que estes sexan a base da progresión gramatical e apoien o desenvolvemento das catro destrezas fundamentais (listening, speaking, reading and writing / expression orale et écrite y compréhension orale et écrite) proporemos tarefas e pequenos proxectos que combinen esas destrezas, promovan a iniciativa e o traballo cooperativo e mostren os avances do alumnado na adquisición lingüística como base de futuras aprendizaxes.

Nese sentido deixaremos que os textos do alumnado propoñan parte das temáticas, o groso do vocabulario e gramática novos e algunhas das cancións imprescindibles para a memorización e a perda da timidez que esixe a práctica da lingua allea. Os textos axudarannos tamén a acotar a lingua que precisaremos para signarlle ao alumnado hipoacúsico. Neste ámbito traballamos en colaboración estreita coas intérpretes de LSE, entendendo que a cinestesia axuda coa linguaxe corporal a absorber e reter a información aportada, polo que a dramatización será metodoloxicamente imprescindible. Na área de lingua inglesa contaremos tamén co apoio durante una sesión semanal dunha auxiliar de conversa americana, fundamental para a práctica oral da lingua.

## 3. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO DIDÁCTICO E METODOLÓXICO PROPOSTO. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### ESTRUCTURA BASE DAS SESIÓNS

- **Actividades de inicio da clase**

  Trátase de activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de brainstorming ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de flashcards, posters, cancións, etc.

- **De desenvolvemento da lección**

  As unidades inclúen diferentes tipos de actividades e exercicios que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte da competencia da lingua inglesa.

  Estas actividades son:

  - Cancións (*songs - chansons)* e xogos *(games - jeux).*
  - Actividades de lecto-escritura (*pencil activities in the Class Book / Cahier d'exercices*).
  - Historias (*stories / petites histoires*).
  - *Cut-outs.*
  - Actividades de pronunciación (*pronunciation activities / activités de prononciations).*
  - Actividades intercurriculares (*cross-curricular activities / activités intercurriculaires*).

- **De reforzo e ampliación**
  Partimos do recoñecemento de que en toda clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que se persegue o obxectivo de que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

  A diversidade de exercicios, actividades e tarefas propostos posibilita que todos os alumnos/as poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo, ritmo de aprendizaxe e intelixencias múltiples.

  Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

### ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA AULA

Tentaremos potenciar sempre que se poida o grupo cooperativo e gran grupo. Nos listenings / écoutes e nalgunhas actividades concretas farémolo individualmente.

**En francés lingua estranxeira** ten un total de **trece alumno**s. O alumnado pode escoller a lingua francesa ao comezar primeiro de primaria e debe continuar con esta opción ata sexto de primaria.

- Dous alumnos de 1º de Educación Primaria
- Tres alumnos de 2º de Educación Primaria.
- Dous alumnos de 3º de Educación Primaria.
- Dous alumnos de 4º de Educación Primaria.
- Tres alumnos de 5º de Educación Primaria.
- Un alumno de 6º de Educación Primaria.

Os grupos de 1ª, 2º e 3º terán clases de forma conxunta dous sesións a semana e os de 3º unha sesión máis eles sós. Os grupos de 4º, 5º e 6º terán tres sesións semanais de forma conxunta. As vantaxes de ser grupos moi reducidos permiten poder tratar aos alumnos de forma individual, reforzar contidos ou ampliar coñecementos segundo sexa necesario. Introduciremos actividades lúdicas, no ordenador e de xogos de rol entre alumno e profesor, videos e actividades manuales e interactivas.

Fai falla destacar moi positivamente a oferta da elección do francés como primeira lingua estranxeira hai 5 cursos que reflexa a aposta do noso centro polas linguas estranxeiras. O alumnado valora a súa elección e está implicado no aprendizaxe da lingua francesa.

**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e material de ampliación axeitado ás necesidades destes alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

b) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para alumnado con hipoacusia, autismo, síndromes diversos, trastornos madurativos, disfasias, dislalias... tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Cos alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Á hora de avaliar a este alumnado teremos en conta todas estas dificultades.

## 4. ESTRATEXIAS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN. PROBAS EXTERNAS. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE

As actividades de avaliación imos clasificalas en dous niveis:

**Actividades de avaliación formativa**, onde avaliaremos o traballo continuado dos alumnos e mediremos o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como exercicios diarios de *writing and listening (nos textos e activity books)*,historias de repaso, cadernos e fichas de traballo individuais, pequenas tarefas e proxectos avaliados con diferentes instrumentos,…

**Actividades de avaliación sumativa** coa realización de diversas actividades de avaliación ao final de cada unidade e trimestre e que atendan ás diferentes destrezas (tests individuais que incorporen ás catro destrezas)

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA AREA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS (INGLÉS E FRANCÉS) NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL E NO PRIMEIRO E SEGUNDO NIVEL DE PRIMARIA:**

Partindo do feito que a avaliación é global, continua, formativa e integradora en todas as áreas, os criterios de avaliación para a área de Linguas estranxeiras na etapa de Educación Infantil e no 1º e 2º nivel de primaria (para francés soamente en 1º e 2º nivel de primaria) valorarán os seguintes aspectos, partindo sempre da observación directa do alumnado:

- Manter unha actitude positiva de cara ó aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Respectar e valorar unha cultura distinta da propia.
- Amosar unha boa capacidade de traballo, respectando as normas da aula así como tamén aos demais compañeiros/as.

Os criterios de avaliación quedan reflectidos por tanto coa seguinte porcentaxe:

- Logro académico global : 60% da cualificación final
- Participación diaria na construción de aprendizaxes: 40% da cualificación final

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA AREA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS NO TERCEIRO, CUARTO, QUINTO E SEXTO NIVEL DE PRIMARIA**

Partindo do feito que a avaliación é global, continua, formativa e integradora en todas as áreas, os criterios de avaliación para a área de Inglés no terceiro, cuarto, quinto e sexto nivel e no área de francés para o terceiro e cuarto nivel serán os seguintes:

- Un 70% da cualificación final no que se fará fincapé no logro académico global.
- Un 30% dirixido á participación diaria na construción das aprendizaxes.

**SECCIÓN BILINGÜE NO PRIMEIRO E SEGUNDO NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Este curso 2023-24 é o terceiro ano da sección bilingüe que se solicitou para o noso centro na área de plástica en inglés para o 1º e 2º nivel de educación primaria. Derivada desta solicitude este ano contamos cunha nova auxiliar de conversa desde outubro ata maio que colabora connosco á hora de impartir a lingua estranxeira e tamén información sobre a súa cultura, sobre todo no reforzo das destrezas orais do alumnado.

Os obxectivos que se propoñen para o 1º nivel son os seguintes:

- Conseguir apreciar os distintos modos que temos de representar a figura humana.
- Identificar as partes do corpo e da cara.
- Ser capaces de visualizar distintas partes do corpo ou da cara e establecer a súa correspondencia coa comida.
- Apreciar a comida como un material para crear arte.
- Apreciar o valor estético dos xardíns e das paisaxes urbanas.
- Ser capaces de identificar figuras xeométricas simples que sirvan de modelo para crear arte e aplicalo aos animais do mar, aos medios de transporte, aos planetas e as estrelas como contidos a traballar ao longo do curso escolar.

Mentres, para o 2º nivel serían:

- Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.
- Realizar composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.
- Recoñecer as partes principais da figura humana.
- Reproducir algúns elementos do entorno natural e artificial con diferentes técnicas e materiais.
- Valorar as composicións bidimensionais e tridimensionais para recrear elementos da contorna na que viven.
- Deseñar sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.

**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Na aula, levaremos a cabo diferentes medidas ordinarias de atención educativa á diversidade que permitan o máximo desenrolo das capacidades persoais e a adquisición das competencias clave dos/as alumnos/as:

- Flexibilización: aumentando o tempo de duración dunha tarea
- Modificación do estilo de aprendizaxe
- Adaptación dos materiais
- Traballo TIC

**AVALIACIÓN**

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e valoraranse os seguintes aspectos, partindo sempre da observación directa do alumnado:

- Manter unha actitude positiva de cara ó aprendizaxe da área de plástica nunha lingua estranxeira.

- Amosar unha boa capacidade de traballo, respectando as normas da aula así como tamén aos demais compañeiros/as.

Os criterios de avaliación quedan reflectidos por tanto coa seguinte porcentaxe:

- Logro académico global : 60% da cualificación final

Participación diaria na construción de aprendizaxes: 40% da cualificación final

# EDUCACIÓN FÍSICA 2023-2024

## 1. INTRODUCIÓN AO INICIO DO CONTEXTO DO CURSO

A Ed. Física debe aportar a formación do individuo aprendizaxes que deberán estar relacionadas coa preparación dos alumnos para unha participación gratificante na cultura do movemento ao longo de toda a vida, adicando unha especial atención á promoción e adquisición de estilos de vida activos e saudables.

Aprender a coñecer o corpo, utilizar as posibilidades de movemento dun xeito responsable, adquirir as competencias clave que axuden a crecer como "Persoas" e mellorar as condicións de calidade de vida e de saúde, así como gozar e valorar as posibilidades do ámbito motriz como medio de enriquecemento cultural, persoal e social é a nosa ambiciosa proposta nesta etapa da Educación Primaria.

O obxectivo central da nosa materia será polo tanto poñer en mans do alumnado un variado número de prácticas físicas e crear boas experiencias para que a actividade física se leve a cabo fóra do ámbito educativo e que esta sexa duradeira no tempo.

## 2. EQUIPO DOCENTE

Continuamos coa coordinación das etapas de Infantil e Primaria coa perspectiva de desenvolver unha programación vertical no ámbito da Educación Física e a Psicomotricidade sempre que haxa dispoñibilidade horaria para a coordinación entre os mestres e mestras implicados.

Adscricións dos especialistas ás etapas e niveis:

<table>
<tr><td colspan="3">EDUCACIÓN INFANTIL</td><td rowspan="3">Montserrat Pèrez Vàzquez</td></tr>
<tr><td rowspan="2">4º Infantil</td><td>5º Infantil A</td><td>6º Infantil A</td></tr>
<tr><td>5º Infantil B</td><td>6º Infantil B</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td>EDUCACIÓN PRIMARIA</td><td rowspan="2">Manuel Díaz Congil</td></tr>
<tr><td>1ºA e 1ºB</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td colspan="3">EDUCACIÓN PRIMARIA</td><td rowspan="3">Diego Abril Guldrís</td></tr>
<tr><td rowspan="2">2ºA e 2ºB</td><td>3º A e 3ºB</td><td>5º A e 5º B</td></tr>
<tr><td>4ºA e 4º B</td><td>6ºA, 6º B e 6ºC</td></tr>
</table>

## 3. COMPETENCIAS CLAVE A PROMOCIONAR NO CURSO 2023/2024. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PREFERENTE

A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas.

Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto,a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

| COMPETENCIA | DESCRITORES | BLOQUE DE CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
| Comunicación Lingüística (CCL). | Comprender o sentido dos textos escritos<br>Captar o sentido das expresións orais: ordes, expresións, explicacións, indicacións…<br>Manexar elementos de comunicación non verbal ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.<br>Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...<br>Utilizar os recursos doutras linguas nas distintas situacións lingüísticas da realidade escolar. | Contidos Comúns Ed. Física<br><br>O Corpo: Imaxe e Percepción | Opinar con coherencia nas posibles situacións conflitivas que xurdan, aceptando as opinións dos demais.<br><br>Empregar información de temas de interese na etapa, compartila, utilizando fontes de información determinadas e utilizando as TIC como recurso de apoio á área. |
| Competencia matemática e competencia básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). | Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e o exercicio físico.<br>Recoñecer a importancia da ciencia na vida cotiá.<br>Xerar criterios persoais sobre a visión da estética do corpo humano fronte o coidado saudable deste.<br>Interactuar co medio natural de xeito respectuoso. | Habilidades Motrices | Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.<br><br>Mellorar o nivel da súa capacidade físico-motriz, regulando e dosificando o |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | Actividades Físicas Artístico Expresivas | esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.<br><br>Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. |
| Competencia dixital (CD). | Elaborar e publicar información propia derivada da información obtida a través dos medios tecnolóxicos.<br>Utilizar os distintos canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. | Actividade Física e Saúde<br><br>Xogos e Actividades Deportivas | Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.<br><br>Empregar información de temas de interese na etapa, compartila, utilizando fontes de información determinadas e utilizando as TIC como recurso de apoio á área. |
| Aprender a aprender (CAA). | Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas.<br>Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.<br>Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.<br>Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional…<br>Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. | | Mostrar un comportamento persoal e social responsable, respectando a todas as persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.<br><br>Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e/ou crítica.<br><br>Resolver situacións motrices |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | con diversos estímulos, combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de xeito eficaz. |
| Competencias sociais e cívicas (CSC) | Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.<br>Desenvolver capacidades empáticas en situacións de convivencia e traballo e tamén na resolución de conflitos.<br>Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.<br>Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. | | Solventar problemas propios das situación de xogo e de actividades físicas, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades. |
| Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) | Priorizar a consecución de obxectivos grupais aos intereses persoais.<br>Atopar posibilidades no entorno que outros non aprecian.<br>Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.<br>Ser constante no traballo superando as dificultades.<br>Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. | | Mellorar o seu desempeño xeral, regulando e dosificando o esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.<br><br>Resolver retos propios do xogo e das actividades físicas, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades. |
| Conciencia e Expresión culturais (CCEC) | Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.<br>Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.<br>Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. | | Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.<br><br>Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas. |

## 4. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO DIDÁCTICO E METODOLÓXICO PROPOSTO E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os estilos de ensino empregados son:

- Mando Directo
- Descubrimento Guiado
- Asignación de tarefas.
- Resolución de Problemas.
- Microensino
- Libre Exploración

Se ben normalmente nunha mesma sesión se utilizarán máis de un en función dos contidos a desenvolver e os obxectivos a acadar. No posible a tendencia serán os métodos non directivos (Descubrimento guiado e Resolución de problemas; Libre exploración, no caso) porque desenvolven as capacidades dos alumnos dun xeito máis libre, completo, creativo, diverxente e estimulador do pensamento, da reflexión e da decisión, así como da acción motriz. Non obstante os métodos directivos tamén teñen a súa conveniencia, oportunidade, e eficacia nas aprendizaxes máis predeterminadas, técnicas, posturais ou de prevención de saúde (Por exemplo: non podemos aventurar aprendizaxes nas que o alumno incurra nunha acción que pode poñer a súa saúde en risco como hábitos posturais, transportes etc. Neste caso o modelo referencial é moi importante)

As ideas de Globalidade, Individualización e Actividade, marcarán o carácter da metodoloxía na Educación Física.

A idea de Globalidade marcará unha dobre vertente:

- Horizontal: En canto que os bloques de contidos están estreitamente relacionados uns cos outros e en correcta progresión. Ademais tamén hai unha globalidade horizontal co resto das áreas, xa que todas elas apuntan cara un obxectivo: "a formación integral da persoa". Non obstante é verdade que o maior vínculo está coas áreas de Ciencias Naturais e Educación Artística….
- Vertical: Porque existe unha verdadeira progresión planificada dos contidos da área, que vai dende a Educación Infantil ata a Primaria, e que está feita en función da madurez evolutiva, física, biolóxica e psíquica dos rapaces e rapazas.

A idea de Individualización estará marcada porque en todo momento se partirá das características de cada alumno/a e das necesidades que éstes teñan en cada momento, nun intento de que, por un lado, a aprendizaxe sexa significativa, e, por outro lado, se plasme realmente nunha atención á diversidade.

A idea de Actividade plasmarase na actividade do alumnado e non no activismo dos mestres. Serán os nenos e nenas os que, a través dos xogos e actividades plantexadas descubran e alcancen os obxectivos marcados.

Finalmente prestaremos especial atención á eliminación dos comportamentos sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de facer real o principio da "coeducación". Máis no ámbito da interacción interpersoal por éstas ou outras características, impregnando de valores e estímulos positivos ao clima educativo

ORGANIZACIÓN

Estruturación das sesións: A duración de cada sesión será de 45/50 minutos

Parte inicial: (7/10 minutos) consta de 2 partes, unha organizativa e outra práctica:
Organizativa: Recibimento e observación do grupo (listado, comprobación das incidencias que podan incidir na clase: estado físico, condicionantes,material, indumentaria, bolsas de aseo); presentación do traballo a desenvolver.

Posta en acción ou quecemento: Preparación de todo o organismo, a nivel psicolóxico e físico, activando de forma suave, progresiva e global os sistemas muscular e cardio-respiratorio.

Parte principal: (25/30 minutos). É a máis importante, dende o punto de vista curricular, levando a cabo as tarefas que desenvolven os obxectivos principais da sesión. Os contidos axeitadamente planificados, cun criterio válido de ordenación para que o traballo sexa eficaz e conforme ao proxecto curricular do centro.

Parte final: (7/10 minutos)
Volta á calma: Actividades de relaxación (distensión muscular, masaxes/automasaxes, estiramentos, respiracións, xogos sensoriais con escasa ou nula actividade motriz). Equilibrio dende o repouso para adaptarse de xeito óptimo ao novo medio-aula e á nova realidade individual e grupal.

Aseo e hixiene persoal.

Despedida.

A organización do grupo será en función das actividades propostas. Os agrupamentos máis usuais serán o seguintes:

- Gran grupo
- Grupo medio
- Grupo pequeno
- Parellas

- Individuais

En función do número de alumnos, o espazo dispoñible, as disposicións dos materiais e obxectivo da sesión que desenvolvamos, entre outros aspectos.

A fase formativa de varias unidades didácticas completarase coa participación nas mesmas dos adestradores e deportistas dos distintos clubs deportivos. Neste sentido destacar a colaboración do Servizo Provincial de Deportes da Xunta.

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras.

As actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contados.

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algunhas das medidas de atención a diversidade serán o uso de pictogramas, apoio de coidadoras e interpretes de LSE, reforzaremos co apoio doutro compañeiro (titorización), creación na aula dun clima onde non teman expresar as súas dificultades, adaptación de actividades e recursos e atención máis individualizada do profesor.

## 5. UNIDADES DIDÁCTICAS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. AVALIACIÓN INICIAL, PROBAS EXTERNAS E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE.

***1º EDUCACIÓN PRIMARIA***

| *TRIMESTRE* | UNIDADE DIDÁCTICA | TIPO DE AVALIACIÓN | METODOLOXÍA | Nº SESIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| *1º TRIMESTRE* | Saúdamos ao novo curso (xogos de adaptación social e física | Escalas de observación<br>Baterías de test de habilidades básicas | Instrución directa<br>Descubrimento guiado<br>Resolución de problemas<br>Asignación de tarefas<br>Libre exploración | 4 |
| | Acondicionamento físico xeral | | | 5 |
| | Equilibrio | | | 4 |
| | Cordinación dinámica xeral | | | 6 |
| *2º TRIMESTRE* | Ritmo | | | 4 |
| | Expresión corporal | | | 4 |
| | Lateralidade | | | 5 |
| | Coordinación segmentaria | | | 5 |
| | Xogos reglados | | | 6 |
| *3º TRIMESTRE* | Xogos cooperativos | | | 5 |
| | Xogos populares e tradicionais | | | 6 |
| | Xogos con materiais alternativos e de refugallo | | | 4 |
| | Xogos de orientación básica | | | 4 |
| | Actividades e xogos no entorno e na natureza | | | 5 |

**_2º EDUCACIÓN PRIMARIA_**

| *TRIMESTRE* | UNIDADE DIDÁCTICA | TIPO DE AVALIACIÓN | METODOLOXÍA | Nº SESIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| | Saúdamos ao novo curso (xogos de adaptación social e física | | | 4 |
| *1º TRIMESTRE* | Acondicionamento físico xeral | | | 5 |
| | Equilibrio | | | 4 |
| | Cordinación dinámica xeral | | | 6 |
| | Ritmo | | Instrución directa | 4 |
| | Expresión corporal | | Descubrimento guiado | 4 |
| *2º TRIMESTRE* | Lateralidade | Escalas de observación | Resolución de problemas | 5 |
| | Coordinación segmentaria | Baterías de test de habilidades básicas | Asignación de tarefas | 5 |
| | Xogos reglados | | Libre exploración | 6 |
| | Xogos cooperativos | | | 5 |
| | Xogos populares e tradicionais | | | 5 |
| *3º TRIMESTRE* | Xogos con materiais alternativos e de refugallo | | | 6 |
| | Xogos de orientación básica | | | 4 |
| | Actividades e xogos no entorno e na natureza | | | 4 |

***3º EDUCACIÓN PRIMARIA***

| *TRIMESTRE* | UNIDADE DIDÁCTICA | TIPO DE AVALIACIÓN | METODOLOXÍA | Nº SESIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| *1º TRIMESTRE* | Saúdamos ao novo curso (xogos de adaptación social e física) | | | 4 |
| | Acondicionamento físico xeral | | | 4 |
| | Cualidades físicas básicas (velocidade) | | | 5 |
| | CFB (forza) | | | 5 |
| | CFB (equilibrio e axilidade) | | | 6 |
| *2º TRIMESTRE* | Coordinación dinámica xeral | | Instrución directa<br>Descubrimento guiado | 5 |
| | Expresión corporal e ritmo | Escalas de observación | Resolución de problemas | 4 |
| | Lateralidade | Baterías de test de habilidades básicas | | 4 |
| | Coordinación segmentaria | | Asignación de tarefas | 5 |
| | Xogos reglados | | Libre exploración | 6 |
| *3º TRIMESTRE* | Xogos cooperativos | | | 5 |
| | Xogos populares e tradicionais | | | 5 |
| | Xogos con materiais alternativos e de refugallo | | | 6 |
| | Xogos de orientación básica | | | 4 |
| | Actividades e xogos no entorno e na natureza | | | 4 |

***4º EDUCACIÓN PRIMARIA***

| *TRIMESTRE* | UNIDADE DIDÁCTICA | TIPO DE AVALIACIÓN | METODOLOXÍA | Nº SESIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| *1º TRIMESTRE* | Saúdamos ao novo curso (xogos de adaptación social e física) | Escalas de observación<br>Baterías de test de habilidades básicas | Instrución directa<br>Descubrimento guiado<br>Resolución de problemas<br>Asignación de tarefas<br>Libre exploración | 4 |
| | Acondicionamento físico xeral | | | 4 |
| | Cualidades físicas básicas (velocidade) | | | 5 |
| | CFB (forza) | | | 5 |
| | CFB (equilibrio e axilidade) | | | 6 |
| *2º TRIMESTRE* | Coordinación dinámica xeral | | | 5 |
| | Expresión corporal e ritmo | | | 4 |
| | Lateralidade | | | 4 |
| | Coordinación segmentaria | | | 5 |
| | Xogos reglados | | | 6 |
| *3º TRIMESTRE* | Xogos cooperativos | | | 5 |
| | Xogos populares e tradicionais | | | 5 |
| | Xogos con materiais alternativos e de refugallo | | | 6 |
| | Xogos de orientación básica | | | 4 |
| | Actividades e xogos no entorno e na natureza | | | 4 |

***5º EDUCACIÓN PRIMARIA***

| *TRIMESTRE* | UNIDADE DIDÁCTICA | TIPO DE AVALIACIÓN | METODOLOXÍA | Nº SESIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| *1º TRIMESTRE* | Saúdamos ao novo curso (xogos de adaptación social e física) | | | 4 |
| | Acondicionamento físico xeral | | | 4 |
| | Cualidades físicas básicas (velocidade) | | | 5 |
| | CFB (forza) | | | 5 |
| | CFB (equilibrio e axilidade) | | | 6 |
| *2º TRIMESTRE* | Coordinación dinámico xeral | | Instrución directa | 4 |
| | Expresión corporal e ritmo | Escalas de observación | Descubrimento guiado | 4 |
| | Coordinación segmentaria/lateralidade | Probas obxectivas onde amosen os contidos traballados | Resolución de problemas | 6 |
| | Xogos cooperativos | Baterías de test de habilidades básicas | Asignación de tarefas | 5 |
| | Xogos con materiais alternativos e de refugallo | | Libre exploración | 5 |
| *3º TRIMESTRE* | Xogos populares e tradicionais | | | 4 |
| | Xogos predeportivos (bolei,balonman, badminton, balocesstο) | | | 12 |
| | Xogos de orientación básica | | | 4 |
| | Actividades e xogos no entorno e na natureza | | | 4 |

**_6º EDUCACIÓN PRIMARIA_**

| *TRIMESTRE* | UNIDADE DIDÁCTICA | TIPO DE AVALIACIÓN | METODOLOXÍA | Nº SESIÓNS |
|---|---|---|---|---|
| | Saúdamos ao novo curso (xogos de adaptación social e física) | | | 4 |
| | Acondicionamento físico xeral | | | 4 |
| *1º TRIMESTRE* | Cualidades físicas básicas (velocidade) | | | 5 |
| | CFB (forza) | | | 5 |
| | CFB (equilibrio e axilidade) | | | 6 |
| | Coordinación dinámico xeral | Escalas de observación | Instrución directa<br>Descubrimento guiado | 4 |
| | Expresión corporal e ritmo | Probas obxectivas onde amosen os contidos traballados | Resolución de problemas | 4 |
| *2º TRIMESTRE* | Coordinación segmentaria/lateralidade | | | 6 |
| | Xogos cooperativos | Baterías de test de habilidades básicas | Asignación de tarefas | 5 |
| | Xogos con materiais alternativos e de refugallo | | Libre exploración | 5 |
| | Xogos populares e tradicionais | | | 4 |
| | Xogos predeportivos (bolei,balonman, badminton, balocesstto) | | | 12 |
| *3º TRIMESTRE* | Xogos de orientación básica | | | 4 |
| | Actividades e xogos no entorno e na natureza | | | 4 |

A avaliación forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe e está integrada dentro do mesmo. Enténdese a avaliación como un proceso continuo que intenta detectar tanto os obxectivos conseguidos como as dificultades e deficiencias existentes e que impiden o logro dos obxectivos.

Entón, si entendemos avaliar como un elemento de axuda no proceso formativo e educativo do alumnado, avaliaranse tanto os aspectos motores como os cognitivos e actitudinais.

Os instrumentos utilizados serán tanto obxectivos a través da aplicación de tests ou probas cuantificables (Baterías de tests físicos e probas escritas nas que se tratará de medir os coñecementos adquiridos polo alumnado, traballos de investigación...), como subxectivos (guías de observación sistemática tanto a nivel actitudinal como físico).

Rexistro de acontecementos: é unha técnica cualitativa de apreciación que consiste en rexistrar dun xeito sinxelo aqueles aspectos destacables que observemos na aula, ximnasio ou patio, sen ningún criterio preestablecido máis que os obxectivos propios da sesión de traballo.

Reflexións do alumnado: van a ser reflexións individuais ou grupais que plantexa o profesor ao inicio ou ao remate de cada sesión e que serán formuladas mediante preguntas curtas.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero sí unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderiamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevantes para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna

- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:

- Estruturación espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.

- Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pés xuntos), botar un balón.

- Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitude.

- Habilidades xenéricas: condución e botes cun balón nun percorrido establecido.

- Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), axilidade ( circuito), Forza tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco).

- Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.

2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.

3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.

4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Unha programación pode ser algo illado ou un proxecto común co resto dos profesores. Nesta área se favorecerá a coordinación tanto a nivel dos grupos de clase coma dos interniveis tendo como base o PEC e o PCC para levar a cabo determinadas metas educativas (interdisciplinaridade).

Na área de Educación Física son varios os modelos metodolóxicos existentes. Isto non quere dicir que uns desacrediten aos outros. A eficacia vén dada polo uso que fagamos de eles, é dicir, dependen de cómo, cándo, para qué e para quen son utilizados. Neste sentido haberá que ter en conta tamén que calquera actividade ao longo do seu desenvolvemento progresivo pode abordarse con un ou varios métodos.

A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes co nivel evolutivo e madurativo do alumnado.

Partirase de estilos de ensino que favorezcan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

Non podemos descartar outros estilos de ensino como a instrución directa, este método proporciona ao alumno a solución a un problema plantexado, concretando como debe realizar o exercicio, é dicir, proporciona modelos xa construídos que o que buscan é conquerir un rápido rendimento na aprendizaxe do alumno/a.

O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten aproveitando a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural e pode ser multidisciplinar. O desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativa favorecerá a adquisición de multitude de valores e competencias básicas que nos desvelen aspectos traballados. Deste xeito non só observamos os aspectos motrices senón tamén dos ámbitos cognitivos e socio-afectivos.

Tamén terase en conta a autoavaliación do alumno.

Realizaranse 3 avaliacións: a primeira en setembro (avaliación diagnóstica), outra no final do 1º e 2º trimestre (avaliación continua), e outra a final de curso/3º trimestre (formativa e final).

Pártese dunha concepción da avaliación como un elemento formativo e continuo, como parte inherente do propio proceso de ensino-aprendizaxe (D. 105/2014 do 4 de setembro).

Os procedementos son do máis variados en función dos contidos e obxectivos a avaliar, pero fundamentalmente trátase da observación directa ou de producións do alumnado, comprobando que os obxectivos para a que foi deseñada foron acadados.

Completaranse estas observacións con outro tipo de instrumentos como as cuestionarios, que son unha parte fundamental desta avaliación e que realizará o alumnado despois de rematar cada trimestre, o que supón unha fonte de reflexión e información moi valiosa para o deseño da práctica.

En síntese, ou ensino relixioso católico non redúcese a un ensino de valores; diríxese á persoa concreta nas súas raíces, nas súas posibilidades humanas e, sobre todo, diríxese ao ser humano na súa finalidade transcendente.

Ou ensino relixioso contribúe positivamente ao desenvolvemento dá competencia de ***aprender a aprender*** non estudo e reflexión dá Mensaxe cristiá facilitando ou impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario,

propoñendo non só unha proposta consensual de valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha ser crisol na procura dá verdade e do ben.

## TRABALLO CON COMPETENCIAS.

A contribución ao desenvolvemento dás competencias básicas vén marcada polos estándares de aprendizaxe que se concretan en descritores. Lestes trabállanse e avalíanse mediante actividades.

É, por tanto, nas actividades ou tarefas onde incorporamos ou tratamento ou desenvolvemento dás competencias básicas.

Na programación de cada unidade didáctica están marcados vos contidos que se abordan e as actividades que desenvolven as competencias básicas.

Ao final de cada unidade proponse unha avaliación competencial.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE RELIXIÓN CATÓLICA

Son establecer para a Educación Primaria non currículo publicado pola Comisión de Ensino dá Conferencia Episcopal Española.

1. Coñecer, apreciar e respectar ou patrimonio cultural-relixioso como expresión dá fe católica.
2. Comprender e valorar ou sentido sacro, festivo, cultural e celebrativo dás festas e vos seus ritos especialmente na liturxia dá Igrexa.
3. Coñecer e manexar a Biblia recoñecendo a súa estrutura de forma básica. Identificar ou sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.
4. Comprender a relación intrínseca entre valóresvos básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.
5. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e dá morte, polo seu Fillo Xesucristo, apreciando a acción salvífica dá Igrexa, Corpo de Cristo, movida polo Espírito.
6. Identificar ou significado dalgúns textos básicos dá mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión dá acción do Espírito Santo na Igrexa e non mundo.
7. Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida, ou fundamento para un estilo de vida cristián.
8. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e ou servizo eclesial prestado polos apóstolos e vos seus sucesores.
9. Recoñecer valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas dá historia dá Salvación.

10. Valorar a relación entre a fe e ou comportamento cristián, coñecendo as raíces e ou sentido dá acción e do compromiso cristián.

11. Descubrir a relación entre ou destino eterno do home e a realidade temporal na que está vivindo, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte.

12. Descubrir e apreciar a síntese dous elementos básicos dá fe cristiá presentes non Credo dá Igrexa.

## VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS E COMPETENCIA

| OBXECTIVOS | COMPETENCIA ESPECÍFICA DÁ ÁREA | COMPETENCIA |
|---|---|---|
| 1. Coñecer, apreciar e respectar ou patrimonio cultural-relixioso como expresión dá fe católica. | ▪ Cultural e histórica | ▪ Comunicación lingüística |
| 2. Comprender e valorar ou sentido sacro, festivo, cultural e celebrativo dás festas e vos seus ritos especialmente na liturxia dá Igrexa. | ▪ Cultural e histórica | ▪ Comunicación lingüística |
| 3. Coñecer e manexar a Biblia recoñecendo a súa estrutura de forma básica. Identificar ou sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus | ▪ Cultural e histórica | ▪ Comunicación lingüística<br>▪ Aprender a aprender |
| 4. Comprender a relación intrínseca entre valóresvos básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai. | ▪ Humanizadora | ▪ Social e cívica,<br>▪ Aprender a aprender |
| 5. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e dá morte, polo seu Fillo Xesucristo, apreciando a acción salvífica dá Igrexa, Corpo de Cristo. | ▪ Sentido transcendente | |
| 6. Identificar ou significado dalgúns textos básicos do mensaxe cristián, que faciliten a comprensión dá acción do Espírito Santo na Igrexa e non mundo. | ▪ Humanizadora | ▪ Lingüística,<br>▪ Aprender a aprender |
| 7. Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida, ou fundamento para un estilo de vida cristián. | ▪ Humanizadora,<br>▪ Sentido transcendente | ▪ Social e cívica, |
| 8. Identificar a Igrexa nas súas | ▪ Sentido e | ▪ Social e cívica, |

| | | |
|---|---|---|
| manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e ou servizo eclesial prestado polosapó stolos e vos seus sucesores. | transcendencia<br>▪ Humanizadora | |
| 9. Recoñecer valóresvos cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas dá historia dá Salvación. | ▪ Ético-social,<br>▪ Humanizadora | |
| 10. Valorar a relación entre a fe e ou comportamento cristián, coñecendo as raíces e ou sentido dá acción e do compromiso cristián. | ▪ Humanizadora,<br>▪ Ético-social,<br>▪ Sentido transcendente | |
| 11. Descubrir a relación entre ou destino eterno do home e a realidade temporal na que está vivindo, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte. | ▪ Sentido transcendente | ▪ Aprender a aprender |
| 12. Descubrir e apreciar a síntese dous elementos básicos dá fe cristiá presentes non Credo dá Igrexa. | ▪ Epistemolóxica,<br>▪ Sentido transcendente, | ▪ Aprender a aprender |

## Criterios de avaliación e de cualificación

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das Competencias do alumno de Primeiro Curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo. Esta proposta pode servir como referente.

Criterios

1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).

- Realización sen axuda externa.
- Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.
- Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.
- Orde e limpeza na presentación.
- Caligrafía.
- Destrezas.
- Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.

• Valoración entre o traballo en clase e en casa.

• Creatividade.

2. Probas orais e escritas. • Valoración da aprendizaxe dos contidos.

• Valoración dos procesos seguidos e resultados.

• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade.

Coherencia e adecuación.

• Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade.

• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.

• Caligrafía legible.

• Tempo de realización.

• Destrezas.

3. Actividades TIC. • Uso adecuado e guiado do computador e dalgunha ferramenta telemática.

• Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.

• Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).

• Grao de elaboración da resposta.

• Interese, motivación.

4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...).

• Nivel e calidade das intervencións.

• Mensaxe estruturada.

• Uso de vocabulario apropiado.

• Comportamento.

• Esforzo.

• Interese.

5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.

• Capacidade de traballo cooperativo.

• Grao de comunicación cos compañeiros.

• Resolución de conflitos.

• Interese, motivación.

• Creatividade.

• Iniciativa.

• Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo.

6. Dossier de traballo individual.

• Presentación clara e ordenada.

• Actualizado.

• Razoamento da selección das producións que forman o dossier.

**6. Dossier de traballo individual. • Presentación clara e ordenada.**

**• Actualizado.**

**• Razoamento da selección das producións que forman o dossier.**

**Cualificación dá área:**

Logro académico global é ou 70%

Tarefas, actitudes, compromiso escolar, responsabilidade é ou 30%

TEMPORALIZACION

| | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SEPT | Fiome de ti | Un gran agasallo | Somos historia | Ha moitos anos | Quero ser feliz | Abba, papá |
| OCT | Abrimos vos ollos | Esperámoste | Facemos un trato | Perdoasme? | Así contáronnos | Un tesouro descoñecido |
| Nov | Ou aniversario de Xesús | Benvido | Estamos xuntos | Anuncio boa nova | Xesús trae a felicidade | Cento per cento feliz |
| DIC | Ou valor dá amizade | Un gran libro | E ou meu Fillo amado | Podo axudarte | Pasou facendo ou ben | Carreira de obstáculos |
| ENER | Onde viviu Xesús? | Unha gran amizade | Dános a vida | Tampouco condeote | A Alianza | Unha misión apaixinante |
| FEBREIRO | Vida | Unha semana importante | Aprendemos a ser felices | Camiño á vida | Un amor grande | Está vivo!!! |
| MARZO | Unha gran familia, a sua casa | Formamos unha familia | Online: Deus falanos | Pidoche perdón | Está vivo | Testemuñas |
| ABRIL | Estamos de festa | Un equipo unido | María, nosa nai | Unha gran festa | Temops unha misión | Ou servizo dous demáis |
| MAIO | Que lembranzas | Un ano especial | Valeu a pena | Camiñamos xuntos | Descubrimos ou camiño | Cánto teño apreso |
| XUÑO | Repaso | Repaso | Repaso | Repaso | Repaso | repaso |

# EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

## Plan Xeral Anual para o curso 2023-24

## 1-EQUIPO DOCENTE DA COMISIÓN

EDUCACIÓN INFANTIL

-Montse Pérez Vázquez

-Arcadio Rodríguez Vázquez

PRIMEIRO E SEGUNDO NIVEL:

- Juan Santiago Iglesias Sanlés

TERCEIRO E CUARTO NIVEL:

-Mª Estefanía Fernández Varela

- Cristina Fariñas Rey

QUINTO E SEXTO NIVEL

- Mª Dolores Gómez Pérez

-Mª Mercedes Acevedo Álvarez

COORDINACIÓN:

-Mª Dolores Gómez Pérez

## OBXECTIVOS DO EDL AO LONGO DO CURSO 2022-2023

O **obxectivo xeral** deste equipo é fomentar o emprego da **lingua galega** entre toda a comunidade educativa, dun xeito positivo, intentando acadar a competencia lingüística das dúas linguas oficiais da nosa comunidade así como dinamizar e fomentar o emprego das distintas linguas que se estudan na nosa comunidade educativa.

Os **obxectivos específicos** que nos propoñemos para acadar o proposto son os seguintes:

1. Asegurar a competencia da lingua galega por parte de todo o profesorado e alumnado.

2. Informar a toda a comunidade educativa de calquera tema ou novidade (lexislativa, editorial, actividades, …) co fin de fomentar e normalizar o galego.
3. Desenvolver actividades, proxectos ou unidades didácticas que favorezan o coñecemento da nosa comunidade, cultura e lingua.
4. Adquirir material editorial, bibliográfico e didáctico co fin de realizar actividades para favorecer e facilitar o coñecemento do galego e garantir un uso adecuado do mesmo.
5. Conmemorar as festas tradicionais na comunidade escolar, especialmente a conmemoración da festividade das Letras Galegas.

.

## LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO A REALIZAR E PREVISIÓN DE ACTIVIDADES

As actividades previstas para este proxecto estarán este ano relacionadas co noso PDI, dedicado a traballar as distintas culturas no mundo . Quedan divididas do seguinte xeito:

A DESENVOLVER AO LONGO DO PRIMEIRO TRIMESTRE

- CARPETA VIAXEIRA

Todo o colexio participa nesta actividade. Esta carpeta está na casa de cada alumno ou alumna durante unha semana para que toda a familia poida desfrutar do seu contido. Cremos que é fundamental que o titor ou titora revise, cando o alumnado trae de volta a carpeta, que todos os materiais estean en bo uso para poder despois avisar aos membros do EDL e paliar os posibles defectos. Os membros da comisión estarán pendentes trimestralmente da marcha da carpeta.

- INTERCAMBIOS LECTORES: semana do 13 ao 17 de novembro

Segundo a lista que se expón a continuación o alumnado contará á clase que lle toque un conto, adiviña, cantiga… en galego.

6º A contará o conto a 6º infantil A

6º B, a 6º infantil B

6ºC, a 5º infantil A

5º A, a 5º infantil B

5º B, a 4º infantil A

4º A, a 2ºB

4º B, a 1ºA

3º A, a 1º B

3º B, a 2º A

-A DESENVOLVER AO LONGO DO SEGUNDO TRIMESTRE

- DÍA DE ROSALÍA: 23 febreiro

Adaptaremos o que a Asociación de Escritores e Escritoras de Galicia nos faga chegar para homenaxear a Rosalía de Castro.

- BIBLIOTECAS VIVENTES: 18 ao 22 marzo

Invitarase a persoas relacionadas co tema do PDI, neste caso avós, avoas, nais, país... de distintas culturas para que lles falen ao noso alumnado. Cada grupiño de 6 alumnos estará con cada unha das catro persoas invitadas. É una actividade plantexada para 3º de primaria.

A DESENVOLVER AO LONGO DO 3ª TRIMESTRE

- INTERCAMBIOS LECTORES: 22 ao 26 de abril

Trátase de volver recoller unha das historias do primeiro trimestre para contarllela á clase que lle toque a cada grupo. Esta vez o turno faise de xeito inverso, é dicir, os que xa leron son agora os que escoitarán a historia da clase á que lle leron.

- SEMANA LETRAS GALEGAS: maio (LUISA VILLALTA)

O EDL facilitará información ás titorías da escritora homenaxeada este ano, Luisa Villalta, ademais de preparar a festa co distintas actividades.

  - REVISTA A VOZ DO MARISCAL

  A revista do colexio volverá a editarse este ano, recollendo todo o sucedido o longo deste curso: festas, celebracións exposicións, saídas, traballos individuais, traballos en equipo... Seguiremos co modelo de Publisher para que cada mestre mestra entregue o seu material nesta folla. Pedirase que os traballos veñan revisados previamente polos titores Avisarase do xeito mellor de entrega e axustaranse a unha serie de normas como o número de paxinas ou a data tope d entrega, que será este ano o 2 de maio de 2024.

  - RELATO CURTO PARA 5º E 6º DE PRIMARIA: (22 de abril)

Será de carácter voluntario, para traballar na casa. Entregaranse unhas bases por escrito marcando o número de palabras, tip de letra, etc. Os gañadores ou gañadoras levarán como premio a publicación na revista escolar do seu relato e un agasallo.

  - PORTADA DA REVISTA (22 de abril)

Dirixido a todo o alumnado do colexio e terá carácter voluntario

# COMISIÓN DE BIBLIOTECA- TAC

## 1. EQUIPO DOCENTE DA COMISIÓN

| PROFESORADO COMPOÑENTE DA COMISIÓN | CICLO, CURSO OU ESPECIALIDADE |
|---|---|
| Rubén Bautista Pérez Pérez | 1º ciclo-Coordinador |
| Rosa María Cameselle Fernández | Infantil |
| María Costas Losada | Infantil |
| Paula Montero González | Infantil |
| Manuel Díaz Congil | 1º ciclo |
| Paula Iglesias Fernández | 2º ciclo |
| Pablo Alonso Adrio | 3º ciclo |
| Paula Abalde González | P.T. |
| Pablo Gallego Salgado | A.L. |
| Marta Reboreda Domínguez | P. T. |

## 2. OBXECTIVOS A ACADAR AO LONGO DO CURSO 2023-2024

1. Promover a biblioteca para facer dela un centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
2. Fomentar o uso da biblioteca como un espazo creativo das aprendizaxes onde teñen cabida recursos e linguaxes diferentes (dixital, manipulativo, experimental, deseño, radio,...)
3. Potenciar a integración do PDI na dinámica escolar coa coordinación das diferentes comisións (planificación anual de actividades conxunta entre EDNL, TAC e BE) facilitando así a procura de recursos, organización de actividades e traballo das titorías

   Como centro de recursos da información e aprendizaxe, esta comisión integra a comisión TAC, integrada por Manuel Díaz (Cord) e Pablo Gallego , responsables tamén da elaboración e seguemento do Plan Dixital.

## 3. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO A REALIZAR E PREVISIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRES. COMPETENCIAS CLAVE DE CADA ACTIVIDADE

| ACTIVIDADES E PROXECTOS | OBXECTIVOS E COMPETENCIAS | DATAS DE REALIZACIÓN |
|---|---|---|
| .- Formación de equipos de voluntarios de 5º e 6º | 1, (CCL, PSAA, CD) | .- Outubro |
| .- Selección dos itinerarios lectores | 1, 2 (CCL) | .- Outubro |
| .- Mochilas viaxeiras para todo os niveis de infantil e primaria | 1, 2 (CCL, PSAA) | .- De outubro a maio |

| | | |
|---|---|---|
| .- Apertura durante os recreos co apoio dos equipos de voluntarios | 1 (CCL, CD, PSAA) | .- De outubro a maio |
| .- Biblioteca creativa: robots, tabletas, app, deseño e impresión 3D, costura, actividades STEAM | 2 (CD, PSAA) | .- De outubro a maio |
| .- Radio escolar | 2 (CCL, PSAA, CC) | .- De outubro a maio |
| .- Formación do profesorado e voluntariado na xestión e uso do programa Koha | 1(CD) | .- Outubro |
| .- PDI: fase de motivación | 3 (CCL, PSAA, CD, CC, CE) | .- Outubro |
| .- Exposicións temporais: medo, nadal | 1, 2 (CCL) | .- De outubro a decembro |
| .- Dinamización do blog como medio de comunicación e difusión das actividades da comunidade educativa | 1, 2 (CD) | .- Todo o curso |
| ACTIVIDADES E PROXECTOS | OBXECTIVOS E COMPETENCIAS | DATAS DE REALIZACIÓIN |
| .- PDI: fase de desenvolvemento | 3 (CCL, PSAA, CD, CC, CE) | .- De xaneiro a abril |
| .- Revisión do Proxecto Lector | 1 (CCL) | .- De xaneiro a abril |
| .- Exposicións temporais: día da Paz, Entroido, Rosalía, Poesía | 1, 2 (CCL) | .- De xaneiro a abril |
| ACTIVIDADES E PROXECTOS | OBXECTIVOS E COMPETENCIAS | DATAS DE REALIZACIÓIN |
| .- Presentación do produto final do PDI | 3 (CCL, PSAA, CD, CC, CE) | .- Semana do libro |
| .- Exposición temporal: Letras Galegas | 1, 2 (CCL) | .- Maio |
| .- Aprobación da actualización do Proxecto Lector | 1 (CCL) | .- Maio |

## 4. TRABALLO CONXUNTO DAS COMISIÓNS. PROPOSTAS ORGANIZATIVAS

Na procura de promover a coordinación entre as diferentes comisións desde este equipo potenciaremos a difusión das propostas a través do blog da biblioteca e a organización conxunta dalgunhas delas.

## 5. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES A DESENVOLVER E DA CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS

A avaliación do Plan anual de lectura farase en tres fases e atendendo aos criterios que especificamos a continuación:

| | |
|---|---|
| Avaliación inicial | Utilizaremos como punto de partida a memoria do curso pasado |

| | |
|---|---|
| Avaliación continua | A partir das necesidades detectadas faremos propostas e rexistraremos as dificultades atopadas |
| Avaliación final | Determinaremos o grao de consecución dos obxectivos. Na memoria faremos constar os logros, as dificultades e as propostas de mellora. Avaliaremos as propostas levadas adiante con toda a comunidade educativa. |

Os criterios de avaliación son:

- Fomentar a “vida de biblioteca” mediante actividades de dinamización da lectura, escrita, linguaxes dixital, ...
- Mellorar a integración do Proxecto Documental no currículo do centro.
- Adecuar o novo espazo as necesidades da nosa comunidade educativa favorecendo unha biblioteca mais inclusiva, aberta e dinamizadora.

Os instrumentos de avaliación son:

- Enquisas aos diferentes membros da Comunidade Educativa
- Rexistro de datos de lectores e empréstitos
- Materiais elaborados
- Observación directa
- Libro de rexistro

# EQUIPO DOCENTE DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

## 1.-EQUIPO DOCENTE DA COMISIÓN

PROFESORADO COMPOÑENTE DA COMISIÓN CICLO, CURSO OU ESPECIALIDADE

Natalia Villanueva Rey (coordinadora) Educación Infantil

María del Carmen Corbal Educación Primaria

Mónica Otero Xefa de estudos

2. OBXECTIVOS A ACADAR AO LONGO DO CURSO 2023-2024

Esta comisión plantéxase como obxectivo central, promover, organizar e colaborar na realización das actividades necesarias para manter a celebración da festa que lle foi asignada no Claustro de principio de curso que foi Nadal, así como participar na decoración do colexio en momentos puntuais como Benvida ao novo curso.

Os obxectivos concretados para este curso serán:

- Mellorar a planificación de Nadal do curso pasado, cun calendario claro e a anticipación de actividades e materiais.
- Elaborar un dossier sobre actividades complementarias , cos contactos e avaliacións das mesmas.
- Unificar actuacións a nivel de centro con respecto as actividades( autorizacións, contactos transporte , itinerarios educativos)
- Centralizar a información de ofertas de saídas , propuestas educativas… e distribuilas aos diferentes ciclos.

## 3. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO A REALIZAR E PREVISIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRES. COMPETENCIAS CLAVE DE CADA ACTIVIDADE

ACTIVIDADES E PROXECTOS OBXECTIVOS E COMPETENCIAS DATAS DE REALIZACIÓN

NADAL

Última semana lectiva de Decembro ( festival, obradoiro, concurso postais, canción LSE)

## 4. TRABALLO CONXUNTO DAS COMISIÓNS. PROPOSTAS ORGANIZATIVAS

O traballo das distintas comisións este curso vai estar na mesma liña, tendo como referencia o tema do PDI "As culturas ". Artellaranse propostas conxuntas para traballar o proxecto e que non se solapen actividades de diferentes comisións.

## 5. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES A DESENVOLVER E DA CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS

As estratexias de evaluación das diferentes actividades será a observación directa do desenvolvemento das mesmas, a propia reflexión dos membros da comisión das dificultades atopadas e as impresións manifestadas polos membros da comunidade educativa.

Como instrumento de evaluación poderanse facer cuestionarios ao profesorado e ao alumnado para valorar os aspectos tanto positivos como negativos de todas as actividades realizadas

# COMISIÓN DIDÁCTICA DO MEDIO AMBIENTE

## 1.-EQUIPO DOCENTE DA COMISIÓN

| PROFESORADO COMPOÑENTE DA COMISIÓN | NIVEIS OU ESPECIALIDADE |
|---|---|
| DIEGO ABRIL GULDÍS | Mestre Educación Física |
| LAURA MATEOS ALONSO | Titora Infantil |
| JOSE ANTONIO FEAL | Mestre Lingua Galega (1,3º e 4º) |
| MARÍA JOSÉ LÓPEZ RODRÍGUEZ (Coordinadora) | Titora de 4º Primaria |
| MARÍA GOÑI | Titora de 6º de primaria |
| LAURA GARMILLA MANCHO | Mestra AL |

## 2. OBXECTIVOS XERAIS A ACADAR AO LONGO DO CURSO 2023-2024: COMPETENCIAS CLAVE

- Sacar proveito todos, independentemente da súa idade e dentro das súas posibilidades, dun espazo da escola axeitado para esta tarefa.
- Ofertar á Comunidade Educativa unha **HORTA ESCOLAR** como fonte de **RECURSOS DIDÁCTICOS.**
    - abonado natural da terra, contando coa compostaxe como enriquecemento e a vermicultura (axudámonos do traballo de animais descompoñedores)
- A biodiversidade e a importancia da protección das especies autóctonas.
- Comprobar experiencialmente a repercusión da choiva , o frío, o vento e o sol na vida das plantas e o traballo do campo..
- Valorar o traballo daquelas persoas que teñen na produción de alimentos a súa fonte de vida .
- Traballar desde a inclusión, respectando os diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe, proporcionando ferramentas e habilidades para traballar en equipo, respectando a todos por igual, independentemente do seu xénero. Como dicía Víctor Hugo, a primeira igualdade é a equidade.
- Observar, esperar, cooperar, compartir e respectar… como VALORES.
- Valorar os vexetais na alimentación. A dieta equilibrada.
- Traballo ao aire libre e en invernadoiro, potenciando o seu uso para crear novas plantas (por sementes ou estacas) ou para facilitar o seu desenvolvemento facilitándolles mellores condicións de temperatura e humidade.
- Afondar na conciencia medioambiental da comunidade educativa: respecto polo medio, uso da auga, biodiversidade, enerxías limpas, residuos, compostaxe.
- Fomentar saídas escolares a espazos naturais e afondar nestas nos diferentes aspectos medioambientais, coñecendo mellor a nosa flora e fauna autóctona.

- Continuar o traballo no proxecto Voz Natura, recompilando toda a temática traballada nas anteriores edicións.
- Facer papel reciclado, xabón, sales de baño e obxetos de refugallo.
- Coñecer a flora e fauna da nosa contorna, recoñecendo a súa importancia medioambiental.

## 3. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO A REALIZAR E PREVISIÓN DE ACTIVIDADES.

Continuar co traballo na "HORTA ESCOLAR" ofertando as posibilidades pedagóxicas deste espazo dende Primeiro ata sexto de Primaria, tanto a través da suxestión de actividades e apoio á realización das mesmas como poñendo a disposición dos interesados (Edu. Inf.) espazos para realizar os proxectos e tarefas que consideren de interese.

Este curso adicarémonos:

- Coidado de plantas a cargo do alumnado de Infantil e Primaria do centro (regar, limpar, abonar...), e do exterior.
- Ampliación do "Hotel de insectos"e a realización de comederos de paxaros e casitas para os mesmos.
- Procurar a comprensión global do proceso de cultivo/crecemento das plantas a través do seguimento completo do seu ciclo vital.
- Coñecer e comprender a utilidade das plantas (alimentos, tecidos…) para o ser humano. Coñecer a orixe de alimentos fundamentais da nosa dieta e a súa importancia nutricional.
- Mellorar a implicación por cursos tendo un membro da Comisión como referencia.
- Estender o proxecto máis alá do espazo do propio horto, incluíndo actividades sobre protección do medio ambiente, enerxías renovables, hábitos de consumo responsable de auga e enerxía, valoración das especies autóctonas…
- Depositar os restos orgánicos no composteiro do patio de Primaria na hora do recreo ou nas entradas e caídas, para que poidan ter acceso as familias
- Plantación e cultivo de alimentos .
- Charlas de Sogama de Medio Ambiente.
- Celebración da semana do Medio Ambiente.
- Propoñer actividades interactivas. Na páxina web do colexio
- Realización de distintos obradoiros: Sales de baño, análise do chan, do pH, preparación de semilleros, compostaxe, sobre a fauna e flora...
- Decoración de cubos/macetas.
- Decoración da horta: pintado de postes de madeira, colocación de distinstos carteis cos nomes das plantacións, das aves da nosa horta...

## 4.TRABALLO CONXUNTO DAS COMISIÓNS:

Faremos propostas as outras comisións para que traballen e saquen temas referidos oa  a horta, e estaremos dispostos a colaborar en tódalas actividades que o centro e as distintas comisións  propoñan.

## 5.TEMPORALIZACIÓN DO CURSO:

**Setembro e Outubro:**

- Desbrozar cos alumnos do terceiro ciclo
- Transplantar o aguacate e pechar con paos, e oa planta de café (Para Primavera)
- Pedir suxerencias para Medio Ambiente nos ciclos
- Planificar os obradoiros de Xaruma para Infantil e Primaria
- Sementes: Doación de sementes
- Proxecto dos aguacates
- Preparar o "SAMAGOSTÍN" O 31 DE OUTUBRO: Decoración do Colexio cunha castaña terrorífica, xogos populares, contratar castañeira, nota informativa as familias, decoración de cabazas terroríficas(enteiras), preparar Playlist con música de Samain e Magosto (M. Jackson, Bruno Mars, Himno do Celta, Os esqueletos…), Bailes x aulas

**Novembro e Decembro:**

- Facer comedeiros para os paxaros da contorna
- Decoración do interior de centro con plantas de interior
- Transplantar os Physalis a zona de fora
- Preparación de carteis para a horta
- Horta vertical
- Preparar os palés para o exterior

Xaneiro e Febreiro:

- Cultivos de inverno
- Preparación de charlas para Infantil e Primaria
- Mercar bolsas de reciclaxe de papel e plástico

Marzo e Abril:

- Comenzar cos obradoiros de Xaruma
- Preparación de bancais para os cultivos de primavera
- Horta vertical
- Transplantar árbores e plantas da horata para o patio

Maio e Xuño:

- Obradoiros na horta
- Obradoiros de Xaruma
- Novas plantacións
- Reposición de plantas ornamentáis
-

## 6.PROXECTOS DA COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE:

O Proxecto que presentamos este ano á convocatoria Voz Natura é a continuidade do traballo medioambiental que levamos facendo no noso Centro desde hai anos e que se foi concretando na participación en concursos de recollida de pilas, plantacións de árbores nos montes da contorna, participación en proxectos de innovación da Consellería de Educación, múltiples saídas a diferentes puntos da comunidade de especial interese medioambiental (parques naturais, granxas-escola...), actividades de reciclaxe (papel e plástico), disminución do consumo de plásticos ou de concienciación no uso responsable dos recursos (é moi especialmente da auga) ou o deseño e impulso do proxecto de reforestación levado a cabo no ano 2018 que culminou coa plantación por varios colexios da zona no punto 0 da vaga de lumes que asolou a bisbarra de Vigo no ano 2017. Esta plantación, de árbores sementadas no propio colexio, pretende ter continuidade anual coa colaboración das Comunidades de Montes do Concello, de árbores como o Carballo e o Bidueiro.

Con este proxecto **“Convivir e protexer a nosa contorna”,** gustaríanos que toda a Comunidade Educativa, alumnado, familias e mestres/as do Centro involucráranse no coidado, protección e respeto do medio ambiente. Mediante a observación do medio físico, coñecemento e respeto polos ciclos da natureza, alimentación saúdable, respeto e conservación da biodiversidade, uso responsable da auga e o traballo na nosa horta. Facendo da horta un espazo que favorezca as Competencias do noso alumnado e o seu desnvolvmento persoal. Así como no coidado e protección da nosa flora e fauna, adquirindo coñecementos sobre as especies autóctonas da nosa contorna.

Tamén participaremos nun contrato programa Innova 2023/24 EDUsostenibilidade.

*Programa de benestar para unha convivencia inclusiva*



# CEIP ESCULTOR ACUÑA

## 1. INTRODUCIÓN

O CEIP Escultor Acuña é un centro urbano sito en Vigo no barrio de Coia e creado no ano 1985. Impartimos actualmente as etapas de Educación Infantil e Primaria. Dende a propia implantación da LOGSE (1990) somos un centro de referencia para a atención de alumnado xordo e hipoacúsico. Estes trinta anos recibimos alumnado destas características de Vigo, da súa área de influencia e mesmo doutras áreas educativas, creando na comunidade escolar unha cultura de sensibilización cara a este colectivo, aos seus dereitos e necesidades e conformando un desempeño profesional específico neste ámbito.

A Lingua de Signos Española (LSE) é unha das linguas de referencia para todo o centro, e mostra dilo é que dos 35 mestres que hoxe, 2023, están en plantilla o 53% ten formación acreditada en lingua de signos española (LSE).

Ademais, dende o ano 2015 vimos rexistrando un cambio significativo na diversidade do noso alumnado, reducíndose progresivamente o número de alumnado hipoacúsico e aumentando outras NEE: TEA, TXD, enfermidades raras… polo que consideramos moi necesario no noso centro un programa de convivencia inclusiva que favoreza a integración de todo o alumnado.

Con este obxectivo, vimos realizando no centro diferentes actividades que tocan distintas liñas de traballo centradas na inclusión, nas metodoloxías activas, DUA (deseño universal de aprendizaxe), na aprendizaxe cooperativa, na creatividade musical e na autoxestión emocional.

Este programa de Convivencia Inclusiva ten como finalidade axudar aos alumnos/as a mellorar a súa integración no centro, a favorecer a xestión emocional e a mostrarlles aos estudantes a gran diversidade de persoas que convivimos nunha aula; que cada neno/a ten o seu proceso, as súas vivencias e a súa realidade persoal coas súas fortalezas e resistencias. Ademais de proporcionarlles ferramentas para xestionar as súas emocións conseguindo así unha mellor convivencia e integración no centro educativo.

"Todos somos diferentes e iso nos fai únicos"

## 2. XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA

Segundo a lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro e na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, no seu artigo 4 a "finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a

creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria." No seu Artigo 6, nos principios pedagóxicos, "prestarase especial atención á orientación educativa, a acción titorial e a educación emocional e en valores.

## 3. AVALIACIÓN INICIAL OU PUNTO DE PARTIDA

Análise DAFO:

1.Debilidades:

-Temos que incorporar só o que está testado e sabemos que funciona. Os nosos ritmos de avance tecnolóxico non poden ser os mesmos do resto da sociedade.

-Debemos ensinar e aprender dende a intención de minimizar os erros e marcar pautas seguras de progreso, porque para o noso alumnado é fundamental evitar bloqueos e erros dos que os nosos rapaces non poderán recuperarse de forma autónoma.

-É moi complicado neste contexto visibilizar na rede o que facemos porque a nosa prioridade está nunha realidade educativa extremadamente demandante, centrada nas necesidades do día a día e nos pequenos avances, que para o alumnado deste centro significan conquistas.

-Falta de persoal ATE para poder dar a atención que precisa moito no noso alumnado con TEA.

-Recursos financeiros escasos

2. Fortalezas

-Equilibrio tradición/innovación: as características do noso alumnado nos obriga a estar permanentemente á procura de novos métodos de ensino. Somos fundamentalmente diversos.

-Inclusión sempre: non pode quedar ningúen atrás. Así que pelexamos para aprender Lingua de Signos (LSE) e por comunicarnos, adaptamos as clases para que todo@s teñan cabida, traballamos baseándonos no DUA, implementamos comunicadores con sistemas alternativos de comunicación.

-Aprendizaxe funcional: o desenvolvemento de competencias e as aprendizaxes orientadas á adquisición da autonomía priman sempre fronte aos contidos.

-Consenso: as decisións que tomamos en equipo parten dunha cultura de diálogo.

-Capital humano definitivo, capacitado de modo específico e comprometido coa inclusión.

-Recursos materiais de carácter excepcional tanto estruturais do centro (gabinetes, bucles magnéticos, emisoras, aula multisensorial, tres liñas de autobús…) como educativos (bancos de recursos, pictografiado, material adaptado,…).

-Experiencia educativa colectiva imposible de cuantificar pero de incalculable valor á hora de realizar adaptacións metodolóxicas tanto individuais como colectivas.

–Boa relación con entidades e centros educativos cos que traballamos conxuntamente a prol da inclusión.

3. Ameazas:

-Falta de financiación adecuada

-Perda de persoal clave

-Limitacións técnicas

-Falta de formación do profesorado en certos eidos.

- Ausencia dun laboratorio científico no centro

4. Oportunidades:

-Rateo profesor/ alumno/a adecuado

-Entorno dinámico e complexo que obriga ao cambio continuo

-Eliminación de barreras

-Necesidade de formación continua

## *4.OBXECTIVOS DO PROGRAMA*

-Visibilizar a igualdade nun espazo físico no centro.

-Enxalzar a relevancia da muller na sociedade actual e ao longo da historia.

-Crear un sentimento de repulsa ante a violencia contra a muller, no alumnado. Violencia de xénero. (Igualdade).

-Promover e valorar o dereito a ser diferente aceptando e valorando as diferenzas individuais do alumnado como forma de enriquecemento da escola e a sociedade.

-Fomentar e favorecer relacións de igualdade e respecto cara a diversidade do alumnado con máis barreiras.

-Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.

-Reflexionar sobre os estereotipos e roles de xénero que nos impiden ser e expresarnos libremente.

-Aprender a identificar e xestionar as emociones propias e alleas.

-Incluír a educación emocional como un eixe transversal nas actividades que realizamos a nivel de centro.

-Adquirir e desenvolver competencias emocionais en toda a comunidade educativa.

-Implementar titorías entre iguais para promover a inclusión xa que os menos/as teñen a oportunidade de compartir en grupo.

## *5. ACTIVIDADES*

- Actividades de acollida para o noso alumnado de nova incorporación ao centro educativo: carreira de relevos, dinámicas de grupo dende a titoría, como a maleta, a diana, o ovillo, xogos de presentación…
- A titoría entre iguais pretende mellorar a relación entre o alumnado do centro así como proporcionarlle ferramentas para xestionar conflitos.
- Xogos para resolver conflitos por medio de role play no que os alumnos/as vivencias situacións que acontecen na aula
- Xogos para mellorar a comunicación que permiten a escoita activa entre os participantes expresando os seus sentimentos.
- Obradoiros das emocións, impartidas pola "Escola de Emocións"
- Obradoiros " Igualarte" para sensibilizar ao alumnado coa discapacidade
- Celebración do "Día Internacional das linguas de signos" 23 de setembro
- Semana do respecto e da tolerancia coa que pretendemos que os/as estudantes adquieran actitudes de respecto e tolerancia coa diversidade.
- Mulleres na ciencia: celebraremos o 1 1 de febreiro para fomentar o coñecemento de mulleres científicas.
- Maletas del CFR: trataremos dun xeito transversal temas de gran importancia como a educación afectivo-sexual, cambios do corpo na adolescencia, o amor, a sensibilización sobre diferentes capacidades, diferentes tipos de familias, distintas emocións, bulling, rexeitamento, estereotipos…

Por último, ao longo de todo o curso realizamos as seguintes actividades co fin de impulsar a inclusión do alumnado con NEE e NEAE, como garante dunha sociedade diversa e xusta.

- Horarios adaptados e visibles



- Anticipacións, historias sociais e normas claras e visible






- Visitas ao centro escolar para anticiparlle ao alumnado TEA información relevante sobre o seu titor, a súa aula…

- Actividades multiniveis para dar cabida a todo o alumnado segundo as súas necesidades



➢ Creación de situacións de aprendizaxe cooperativas, desenvolvemento de competencias e constante adaptación de pedagoxías, tempos, espazos…










➢ Actividades para fomentar a aprendizaxe da LSE como vehículo social de inclusión impartida pola Asociación de Xordos de Vigo



## 6. AVALIACIÓN DOS RESULTADOS ACADADOS

Plasmamos a continuación un cadro cos indicadores de logro formulados polo equipo coordinador das actividades para comprobar o grado de adquisición dos obxectivos propostos e implantar as melloras pertinentes co fin de mellorar a convivencia no centro e conseguir o noso propósito.

| INDICADOR DE LOGRO | RESULTADOS OBTIDOS | AVALIACIÓN DO INDICADOR | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1.- Considérase satisfactorio que o 80% das titorías participen en tresdas actividades propostas. | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 2.- Considérase satisfactorio que a avaliación das actividades realizadas supere os 4 puntos (sobre 5) como media global | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 3.- Considérase satisfactorio que o alumnado de 3º ciclo de primaria manifeste comprender o significadoda "titoría entre iguais", acepte o rolde liderado positivo dentro do entorno escolar | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 4.- Considérase satisfactorio que no 60% das aulas do centro se apliquen estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativo | | 1 | 2 | 3 | 4 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 5.- Considérase satisfactorio que a documentación, os protocolos internos de traballo e as prácticas deinclusión do centro estean consensuadas e sexan coñecidas por un número superior ao 80% dos profesionais | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 6.-Considérase satisfactorio que o alumnado manifeste recoñecer, aceptar e convivir coa diversidadenun ambiente de respecto, aceptación e inclusión | | 1 | 2 | 3 | 4 |

6. AVALIACIÓN DOS RESULTADOS ACADADOS

# COMISIÓN DE IGUALDADE

## 1. . EQUIPO DOCENTE DA COMISIÓN

Esta comisión funcionará cos componentes da comisión de convivencia

## 2. . OBXECTIVOS A ACADAR AO LONGO DO CURSO 2023-2024

- Sensibilizar, formar e impulsar a colaboración activa da comunidade educativa para a mellora da convivencia, prevención da LGTBIfobia, a promoción da igualdade de oportunidades para todo o alumnado, a inclusión plena e a xestión emocional.

- Crear un sentimento de repulsa na comunidade escola ante a violencia contra a muller.

- Incluir a sexualidade na nosa linguaxe do día a día para que todo o alumnado teña presenza.

- Crear conciencia no profesorado da necesidade de formación en: educación afectivo-sexual e en igualdade.

-Visibilizar a igualdade nun espazo físico no centro.

- Ensalzar a relevancia da muller na sociedade actual e ao longo da historia.

- Promover e valorar o dereito a ser diferente aceptando e valorando as diferenzas individuais do alumnado como forma de enriquecemento da escola e a sociedade.

- Fomentar e favorecer relacións de igualdade e respecto cara a diversidade do alumnado con máis barreiras.

-Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.

-Reflexionar sobre os estereotipos e roles de xénero que nos impiden ser e expresarnos libremente.

-Identificar, desnaturalizar e visibilizar as desigualdades xeradas a partir da LGTBIfobia para que deixen de producirse no ámbito educativo.

- Identificar as incidencias de convivencia da comunidade educativa para poder previlas.

- Aprender a identificar e xestionar as emociones propias e alleas.

- Incluir a educación emocional como un eixe transversal nas actividades que realizamos a nivel de centro.

- Adquirir e desenvolver competencias emocionais en toda a comunidade educativa.

## 3. 3. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO A REALIZAR E PREVISIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRES. COMPETENCIAS CLAVE DE CADA ACTIVIDADE

| ACTIVIDADES E PROXECTOS | OBXECTIVOS E COMPETENCIAS | DATAS DE REALIZACIÓN |
|---|---|---|
| Conmemoración do día mundial das linguas de signos (hipoacusia e xordeira) así coma o día das persoas sordas | Concienciar a toda a comunidade escolar sobre a diversidade existente no noso centro.<br>(CSC) ,(CEC),(CAA) | 23 setembro |
| Implementar a primeira parte do proxecto de patios dinámicos iniciado o curso o pasado. | Fomentar a participación de todo o alumnado a través dos xogos propostos nos patios dinámicos. | a partir de outubro 2022 |
| Rincón igualdade<br>"por 365 de igualdade e respecto" | Visibilizar a igualdade nun espazo físico no centro.<br>(CSC) ,(CEC),(CAA) | outubro 2022 |
| Solicitamos ao CFR de Vigo as maletas de: diversidade afectivo-sexual, emocións, diversidade de xenero, igualdade e inclusión. | Concienciar sobre estas temáticas mediante a literatura indicada para cada idade. | outubro 2022 |
| Día Internacional da Eliminación da violencia contra as mulleres. | Crear un sentimento de repulsa no centro escolar ante a violencia contra a muller.<br>Competencia social e cívica (CSC)<br>Conciencia e expresións culturais (CEC)<br>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)<br>Competencia de aprender a aprender (CAA) | 25 novembro |
| ACTIVIDADES E PROXECTOS | OBXECTIVOS E COMPETENCIAS | DATAS DE REALIZACIÓIN |
| Colocar unha flor por cada muller asesinada no ano 2023 | Visualización e repulsa contra a violencia de xénero.<br>(CSC) ,(CEC) | A partir do 1 de xaneiro ata 31 decembro de 2023 |
| Conmemoración do día da Paz e a non violencia con diversas actividades a nivel de centro: Crear un recuncho de resolución de conflictos entre alumnado, | Concienciar sobre a importancia da resolución pacífica de conflitos. | 27 xaneiro 2023 |

| | | |
|---|---|---|
| como un "banco da amizade". | | |
| Talleres a alumnado e familia para a mellora da xestión emocional.<br><br>Empregar mantras para favorecer a enerxía positiva nas aulas , así coma a relaxación. | Concienciar a toda a comunidade escolar sobre a importancia do benestar emocional.<br><br>(CSC) ,(CEC),(CAA) | Ao longo do 2º trimestre. |
| Ensalzamento da figura da muller | Ensalzar a relevancia da muller na sociedade actual e ao longo da historia. | 8 marzo |
| ACTIVIDADES E PROXECTOS | OBXECTIVOS E COMPETENCIAS | DATAS DE REALIZACIÓIN |
| Conmemoración do día mundial do Trastorno do Espectro Autista. | Concienciar a toda a comunidade escolar sobre a diversidade existente no noso centro.<br><br>(CSC) ,(CEC),(CAA) | 1ª semana de abril (2 abril) |
| Semana de igualdade<br><br>Actividades (charlas, cortos…) sobre diversidade afectivo sexual e tipos de familias e xestión emocional. | Facer visible dentro da diversidade, a diversidade afectivo sexual.<br><br>Incluir a sexualidade na nosa linguaxe do día a día para que todo o alumnado teña presenza.<br><br>Crear conciencia no profesorado da necesidade de formación en: educación afectivo-sexual e en igualdade. | semana do 22 marzo |

## 4. 4. TRABALLO CONXUNTO DAS COMISIÓNS. PROPOSTAS ORGANIZATIVAS

Trataremos de colaborar no PDI do centro a través das actividades propostas desde esta comisión.

## 5. 5. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES A DESENVOLVER E DA CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS

Revisión de cada actividade proposta nas reunións de ciclo para comprobar o nivel de participación e adecuación das mesmas.

# Plan de Orientación

## CURSO 2023/2024

## INDICE


INTRODUCIÓN.................................................................. Páx. 3

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO........................ Páx. 5

OBXECTIVOS.................................................................. Páx. 7

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN............................. Páx. 13

ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN................................. Páx. 15

CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.................................................................. Páx. 17


## 1. INTRODUCIÓN

A orientación educativa e profesional dos alumnos/as debe ser un dos principios que inspira a actividade educativa como medio necesario para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

Por isto, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a comunidade educativa no seu conxunto (alumnado, profesorado e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfronta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co contorno, contribuíndo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenrolan nela e, conseguintemente, da acción educativa.

A orientación é un deber compartido por todo o profesorado que desenvolve a súa actividade no centro educativo, coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise

da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e os tempos nos que se desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagóxico e didáctico que articula, a medio e largo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación e a acción titorial. O Plan de Orientación conforma pois, un epígrafe propio do PE como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, na orientación persoal e académica e na acción titorial, sendo o Departamento de Orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo cos criterios fixados polo claustro de profesores e as directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

O Plan de Orientación, que imos desenvolver nos seguintes apartados, estrutúrase en varios bloques:

- Descrición do contorno no que se desenvolve o proceso orientador.
- Obxectivos da orientación para o conxunto do sistema.
- Accións de orientación prioritarias.
- Estratexias de intervención.
- Criterios e formas de avaliación do Plan de Orientación.
- Aprobación do Plan de Orientación.

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O noso Plan de Orientación pretende ser un documento real, vivo e dinámico. Para iso temos que planificar para unha realidade con características singulares que a definen e condicionan, necesidades propias ás que temos que dar resposta e recursos e posibilidades concretas que serán os instrumentos para materializar as propostas da acción orientadora.

- Así, para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno ao que vai dirixido e no que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado e familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc.

- O CEIP Escultor Acuña, é un colexio público, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, ubicado na rúa Estrada nº 10 do barrio de Coia de Vigo. Escolariza alumnos e alumnas de educación infantil e primaria. Este curso escolar acolle a 369 nenos e nenas distribuídos en 19 unidades:
- 2 unidades de 4º de Educación Infantil: 24
- 2 unidades de 5º de Educación Infantil: 34
- 2 unidades de 6º de Educación Infantil: 34
- 2 unidades de 1º Educación Primaria: 45
- 2 unidades de 2º de Educación Primaria: 38
- 2 unidades de 3º Educación Primaria: 42
- 2 unidades de 4º de Educación Primaria: 48
- 3 unidades de 5º de Educación Primaria: 57
- 2 unidades de 6º de Educación Primaria: 47

En canto ás necesidades específicas de apoio educativo o centro conta, a principios do curso 2023/24, cos seguintes casos, nos que destacan os diagnósticos de hipoacusia e Trastorno do espectro autista principalmente:

| GRUPOS/ Nº ALUMNOS/AS | **EDUCACIÓN INFANTIL (E.I.)** | | | **EDUCACIÓN PRIMARIA (E.P.)** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **4º** | **5º** | **6º** | **1º** | **2º** | **3º** | **4º** | **5º** | **6º** |
| A.C.N.E.A.E. | 3 | 3 | 3 | 7 | 9 | 6 | 7 | 5 | 10 |
| TOTAIS POR ETAPA | 15 | | | 53 | | | | | |

A participación das familias na vida escolar realízase a través dos órganos de goberno e de forma representativa no Consello Escolar. Existe ANPA, o que pode reflectir o interese de participación. No referente ás cuestións de

tipo académico ou persoal concreto dos seus fillos e fillas a participación é individual e por medio das titorías.

O alumnado do centro está adscrito ao I.E.S. de Álvaro Cunqueiro, onde o noso alumnado realizará a E.S.O.

Contamos con dúas especialistas en Pedagoxía Terapéutica, cinco especialistas en Audición e Linguaxe e unha orientadora a tempo completo no noso centro.

## 3. OBXECTIVOS

Se ben o Plan de Orientación é un documento aberto que se transforma e evoluciona ao tempo que o fai a escola e a comunidade educativa, nace coa pretensión de ofrecer un marco estable que guíe a acción orientadora do centro. De aí que os obxectivos formulados enmarcarán unha proposta de traballo a medio e longo prazo que se irá enriquecendo anualmente con distintas aportacións, pero sen perder esa función de eixo vertebrador firme que a labor orientadora precisa . Faise necesaria entón, unha reflexión e toma de decisións coherente e axustada tendo en conta:

- O papel relevante e a importancia que da á función orientadora no sistema educativo.
- As funcións e os ámbitos de actuación do Departamento de Orientación e da xefatura do departamento que se regulan no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/04/98). Corrección de erros, (DOG 14/05/98) e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31/07/98).
- A análise das necesidades, características e recursos da realidade do noso centro e o seu contorno.
- Os valores, obxectivos e prioridades de actuación e as decisións e opcións da comunidade educativa referidas ao ámbito pedagóxico, académico e educativo explicitadas no Proxecto Educativo.
- Os criterios fixados polo Claustro de profesores e as directrices da CCP.
- Todo isto nos leva a determinar que os obxectivos que deben guiar a acción deste Departamento de Orientación son:

## Obxectivos Xerais:

- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do Proxecto Curricular e demais documentos do centro, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto do alumnado e asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, criterios de promoción, etc.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.
- Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
- Apoiar a convivencia no centro coa implicación de toda a comunidade educativa.
- Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciando a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e fillas na vida do centro.
- Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.
- Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo dos alumnos/as e axudarlles a enfrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.
- Asesorar e apoiar ao conxunto da comunidade educativa e aos órganos de goberno do colexio en particular, para impulsar o desenvolvemento do centro educativo en todos os ámbitos.

## Obxectivos Específicos:

### A) Con relación aos alumnos/as:

#### Desenvolvemento persoal e social

- Favorecer e orientar a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a inclusión no grupo clase.
- Axudar a tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenrolando habilidades de control e autorregulación dos mesmos e logrando un desenvolvemento emocional axeitado que facilite a inclusión do alumnado no grupo.
- Potenciar o desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía persoal e social coa colaboración das familias.

- Facilitar a inclusión educativa e a integración escolar e social do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Axudar a desenvolver no alumnado un adecuado coñecemento e valoración de si mesmo, facilitando a progresiva toma de conciencia sobre as súas propias capacidades, posibilidades e intereses.

### Atención á diversidade e apoio aos procesos de ensinanza e aprendizaxe

- Asesorar no desenvolvemento de estratexias e elaboración de instrumentos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos/as.
- Contribuír a mellorar a atención educativa proporcionada ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Realizar unha exploración psicopedagóxica coa totalidade do alumnado en 6º de Educación Infantil, 2º, 4º e 6º de Educación Primaria, facilitando orientacións cara a mellora no dominio das áreas instrumentais e a implicación propia no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Axudar a reforzar a equidade na educación, mellorando a inclusión e a calidade da resposta educativa proporcionada ao alumnado.
- Promover a busca de estratexias que favorezan a adquisición de aprendizaxes instrumentais, competencias básicas, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual.
- Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da aprendizaxe.
- Impulsar a eliminación dos obstáculos físicos, organizativos ou curriculares que dificulten a acollida, a adaptación escolar e o desenrolo educativo do conxunto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

### Orientación académica

- Potenciar a adquisición de competencias relevantes no ámbito educativo tales como a responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, o traballo en equipo, a experimentación e a creatividade.

### Convivencia

- Contribuír á socialización do alumnado promovendo unha formación en valores conectada coa realidade social e comprometida con principios universais propios dunha sociedade democrática: cooperación, convivencia, respecto e solidariedade…, concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.
- Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.
- Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo.

### Transición e coordinación entre etapas educativas

- Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumnado de novo ingreso no centro, prestando singular atención ao inicio da Educación Infantil, a transición á educación Primaria, á Educación Secundaria e ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas organizativas e curriculares necesarias para facilitar dito proceso.

**B) Con relación ás familias:**

- Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos/as.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desvantaxe socioeducativa ou por estar a vivir situacións complexas.
- Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnos/as con necesidades educativas de apoio educativo.
- Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para a mellor educación dos fillos e fillas.

**C) Con relación ao profesorado:**

- Asesorar na elaboración dos documentos do centro.
- Proporcionar información acerca da normativa relacionada co proceso educativo, a institución escolar e, en xeral, co seu ámbito de traballo.

- Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forman parte do desempeño da función docente: programación, avaliación, etc.
- Recabar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.
- Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e/ou programas que se elaboren.
- Promover a coordinación, o traballo colaborativo e a innovación educativa.
- Asesorar na elaboración, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.

**D) Con relación a outras institucións e órganos externos:**

- Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de orientación específico, Departamento de Orientación do IES e Departamentos de Orientación doutros CEIP.
- Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: Saúde, Servizos Sociais, Concello, asociacións, gabinetes externos…, aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.

## 4. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

- A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realista e efectiva.
- En coherencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e tras a análise das necesidades da nosa comunidade educativa, fixamos os obxectivos xerais e específicos que van guiar a acción orientadora no noso centro.
- Cumpre neste momento a análise da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da nosa acción orientadora, no sentido de establecer ámbitos de actuación preferente dentro das accións que o centro ten determinadas.
  Estes ámbitos preferentes e as características e necesidades do noso centro, son os criterios que guían o establecemento das accións prioritarias.
- O desenvolvemento dalgunha delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario fundamentalmente ás demandas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo que puideran presentarse ao longo do curso, é posible tamén que haxa que pospoñer o desenvolvemento de outras a vindeiros cursos.

Moitas desas accións prioritarias aparecen recollidas no PXAD e no PAT. De todos xeitos, podemos destacar as seguintes:

- Asesorar e colaborar na elaboración e revisión dos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.
- Asesorar e colaborar nos procesos de elaboración e desenvolvemento das concrecións curriculares, especialmente no relativo á promoción da convivencia e atención á diversidade e ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Asesorar e colaborar no desenvolvemento das actuacións titoriais e das medidas contempladas no PAT.
- Deseñar e colaborar en actuacións que teñan como obxecto a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Plantexar propostas para mellorar os canles de coordinación co orientador do centro de secundaria e facilitar o tránsito do alumnado entre estas etapas educativas.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica de todo o alumnado que o precise.
- Asesorar á Comunidade Educativa en relación as actuacións relacionadas co axuste, mellora e desenvolvemento xeral dos diferentes aspectos do proceso educativo.
- Asesorar e informar acerca das normas de desenvolvemento das leis educativas.
- Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno/a.
- Manter actualizado o Plan de Orientación concretando no PAADO as actuacións previstas para o curso.

## 5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Sendo o centro escolar un sistema formado por distintos elementos que deben organizarse e colaborar en aras de proporcionar resposta ás necesidades da comunidade educativa, e que ten como fin último articular unha acción formativa eficaz e de calidade, a función orientadora debe incidir en e desde o conxunto da organización escolar, como parte da mesma que é, utilizando todos os seus recursos e enmarcada na acción global do centro.

Pero para dirixir as accións e conseguir os obxectivos plantexados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas que se articulan arredor dos diferentes plans (Atención á Diversidade e Acción Titorial):

- A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo.

- A importancia da participación activa dos mestres/as no equipo, como xeradores de iniciativas e pola implicación que se precisa para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.
- As especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe: ninguén mellor para colaborar na necesaria sensibilización, impulso, mediación, concienciación,... e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.
- O impulso da orientadora coa presentación de iniciativas, propostas, proxectos,...que sirvan de punto de partida da reflexión e acción conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa.
- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e coas familias.

Como xa sinalamos na introdución deste documento, son estratexias de intervención o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial.

## O Plan Xeral de Atención á Diversidade

Atender á diversidade implica a acomodación da escola ás necesidades de todos os alumnos/as, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo.

Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aula e do servizo educativo considerado globalmente.

A nosa escola asume, pois, o tratamento da diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios que, dada a complexidade e pluralidade de aspectos que deben considerarse, entendemos deben articularse mediante o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

## A acción titorial. O Plan de Acción Titorial

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción titorial permanente, e esta acción, encomendada maioritariamente ao profesorado titor, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado; debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción titorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos titores/as.

Dada a importancia destas actuacións resulta obvio estruturalas arredor dun plan, o Plan de Acción Titorial.

## 6. CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas aportacións e perspectivas destes.

No que ao Plan de Orientación se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto co do plan anual de actividades do Departamento de Orientación (PAADO). Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

### Criterios de avaliación

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación relaciónanse directamente cos obxectivos plantexados nel e veñen determinados por:

- A realización das actuacións previstas nos diferentes plans.
- A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- O grado de axuste á realidade do colexio.
- A resposta á diversidade.
- O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- O asesoramento e apoio en relación coas accións de desenvolvemento das leis educativas.
- A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- A relación cos axentes externos.

- O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- A promoción e apoio á convivencia.

## Procedementos e instrumentos de avaliación do plan

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos os seguintes procedementos e/ou instrumentos:

1. As reunións de coordinación.
2. Cuestionarios.
3. Análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico.
4. Entrevistas.
5. Análise do clima de convivencia no centro.
6. Memorias finais.
7. Análise de documentos.
8. Análise de tarefas que nos darán información acerca de:

a) Desenvolvemento das accións prioritarias.

b) As accións previstas e non realizadas.

c) As modificacións e/ou actuacións introducidas.

d) Reunións celebradas.

e) A participación nas reunións do Departamento.

f) O número de demandas recibidas.

g) O número de demandas atendidas.

h) Instrumentos e/ou documentos elaborados.

i) O desenvolvemento do propio PAADO.

# PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CURSO 2023-2024

## ÍNDICE


1. Introdución ........................................................................................ páx. 3

2. Membros do Departamento de Orientación............... .páx. 5

3. Actuacións e temporalización...................................... páx. 6

4. Horario da Orientadora................................................. páx. 8

5. Seguimento e avaliación.................................................... páx. 9


## 1. INTRODUCIÓN

Neste Plan anual establécense as actuacións a desenvolver polo Departamento de Orientación do C.E.I.P. Escultor Acuña, durante o curso 2023/2024.

De conformidade co establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 27/04/98) e na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto120/1998 (DOG, 31/07/98), en relación á organización e funcionamento do Departamento de Orientación, establécense varios niveis de concreción na determinación das súas accións:

Os ámbitos de actuación establecidos nas funcións do Departamento e que se explicitan na referida normativa.

As instrucións da Administración Educativa que se concretan na circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación. Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

As liñas xerais do Plan do Plan de Orientación Académica e Profesional e do Plan de Acción Titorial, elaboradas polos departamentos do IES adscritos ao centro.

O Plan de Orientación do noso centro co correspondente Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.

A elaboración do presente documento está recollido na Orde do 24 de xullo de 1998 que no seu artigo 11º b) determina que é función da xefatura do departamento de orientación "responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso"

Este documento organiza e planifica as actuacións dos membros do departamento e neste establécense as actuacións, os responsables, os destinatarios e a temporalización das actividades de dito departamento.

Así mesmo, favorece a consecución e concreta o Plan de Orientación do noso centro para o presente curso escolar 2022/2023.

En relación ás reunións de carácter ordinario do Departamento de Orientación, foille asignado na planificación un martes ao mes de 17.00 a 17.45 horas.

## 2. MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Segundo o establecido no art. 4º do Decreto 120/1998 do 23 de abril (DOG do 27) e tendo en conta o anteriormente dito, o Departamento de Orientación do CEIP Escultor Acuña para o curso 2022/2023 conntituíuse o martes 6 de setembro de 2022, coa composición que se relata a continuación:

- Mónica Otero Bouzada (Xefa de Estudos).
- Mª Rosa Cameselle Fernández (coordinadora Educación Infantil).
- Laura Freire Chana (coordinadora 1º ciclo Educación Primaria).
- Estefanía Fernández Varela (coordinadora 2º ciclo Educación Primaria).
- Cristina Torre Gordo (coordinadora 3º ciclo Educación Primaria).
- Marta E Reboreda Domíngue (especialista Pedagoxía Terapéutica).
- Paula Abalde gonzález (especialista Pedagoxía Terapéutica).
- Cristina Fariñas Rey (especialista Audición e Linguaxe).
- Tamara Freire Chana (especialista Audición e Linguaxe).
- Pablo Gallego Salgado (especialista Audición e Linguaxe).
- Laura Garmilla Mancho (especialista Audición e Linguaxe).
- Arcadio Rodríguez Vázquez (especialista de AL- adscrito a PT).

- Noelia González Leal (Xefa do Departamento de Orientación).

## 3. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

| ACTUACIÓNS | | RESPONSABLES | DESTINATARIOS | TEMPORALI-ZACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Proposta de apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. | Orientadora. | Xefatura de estudos. | Setembro. |
| 2 | Proposta de organización da atención aos alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo. | Orientadora. | Xefatura de estudos. | Setembro. |
| 3 | Participación nas reunións de acollida aos pais. | Orientadora. | Familias. | Setembro. |
| 4 | Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación. | Orientadora. | DO, Claustro, Dirección. | Setembro. |
| 5 | Revisión do Plan de Orientación. | Orientadora. | Claustro, Dirección. | Primeiro trimestre. |
| 6 | Revisión do Plan de Convivencia. | Orientadora. | Claustro, Dirección. | Primeiro trimestre. |
| 7 | Revisión Plan Atención á Diversidade. | Departamento de Orientación. | Claustro, Dirección. | Primeiro trimestre. |
| 8 | Recollida de estatísticas de atención á diversidade na aplicación DRDADI. | Orientadora. | Administración Educativa. | Primeiro trimestre. |
| 9 | Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes. | Orientadora. | Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias. | Todo o curso. |
| 10 | Realización dunha avaliación coa totalidade do alumnado de | Orientadora. | Alumnado de 2º de Primaria. | Terceiro trimestre. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 6º de Educación Infantil, 2º, 4º e 6º de Educación Primaria. | | | |
| 11 | Establecemento de reunións co orientador/a do IES Álvaro Cunqueiro. | Orientador/a. | Orientadores/as CEIP e IES. | Unha vez por trimestre. |
| 12 | Visita ao IES co alumnado que remata a etapa de EP. | Titores/as de 6º, Orientadora. | Alumnado de 6º. | Maio – xuño. |
| 13 | Avaliación do Plan Anual de Actividades do Departamento. | Departamento de Orientación. | Membros do DO. | Maio – xuño. |
| 14 | Avaliación do Plan de Orientación. | Departamento de Orientación. | Membros do DO. | Maio – xuño. |
| 15 | Elaboración dos informes do alumnado que remata a primaria e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica. | Orientadora. | Xefe de estudos, Orientador/a do IES Álvaro Cunqueiro | Xuño. |
| 16 | Redacción da memoria do Departamento de Orientación. | Orientadora. | DO, Claustro e Dirección. | Xuño. |
| 17 | Recollida de estatísticas de orientación na aplicación DRDORIENTA. | Orientadora. | Administración Educativa. | Xuño – xullo. |
| 18 | Participación nas sesións de avaliación. | Orientadora. | Equipos docentes. | Ao remate de cada trimestre. |
| 19 | Reunións mensuais do Departamento. | Departamento de Orientación. | Membros do DO. | Un martes de cada mes. |
| 20 | Asesoramento á Comunidade Educativa. | Orientadora. | Comunidade Educativa. | Todo o curso. |
| 21 | Proposta de adquisición de material do Departamento. | Orientadora. | Dirección. | Todo o curso. |
| 22 | Asesoramento na realización e seguimento das AC. | Orientadora. | Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos. | Ata finais do mes de novembro. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 23 | Solicitude de intervención aos especialistas do EOE, sempre que sexa necesario. | Orientadora. | EOE. | Todo o curso. |
| 24 | Asesoramento xeral na acción titorial. | Orientadora. | Profesorado. | Todo o curso. |
| 25 | Asesoramento e colaboración na elaboración e revisión dos documentos do centro. | Orientadora. | Claustro, equipo directivo. | Todo o curso. |
| 26 | Actuacións promotoras da convivencia. | Departamento de Orientación. | Comunidade Educativa. | Todo o curso. |

## 4. HORARIO DA ORIENTADORA

Co fin de colaborar e apoiar a acción titorial, o proceso de ensino-aprendizaxe e a atención á diversidade, estaremos a disposición do profesorado e das familias sempre que sexa posible, aínda que haxa un horario de orientación establecido:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9:10 – 9:55 | COORDINACIÓN ED | Atención ás familias | Atención ás familias | Atención ás familias | Atención ás familias |
| 9:55 - 10:40 | Avaliacións psipopedagó-xicas | Coordinación co profesorado | Avaliacións psipopedagó-xicas | Coordinación co profesorado | Avaliacións psipopedagó-xicas |
| 10:40 - 11:25 | GARDA | Avaliacións psipopedagó-xicas | COORDINACIÓN IGUALDADE | Avaliacións psipopedagó-xicas | Coordinación co profesorado |
| 11:25 – 11:55<br>RECREO | | PATIO INFANTIL | | | |
| 11:55 – 12:25<br>LECTURA | LECTURA<br>5º INF A | | LECTURA<br>6º INF B | LECTURA<br>5º INF A | LECTURA<br>5º INF A |
| 12:25 - 13:10 | Coordinación co profesorado | Traballo específico de orientación | Coordinación co profesorado | Traballo específico de orientación | Traballo específico de orientación |
| 13:10 - 14:00 | Atención ás familias | | GARDA | | COORDINACIÓN DO |

## 5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Xa que as actividades variarán en función das necesidades sentidas ao longo do curso realizarase unha avaliación continua do mesmo. Así mesmo valorarase o grao de consecución de ditas actividades.

No mes de xuño realizarase a avaliación deste Plan, que se incorporará á memoria do Departamento de Orientación.

# PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## CONCRECIÓN ANUAL 2023/2024

## ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA CON CONTEXTO

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CENTROS ADSCRITOS

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

10. PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

# 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA CON CONTEXTO

O Plan de Atención á Diversidade ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado no noso centro e, principalmente, aquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Dita resposta adaptarase á realidade e singularidade do centro.

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, enténdese por atención á diversidade é o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitos. En consecuencia, o centro ten que estar en condicións de:

1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.

2.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.

3.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada as súas singularidades, que lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos precisos; seguindo o obxectivo de desenvolvemento sustentable 4 da Declaración de Incheon (Educación 2030): Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos/as.

Neste contexto, os proxectos do centro asumen, tanto a nivel conceptual coma metodolóxico e organizativo, a diversidade como factor inherente a todo grupo humano, e concibe á persoa como sistema aberto e dinámico que afirma a posibilidade de transformación nunha dobre dirección: como desenvolvemento

das súas potencialidades como individuo e como modificador do contorno (familia e escola) no que se atopan.

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta á educación de calidade de todo o centro e supón dar o paso a unha escola máis tolerante e inclusiva, na que se recoñece a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total.

Este obxectivo só é alcanzable se a aula ordinaria se convirte nun referente básico e o titor/a no eixo principal da resposta educativa á diversidade dende a propia programación da aula e, singularmente, aos alumnos/as e alumnas con necesidade especifica de apoio educativo. A responsabilidade non debe desprazarse do titor/a aos distintos profesionais, polo contrario, estes deben colaborar con aquel, de acordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Os recursos precisos para esta acción educativa deben asegurar no posible, a atención singular aos alumnos/as que precisen deles.

Recóllese como necesario establecer unha atención permanente á diversidade do alumnado, para o cal os centros docentes e o profesorado deberán fixar nos seus correspondentes proxectos educativos diversas medidas. Estas medidas serán tanto de tipo organizativo coma de tipo curricular e permitirán que o centro poida acometer, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas e unha atención personalizada ao alumnado en función das súas necesidades.

Todos estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas, que determinarán as respostas educativas, que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias.

O reto consiste en ofrecer a todo o alumnado a axuda pedagóxica que necesite, axustando a intervención educativa á individualidade e seguindo os principios metodolóxicos do deseño universal para a aprendizaxe (DUA). Polo tanto, atender á diversidade, non é só atender as diferenzas individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espaciais, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias, etc.) en aras de cubrir as necesidades educativas que presente o noso alumnado.

Polo tanto, o Plan de atención á Diversidade é unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado, tanto ao que puntualmente presenta algún tipo de dificultade e precise algún tipo de apoio, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo de forma máis permanente.

No CEIP Escultor Acuña pretendemos dar resposta educativa a todas as necesidades que se plantexan. Priorizamos, nas intervencións, calidade nas relacións entre iguais e somos conscientes da importancia das repercusións que sobre os aprendizaxes ten un axuste emocional axeitado. Consideramos os aspectos sociais como prioritarios e tamén unha educación inclusiva e compensadora.

Seguindo o informe da UNESCO de Jacques Delors "A educación encerra un tesouro" teremos en conta que os catro piares da educación son: aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos e aprender a ser. En definitiva pensamos que aos alumnos/as débeselles educar a aprender a vivir xuntos. Para que iso sexa posible é necesario reforzar a relación entre o centro e as familias e fomentar a coordinación entre os distintos membros da comunidade educativa.

Seguiremos as seguintes referencias lexislativas na posta en marcha do noso Plan de Atención á Diversidade:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro (DOG do 10 de marzo), polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27 de abril), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo), pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Resolución do 22 de decembro de 2004 (DOG do 4 de xaneiro de 2005), de Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (BOE do 4 de maio), de educación.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio (DOG do 25 de maio), para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as acción prioritarias dos servizos de orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño (DOG do 15 de xullo), de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro (DOG do 21 de decembro), polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 183/2013, do 5 de decembro (DOG do 23 de decembro), polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG do 27 de xaneiro), polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivenvia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 9 de xuño de 2016 (DOG do 10 de xuño), pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (BOE do 30 de decembro), pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do  de maio, de Educación.
- Orde do 2 de marzo de 2021 (DOG do 11 de marzo), pola que se regula o dereito ao alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 8 de setembro de 2021 (DOG do 26 de outubro), pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do  de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 (DOG do 11 de febreiro), pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro (DOG do 11 de febreiro), polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro (DOG do 9 de setembro), polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro (DOG do 26 de setembro), ), polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A identificación das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado é o paso previo para a intervención educativa. A finalidade do proceso de identificación é valorar as dificultades e posibilidades de cada alumno e alumna. Farase unha análise interactiva, na que se terá presente tanto o alumno/a como o seu contexto.

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións: avaliación inicial, sesións de avaliación e avaliación psicopedagóxica.

A partir das distintas avaliacións realizadas durante o curso obteranse unha serie de datos e, en función deles, axustarase a resposta educativa.

A principios de curso, segundo a Orde do 9 de xuño de 2016 (DOG do 10 de xuño), pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o profesorado titor realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Mediante a mesma

detectará as posibles necesidades específicas de apoio educativo, que se comunicarán ao xefe/a do Departamento de Orientación.

O profesorado titor realizará unha demanda de intervención por escrito que se concretará nunha ficha de demanda.

Recollida a demanda, a partir da información rexistrada polos profesionais mencionados, a persoa responsable do Departamento de Orientación revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño das posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe. Nun primeiro momento intentarase dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias.

Así mesmo realizarase unha avaliación que terá como fin coñecer as necesidades globais do alumno/a e a toma de decisións para planificar a resposta educativa nas áreas que se considere.

Previamente á avaliación psicopedagóxica, o titor/a ou persa orientadora contactará coa familia, á que se lle informará da conveniencia de realizar dita avaliación. As familias deberán ser informadas da realización da avaliación psicopedagóxica, da súa finalidade e dos resultados da mesma.

Realizarase unha avaliación psicopedagóxica, regulada pola Orde do 8 de setembro de 2021, onde di que é o proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno sociofamiliar e dos elementos que interveñen no proceso de ensino e de aprendizaxe. A finalidade da avaliación psicopedagóxica é a identificación e a acreditación do desenvolvemento persoal e social, das competencias adquiridas e necesidades educativas, para poder fundamentar e concretar as propostas e as decisións sobre a resposta educativa que cumpra adoptar en relación con aspectos como a modalidade de escolarización máis axeitada, a determinación dos recursos e dos apoios específicos necesarios, a proposta de medidas de atención á diversidade, a flexibilización do período de escolarización, elaboración de adaptacións curriculares, determinación de recursos e apoios específicos complementarios e orientación educativa.

A avaliación psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas. Resultado da mesma será o informe psicopedagóxico.

Os documentos relativos á Avaliación Psicopedagóxica terán carácter confidencial. As persoas que, por razón do seu cargo ou función, teñan coñecemento do contido do informe psicopedagóxico están obrigadas a gardar o correspondente sixilo e confidencialidade.

O Informe Psicopedagóxico constitúe o documento en que se recollen os resultados e as conclusións da avaliación psicopedagóxica. Nel deberán constar, do xeito máis completo posible, a situación evolutiva e educativa actual do

alumno/a, a concreción e a valoración do tipo de necesidade específica de apoio educativo que presenta, as orientacións e as propostas organizativas e curriculares, as axudas e os recursos necesarios, o procedemento para a revisión e actualización do informe, e cantas outras orientacións se consideren oportunas.

No caso de que a familia do alumnado, demande copia do informe psicopedagóxico, deberán solicitalo por escrito á dirección do centro docente. O centro docente facilitaralles copia do informe; esa entrega consignarase no rexistro oficial de saída do centro e deixarase constancia escrita da recepción por parte da persoa solicitante no expediente do alumnado.

En moitas ocasións, no proceso de avaliación psicopedagóxica trabállase de xeito coordinado cos profesionais sanitarios. É frecuente detectar indicios dun posible trastorno ou dificultade que debe ser abordado desde a área educativa e sanitaria simultaneamente.

Elaborarase un informe educativo destinado aos servizos sanitarios, poñéndoo en coñecemento do equipo directivo do centro. Así mesmo comunicarase o contido do mesmo aos pais ou titores legais do alumno/a.

Unha vez que o/a pediatra teña no seu poder o informe derivará ao alumno/a con dificultades ao servizo que considere oportuno. Nestes casos pídeselle aos pais que soliciten un informe clínico para o centro educativo co fin de elaborar un plan de actuación e seguimento a nivel educativo pero en coordinación cos profesionais sanitarios. Estes datos serán postos en coñecemento do Equipo directivo e do profesorado titor, que terán en conta a súa confidencialidade.

**Procedemento a seguir ante a solicitude de praza de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.**

1. Solicitude de admisión dun alumno/a con necesidade específica de apoio educativo por parte da familia, acolléndose á reserva do 10% por unidade, en 4º de Educación Infantil e 1º de Educación Primaria.
2. Reunión do director/a, orientador/a e familia: Para a recollida de datos sobre o desenvolvemento xeral do alumno/a e o contexto socio familiar, informar á familia do proceso a seguir e da necesidade da realización dunha Avaliación Psicopedagóxica e citar ao neno/a para realizar a valoración inicial das súas necesidades específicas, nivel de competencia curricular e estilo de aprendizaxe.

3. Elaboración da Avaliación Psicopedagóxica por parte do Orientador/a do Centro. Se procede poderase solicitar a colaboración do Equipo de Orientación Específico.

4. O Orientador/a informa á familia do resultado da Avaliación Psicopedagóxica, dos servizos educativos da zona e da proposta de escolarización más axeitada. Recollerase a opinión asinada dos pais.

5. O Orientador/a realizará o Ditame de Escolarización que incluirá, segundo a *Orde do 8 de setembro de 2001:*

a)Datos persoais da alumna ou do alumno e motivo do ditame.

b) Conclusións do proceso de avaliación psicopedagóxica referidas a:

1º. Desenvolvemento xera da alumna ou do alumno.

2º. Nivel de competencia curricular e/ou competencias adquiridas.

3º. Outras condicións significativas para os procesos de ensino e aprendizaxe.

O Ditame de Escolarización levárase a cabo tamén cando sexa necesario modificar a modalidade de escolarización e o alumno/a xa pertence ao centro. Acreditarase, por escrito, a opinión da familia sobre a proposta de escolarización realizada.

6. A Dirección do centro dará traslado da proposta do Ditame de Escolarización á Inspección.

7. A Inspección emitirá un Informe sobre a idoneidade da proposta de escolarización, a oferta da zona, do centro, se recolle os dereitos dos alumnos/as e os das familias, e o levará xunto co Ditame de Escolarización ao Delegado ou presidente da comisión de escolarización quen resolverá sinalando a modalidade máis axeitada de escolarización e o centro escolar que corresponda.

8. O Director/a informa ao Orientador/a e este á familia da resolución.

**<u>Procedemento de traslado de centro dun alumno/a con necesidade específica de apoio educativo</u>:**

O noso centro remitirá a petición do centro de destino os seguintes DOCUMENTOS:

- Historial académico da Educación Primaria.

- Informe de avaliación final de nivel/ etapa, se o cambio se produce ao rematar o nivel/ etapa. Faranse constar as medidas de atención á diversidade adoptadas.

- Informe persoal por traslado, se o cambio se produce sen rematar o ciclo. Faranse constar as medidas de atención á diversidade adoptadas.

- Informe psicopedagóxico, recolle os datos máis relevantes das Avaliacións Psicopedagóxicas.

- Documento de Adaptación Curricular, se existe.

## 3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

As medidas de atención á diversidade, coa súa posta en práctica, irán dirixidas á consecución dos seguintes obxectivos:

- Servir de instrumento que facilite ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para axústalos ás necesidades.
- Facilitar ao alumnado o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e a adquisición das competencias básicas e dos obxectivos do currículo establecidos para a educación infantil e primaria, garantindo así o dereito á educación que o asiste.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas organizativas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado e dos especialistas cos que conta o centro ao comezo de curso, para adecuarse, no seu caso, á atención das novas necesidades educativas.
- Servir de guía para identificar aqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.

- Establecer os mecanismos axeitados e as medidas de apoio e reforzo precisas que permitan detectar tanto as dificultades de aprendizaxe e escolares que

puidese presentar o alumnado, así como o desenvolvemento intelectual do alumnado con altas capacidades intelectuais.

- Adaptar de forma especial dita resposta educativa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado no centro.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, especialmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.
- Marcar as pautas de actuación na titoría e orientación educativa do alumnado e na relación coas familias para apoiar o proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Garantir a coordinación entre departamentos de orientación, o profesorado e os centros docentes que imparten a educación infantil, primaria e a educación secundaria obrigatoria.
- Fomentar a participación das familias e implicalas no proceso educativo dos seus fillos/as.

## 4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

**Actuacións na intervención educativa**:

- Deseñar un proceso de ensino aprendizaxe significativo e funcional, elaborando os procesos de mediación necesarios.

- Facilitar a construción autónoma das aprendizaxes deseñando estratexias que faciliten a actividade, tanto física como mental, a autoavaliación e autocorrección, partindo do entorno máis próximo e apoiadas en variedade de estímulos.

- Fomentar o uso da aprendizaxe cooperativa e a participación mediante a flexibilidade nos agrupamentos.

- Establecer tempos e espazos para o apoio dentro da unidade ordinaria, facilitando a incorporación dos mestres de apoio na aula, nun intercambio de roles e participación conxunta.

- Estimular o interese, as actitudes favorables, a superación e a solidariedade fronte ás dificultades.

- Fomentar o uso das tecnoloxías e promover o uso dos recursos audiovisuais dispoñibles no centro, pois resultan máis motivadores, facilitan a autoavaliación, a repetición en diferentes contextos e polo tanto a transferencia de aprendizaxes.

- Potenciar as actividades de atención e de motivación, é importante a orde na clase e nos materiais, implicando ao alumnado neste proceso, asignando persoas responsables elixidas democraticamente, establecendo normas de clase consensuadas….

- Establecer programas titoriais de mellora do autoconcepto e da autoestima buscando destacar o mellor de cada alumna/o tentando que o grupo aprenda a apreciar as aportacións individuais de todos e cada un.

- Facer uso das axendas de planificación de actividades e seguimento, establecendo normas de cumprimento consensuadas…

- Deseñar estratexias que favorezan a autoavaliación e avaliación formativa.

- Fortalecer as vías de participación familiar mediante a acción titorial, comunicando tanto os avances como as dificultades.

**Medidas e /ou programas para a atención á diversidade:**

A atención á diversidade garantirá o acceso e a permanencia no sistema educativo do **alumnado con necesidade específica de apoio educativo**, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

As **medidas de atención á diversidade,** reguladas na Orde do 8 de setembro de 2021, poderán ser tanto organizativas como curriculares, e permitirán ao

centro, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais que se lles asignen de acordo coa planificación educativa e unha atención personalizada ao alumnado en función das súas necesidades. Estas medidas, deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten no alumnado dificultades de aprendizaxe.

As medidas de atención á diversidade non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.

**MEDIDAS ORDINARIAS:**

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

**MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:**

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda. Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización: redución ou ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición de linguas e grupos de adaptación da competencia curricular.

Tanto as familias como a dirección do centro deberán estar informadas da aplicación destas medidas.

**Liñas xerais para a acollida e o tránsito entre etapas educativas**

As actividades recollidas neste apartado terán os seguintes **obxectivos** xerais:

1. Facilitar a adaptación ao contexto escolar do alumnado de novo ingreso na etapa, así como daquel outro alumnado que se incorpore á Educación Primaria sen estar previamente escolarizado.

2. Facilitar a acollida do alumnado no instituto de Educación Secundaria no que se escolarice.

3. Intercambiar datos, documentación e información de interese para mellorar a resposta educativa ao conxunto do alumnado en Educación Secundaria Obrigatoria, prestando singular atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

4. Orientar as familias sobre aqueles aspectos que faciliten a adaptación do alumnado á nova etapa educativa.

Para conseguir os anteriores obxectivos, a actuación xeral que realice o centro estará marcada polas seguintes **actividades:**

a) Manter unha reunión cos pais e nais de alumnos/as novos que se incorporan ao centro facendo entrega aos mesmos de pautas de actuación e normas a ter en conta tanto no período previo ao inicio do colexio coma durante o período escolar propiamente dito.

b) Realizar, charlas cos alumnos de 6º curso de Educación Primaria dirixidos a aclarar dúbidas sobre os seus futuros estudios, unha vez finalizada esta etapa educativa, todo iso dentro do programa de actuación correspondente desenvolvido polo Departamento de Orientación.

c) Realizar unha charla informativa cos pais e as nais do alumnado do 6º curso de Educación Primaria, co fin de solucionar as dúbidas que puidesen ter en relación cos estudios que deberán iniciar os seus fillos/as unha vez finalizada a Educación Primaria.

d) Manter reunións de coordinación, convocadas pola Xefatura de Estudios, entre o profesorado compoñente do equipo docente do curso Infantil de 5 anos e o do 1º curso de Educación Primaria, invitando á súa asistencia ao orientador/a e ao profesorado de apoio.

f) Realizar unha visita ao IES co alumnado de 6º.

## 5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Virán determinadas pola avaliación psicopedagóxica das necesidades dos alumnos/as entendéndose por apoio educativo, a atención educativa que certos alumnos/as precisan para acadar os obxectivos xerais do currículo satisfactoriamente. Algunhas destas estratexias realízaas o profesorado titor ou especialista na materia dentro do grupo clase, mentres que outras requiren da intervención extraordinaria por parte dos mestres especialistas en Pedagoxía Terapéutica ou Audición e Linguaxe, que pode realizarse dentro ou fóra da aula, tamén individualmente ou en pequeno grupo.

### Organización dos apoios

O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos a cada etapa educativa.

Naqueles casos de necesidade específica de apoio educativo, a avaliación psicopedagóxica debe preceder á intervención do profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Os apoios dirixiranse fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais. Naqueles casos que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular traballarase en base a esta.

Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.

- As familias do alumnado serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.
- o apoio será en aula ordinaria. Só se producirán intervencións directas especializadas cando:
- A resposta educativa que precise o alumno/a con necesidade específica de apoio educativo non poida desenvolverse dentro da aula ordinaria.
- Alumnado que teña que recibir atención específica por parte da especialista de Audición e Linguaxe.

Este apoio levarase a cabo coas especialistas de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Os apoios fóra da aula non excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva. Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos e das medidas tomadas, introducíndose as modificacións oportunas, sempre que o progreso non sexa positivo.

## Criterios de atención

Tendo sempre como referente o principio de inclusión, dende o Departamento de Orientación elevarase a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. A priorización de alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexerase polos seguintes criterios:

- Priorizar as intervencións do alumnado que presenta necesidades educativas especiais.

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.

- Atenderase ó alumnado obxecto dunha Adaptación Curricular.

- Priorizaremos os distintos niveis na seguinte orde: 1º de Educación Primaria, 6º de Educación Infantil, 2º de Educación Primaria, 5º de Educación Infantil, 3º de Educación

Primaria, 4º de Educación Primaria, 5º de Educación Primaria y 6º de Educación Primaria.

- Con aquel alumnado que presenta desfase curricular e coa atención personalizada do profesorado titor ou de apoio dentro do grupo vai lograr progresar. Este reforzo poderá ser transitorio si o alumno/a supera as súas dificultades.

- Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.

- En función dos recursos persoais e temporais priorízase o reforzo nos cursos de Primaria onde existe alumnado con dificultades de aprendizaxe, ou alumnado repetidor para o que se elaborará un plan de atención específico de recuperación.

## 6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Os destinatarios/as das distintas actuacións e medidas reflexadas no Plan Xeral de Atención á Diversidade serán:

- A totalidade do alumnado, respectando a súa diversidade, ante o proceso de ensino e aprendizaxe.

– Alumnado con necesidade específica de apoio educativo, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Os recursos humanos cos que contamos no noso centro son:

– Equipo directivo.
– Profesorado titor.
– Profesorado especialista das distintas materias.

- Profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica ( 2 PT) e Audición e Linguaxe ( 5 AL).
- Orientadora.
- Persoal auxiliar coidador (3).
- Intérpretes de lingua de signos (3).
- Equipo de Orientación Específico (EOE) como apoio e asesoramento ao centro e valoración das necesidades educativas do alumnado.

As distintas funcións dos profesionais do centro serían as seguintes:

## Profesorado titor:

O profesorado titor, é a figura de referencia da totalidade dos alumnos e alumnas da súa aula, actuará como coordinador do profesorado que traballa con ese grupo e será o vínculo máis estable de relación coas familias.

Serán funcións do titor/a:
- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación do Xefe de Estudios e a colaboración do Departamento de Orientación.
- Segundo a orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, o titor/a realizará a avaliación inicial ao comezo de curso, co fin de establecer o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo.
- O profesorado titor colaborará co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica e atenderá ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado para proceder á adecuación persoal do currículo, o que implica a elaboración de adaptacións curriculares coa colaboración do resto do profesorado que atende ao alumno/a, o profesorado especialista de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe e o orientador/a.
- Facilitar a inclusión dos alumnos/as no seu grupo.
- Fomentar a participación de todos os seus alumnos/as nas actividades do centro.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo cos especialistas de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe e resto de profesorado que interveñen

directamente cos mesmos e adoptar a decisión que proceda acerca da súa promoción dun ciclo a outro.
– Informar ás familias e ao profesorado do alumnado con necesidade específica de apoio educativo sobre todo aquilo que ten relación coas actividades docentes e rendemento académico.

**Profesorado de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe:**

Para coordinar as súas funcións, o equipo reúnese unha vez á semana coa orientadora.

Funcións do profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe:

- Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.
- Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende. Elaboración de materiais específicos e recursos destinados ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.
- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumno/a a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación, seguindo o modelo proporcionado no anexo V, da Orde do 8 de setembro de 2021.
- Outras funcións referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

**Departamento de Orientación:**

- Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.
- Coordinar a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo xunto co xefe de estudios e o profesorado de apoio.
- Detectar e avaliar as necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe que presente o alumnado.
- Organizar espazos e instalacións para a orientación, así como adquirir material e equipamento específico, velando polo seu correcto uso e conservación.
- Establecer canles de información cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Cooperar cos membros de equipo de orientación específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

**Equipo Directivo:**

A atención á diversidade do alumnado é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Hai que sinalar o papel diferenciado do Equipo Directivo, como un elemento dinamizador de todos os procesos dirixidos a optimizar a atención ao conxunto do alumnado e, especificamente, o rol da xefatura de estudios como coordinadora de todo o relacionado coa atención á diversidade: organización de horarios, coordinación de funcións...

- Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a súa posta en marcha, tanto no tocante ás propias medidas de atención á diversidade como á necesaria coordinación do profesorado.
- Habilitar os recursos dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación do profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Coordinar a actividade docente do centro.

**A concreción das distintas actuacións sería:**

| TIPO DE MEDIDA | ACTUACIÓNS DOS PROFESIONAIS |
|---|---|
| Programas de estimulación da linguaxe na etapa de Educación Infantil. | Programa de carácter preventivo levado a cabo polos especialistas en Audición e Linguaxe, sempre que dispoñamos de tempo para estas sesións e priorizando antes a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. |
| Recantos de actividade. | Esta medida aplícase en Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria, os responsables son os Mestres/as titores/as. |
| Traballo por proxectos. | Están promovidos dende a biblioteca e dinamización lingüística. O proxecto é común para todo o centro. Cada titor/a é responsable de levalo á cabo no seu grupo. |
| Permanencia dun ano máis no ciclo. | Decidirase a promoción do alumno/a de forma colexiada primando o criterio do titor/a. |

| | |
|---|---|
| Reforzo educativo. | O levarán a cabo os titores/as, o profesorado con dispoñibilidade horaria e as especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe, segundo corresponda. |
| Adaptación Curricular. | O titor/a e/ou os mestres/as das áreas que serán adaptadas elaboraran a Adaptación Curricular co asesoramento do Departamento de Orientación. |
| Flexibilización. | Para levar a cabo esta medida precísase dunha valoración e informe do Departamento de Orientación que a xustifique. |

# 7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CENTROS ADSCRITOS.

**MECANISMOS INTERNOS**

A nivel xeral durante o curso lévanse a cabo as reunións (CPP, Departamento de Orientación...) con fin de establecer unha coordinación entre o profesorado do centro.

Ademais realízanse as reunións xerais que o equipo directivo estime oportunas.

**MECANISMOS EXTERNOS**

O CEIP Escultor Acuña está adscrito ao IES Álvaro Cunqueiro. O xefe/a do Departamento de Orientación do centro reúnese trimestralmente co orientador/a do IES. Ademais realízase unha xuntanza ao final de curso cos titores/as de 6º, xunto co orientador/a para aportar datos sobre os nenos e nenas que acudirán o próximo curso ao IES.

# 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS

# SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

**FAMILIAS**

As familias son un piar fundamental no proceso de ensino aprendizaxe dos nenos e nenas, polo tanto, é necesaria a implicación das mesmas no proceso educativo. É importante unificar criterios e pautas que redunden nunha maior coherencia entre escola e familia.

Aínda que se establece un día á semana dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia no centro de atención ás familias, atenderase ás familias, na medida do posible, noutros horarios tendo en conta as súas características profesionais e laborais e o horario do profesorado implicado.

O centro educativo, inserto nun contexto, debe integrarse na comunidade como un recurso máis e, ao mesmo tempo, debe coñecer e aproveitar a rede de profesionais (educadores sociais, especialistas en saúde, traballadores sociais, etc.) e institucións de todo tipo (asociacións, centros de saúde...) que poidan redundar nunha mellor actuación educativa e nunha atención integral á diversidade do noso alumnado.

O equipo directivo e o orientador/a terán unha especial atención para facilitar o contacto co entorno: relación entre centros educativos e relación entre institucións, tanto de carácter municipal como autonómico.

**SERVIZOS EXTERNOS:**

As relacións que o centro establece cos servizos externos son as seguintes:

- **Equipo de Orientación Específico (EOE)**:
  - Proporciona asesoramento e apoio ao Departamento de Orientación.
  - Información sobre os recursos e materiais para responder ás necesidades educativas.
  - Colaboración na Avaliación Psicopedagóxica.
  - Contribúe á formación especializada do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais.
- **Servizos Sociais**.

- **Gabinetes pedagóxicos e psicopedagóxicos**: O Departamento de Orientación do centro mantén colaboración cos gabinetes co fin de unificar criterios e pautas de actuación a través de xuntanzas, do correo electrónico, chamadas telefónicas…
- **Asociacións** coas que exista convenio e outras, previa autorización das familias.

## 9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

### Adaptación Curricular

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partirase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel no que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do que quedará constancia por escrito.

O procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular é o seguinte:

a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. Nese informe debe constar o nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.

b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á que deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A xefa ou o xefe do departamento de orientación redactarán e custodiarán a acta desta reunión.

c) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte. Ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II da Orde do 8 de setembro de 2021, e xuntaráselle copia da acta da reunión na que se decidiu realizar a adaptación curricular.

A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo Servizo Territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se estimen necesarias.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizarase por parte do profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que están matriculados o alumno ou a alumna.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlles a promoción ou titulación.

A información das avaliacións que se facilite ás familias incluirá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluirase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estean escolarizados o alumno ou a alumna. Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescritivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte do Servizo Territorial de Inspección Educativa.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

## EXPEDIENTE DE ADAPTACIÓN CURRICULAR:

1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO OU DA ALUMNA

2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE

 2.1. CARACTERÍSTICAS DO DESENVOLVEMENTO

 2.2. DATOS MÉDICOS RELEVANTES

3. DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES

 3.1. DESENVOLVEMENTO COGNITIVO

 3.2. TRAZOS DA PERSONALIDADE

 3.3. INTERESES MANIFESTADOS

 3.4. NIVEL DE ADAPTACIÓN PERSOAL E INTERACCIÓN SOCIAL

4. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR

 4.1. ESTRUTURA FAMILIAR

 4.2. LINGUA HABITUAL DA FAMILIA

 4.3. CARACTERÍSTICAS DA DINÁMICA FAMILIAR

 4.4. EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE A ALUMNA OU O ALUMNO

 4.5. PAUTAS EDUCATIVAS, VALORES E NORMAS NO SEO FAMILIAR

 4.6. RELACIÓN E COOPERACIÓN CO CENTRO EDUCATIVO

5. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR

 5.1. FORMA ORGANIZATIVA DO CENTRO

 5.2. FORMA ORGANIZATIVA DA AULA

 5.3. COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS EDUCATIVOS

6. DATOS PEDAGÓXICOS

 6.1. ASPECTOS RELEVANTES DA ESCOLARIZACIÓN

6.2. CURRÍCULO DE REFERENCIA

6.3. COMPETENCIAS XA ADQUIRIDAS RESPECTO DO CURRÍCULO DE REFERENCIA EN CADA UNHA DAS ÁREAS OU MATERIAS

6.4. NECESIDADES EDUCATIVAS RESPECTO DAS CAPACIDADES (CRITERIOS DE AVALIACIÓN) ESTABLECIDAS NO CURRÍCULO DE REFERENCIA

6.5. PREFERENCIA DE APRENDIZAXE 6.6. ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE

6.7. GRAO DE MOTIVACIÓN E INTERESES EDUCATIVOS

6.8. PERTINENCIA DE REALIZAR UNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS

6.9. PERÍODO DE TEMPO PARA O QUE SE PROPÓN A ADAPTACIÓN CURRICULAR

6.10. ÁREAS OU MATERIAS PARA ADAPTAR

6.11. RECURSOS PARA EMPREGAR

6.12. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA ADAPTACIÓN CURRICULAR

6.13. CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN

6.14. DE SER O CASO, CRITERIOS PARA A TITULACIÓN

7. ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA E OPINIÓN DESTA

8. PERSOAS PROFESIONAIS PARTICIPANTES

8.1. DIRECCIÓN

8.2. XEFATURA DE ESTUDOS

8.3. PROFESORADO TITOR

8.4. PROFESORADO DAS ÁREAS OU MATERIAS ADAPTADAS

8.5. PROFESORADO DE APOIO

8.6. XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

8.7. OUTRAS PERSOAS PROFESIONAIS

# 10. PROPOSTA CONCRETA DAS ÁREAS OU MATERIAS ADAPTADAS (CURRÍCULO ADAPTADO)

**Flexibilización da duración do período de escolarización**

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

Por **redución** da duración do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades intelectuais considéranse as seguintes flexibilizacións:

a) Na etapa de educación infantil: Redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais, podendo comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.

b) Na etapa de educación primaria: Redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a súa permanencia en educación infantil, para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais. Esta redución afectará, con carácter xeral, o segundo curso do ciclo, de xeito que o alumnado que reduce a duración do período de escolarización poida realizar o novo ciclo completo, comezándoo no seu primeiro curso, e non afectará, con ese mesmo carácter, o derradeiro curso da etapa.

O procedemento para se acoller á flexibilización por redución do período de escolarización no segundo ciclo de educación infantil e en educación primaria é o seguinte:

a) Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, achegando a seguinte documentación:

1º: Informe do profesorado titor, no que se xustifique a necesidade desa medida.

2º: Informe psicopedagóxico, no que conste, entre outros aspectos, a acreditación da alta capacidade intelectual da alumna ou do alumno e se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

3º: Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

4º: Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.

5º: Proposta de adaptación do currículo.

A documentación anterior, xunto co informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, será remitida pola Xefatura Territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a quen lle corresponde autorizar, de ser o caso, a flexibilización.

Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por redución do período de escolarización no segundo ciclo de educación infantil e en educación primaria son os que seguen:

a) O mes de marzo, para que as direccións dos centros docentes remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.

b) O mes de abril, para que as xefaturas territoriais dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional das solicitudes de flexibilización da duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.

c) O mes de xuño, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adopte as resolucións que proceda e as comunique ás direccións dos centros docentes, debendo estas trasladalas ás persoas interesadas.

Por **ampliación** da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións:

a) Na etapa de educación infantil: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo.

b) Na etapa de educación primaria: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa. Unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo nunha unidade de educación especial ou nun centro de educación especial, non podendo permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar.

O procedemento para se acoller á flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil é o que segue:

a) Para o alumnado escolarizado no primeiro ciclo de educación infantil:
   1º: Solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais da nena ou do neno á dirección da escola infantil para permanecer un curso máis nesa escola, achegando informe das persoas profesionais dos servizos sociosanitarios no que se xustifique a conveniencia do solicitado. Nesa mesma solicitude informarán a dirección da escola infantil de que solicitaron ou teñen previsto solicitar a admisión nun centro docente para cursar o primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil, optando a unha praza reservada para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2º: Informe da dirección da escola infantil sobre o desenvolvemento xeral da nena ou do neno, valorando a pertinencia da súa permanencia un ano máis na escola infantil, tendo en conta a súa evolución, as consideracións da familia e, de ser o caso, os informes doutras persoas profesionais.

3º: Solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais da nena ou do neno para ser admitido no primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil nun centro docente que imparta esas ensinanzas, manifestando, expresamente, que optan a unha praza reservada para alumnado con necesidade específica de apoio educativo e presentando, xunto coa solicitude, unha declaración de que van solicitar, ao mesmo tempo, continuar un curso máis no primeiro ciclo de educación infantil, polo que optan á flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización na etapa de educación infantil.

4º: Informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación do centro docente no que a nai, o pai ou as persoas titoras legais solicitaron a admisión para o primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil.

5º: Remisión á xefatura territorial que corresponda, por parte da dirección da escola infantil e da dirección do centro docente no que se solicitou a admisión para cursar o primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil, respectivamente, da documentación para o seu traslado ao equipo de orientación específico, que emitirá o correspondente informe, indicando se procede ou non a flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil.

6º: Traslado, por parte da xefatura territorial, de toda a documentación indicada nas epígrafes anteriores á entidade con competencia para a resolución que corresponda, e de ser o caso, comunicación á dirección do centro docente no que se solicitou a admisión para cursar o primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil.

O procedemento para se acoller ás flexibilizacións por ampliación da duración do período de escolarización do alumnado escolarizado no terceiro curso do segundo ciclo de educación infantil e na etapa de educación primaria é o que segue:

a) Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, xunto coa seguinte documentación:

   1º: Informe do profesorado titor, no que se xustifique a necesidade desa medida.

   2º: Informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación, no que se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

   3º: Conformidade expresa da nai, do pai, ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

   4º: Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.

   5º: Proposta de adaptación do currículo,

b) A documentación anterior, xunto co informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, será remitida pola Xefatura Territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a quen corresponde autorizar a flexibilización.

Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización do alumnado escolarizado no terceiro curso do segundo ciclo de educación infantil e no derradeiro curso de educación primaria son os que seguen:

a) O mes de abril, para que as direccións dos centros docentes remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.

b) O mes de maio, para que as xefaturas territoriais dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional das solicitudes de flexibilización da duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.

c) O mes de xuño, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adopte as resolucións que proceda e as comunique ás direccións dos centros docentes, e estas deberán trasladalas ás persoas interesadas.

**Documentos utilizados polo departamento de Orientación para a demanda do titor/a e información para a familia:**

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

XUNTA DE GALICIA | COLEXIO EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA ESCULTOR ACUÑA

Rúa Estrada, 10 - 36209 – Vigo.

Teléfono: 886 120 117

ceip.escultor.acunha@edu.xunta.gal

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescultoracunha/

# FICHA DE DEMANDA

Nome da persoa titora.........................................................................................

Curso.................................................................. Data: …………………………..

## DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A

Nome.....................................Apelidos............................................................

Data de nacemento....................................... Teléfono....................................

Enderezo...................................................................................................

## DATOS FAMILIARES

Nome da nai/titora ...........................................................................................

Nome do pai/titor.........................................................................................

Número de irmás/ns e lugar que ocupa …...........................................................

Outras persoas que conviven coa familia …........................................................

## DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE

¿Presenta algunha alteración sensorial?

¿Padece algunha enfermidade grave ou crónica?

## MOTIVOS DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO

¿É a primeira vez que se demanda esta intervención?
¿Quen demanda a intervención? (familia, profesorado...)
Describa o motivo polo que se solicita a intervención:

## PASOS PREVIOS DADOS POLA PERSOA TITORA

1.- Aspectos máis relevantes do desenvolvemento do alumno/a.
2.- Aspectos relevantes aportados pola familia.

3.- Informe do resto do profesorado.

4.- Medidas adoptadas na aula.

5.- Datos relevantes do historial académico (adopción de medidas de RE, AC, áreas con dificultade, repetición de curso...)

Asdo.................................................................

**(Utilizar folla en branco e adxuntar a esta se é necesario expoñer máis datos).**

A Orientadora do C.E.I.P Escultor Acuña, estima oportuno realizar unha valoración ao seu fillo/a, co obxecto de ter máis información para determinar se presenta unha necesidade específica de apoio educativo e poder orientarlle no seu proceso formativo.

**D./Dna. ___________________________________________________**

**como pai/nai ou titor/a do**
**alumno/a___________________________________**

**escolarizado/a no curso______________________________son informado da intervención do Departamento de Orientación.**

**Para que así conste, asino a presente en**

**Vigo, a _____de ________________de__________**

**O Pai/Nai ou Titor/a**

**Asdo:**

XUNTA DE GALICIA | COLEXIO EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA ESCULTOR ACUÑA

**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Rúa Estrada, 10 - 36209 – Vigo.

Teléfono: 886 120 117

ceip.escultor.acunha@edu.xunta.gal

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipescultoracunha/

# MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

# INFORMACIÓN Á FAMILIA

Don/a........................................................................................... nai/pai/titor/a do/a alumno/a ......................................................................, matriculado/a no curso...................................., fun informado/a das necesidades educativas que presenta o meu fillo/a, e estou de acordo en que se lle apliquen as medidas de atención á diversidade de acordo co establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, por parte dos especialistas en *"Pedagoxía Terapéutica"* e/ou *"Audición e Linguaxe"*.

- ☐ Reforzo pedagóxico.
  Especialista en Pedagoxía Terapéutica.
- ☐ Reforzo en audición e linguaxe.
  Especialista en Audición e Linguaxe.

Estas medidas levaranse a cabo dentro do horario escolar.

Vigo, a ……….. de …....................... de ….........

O/A pai/nai, ou titor/a legal

(Sinatura)

...............................................

# 10. PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. A aprobación do Plan xeral de atención á diversidade compete ao consello escolar do centro docente, logo da proposta do claustro do profesorado, entendendo esta proposta como informe favorable. Logo de aprobado, o Plan xeral de atención á diversidade pasará a formar parte do proxecto educativo do centro.

O seguimento e a avaliación do Plan xeral de atención á diversidade realizarase, para cada curso académico, sobre a concreción anual de dito plan. O seguimento da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade realizarase trimestralmente, por parte do departamento de orientación do centro docente. Ademais realizarase dun xeito continuo e formativo, mediante as reunións do Departamento de Orientación semanais e mensuais, así como a través das reunións semanais dos titores e das trimestrais de avaliación onde se detectarán posibles necesidades de modificación das intervencións.

Como criterios a seguir na avaliación sinalamos:

- Grao de adecuación do Plan Xeral de Atención á Diversidade ás necesidades do noso centro e ás modificacións lexislativas.
- Resultados acadados coas intervencións realizadas ou propostas.
- Implicación e coordinación dos distintos elementos implicados: titores, profesores de apoio, equipo directivo, servizos externos...
- Grao de conexión das actividades do Plan Xeral de Atención á Diversidade cos outros plans en funcionamento no centro: Plan de Orientación, Plan de Convivencia, Plan de Acción Titorial...

.

# PLAN DE ACCIÓN TITORIAL CURSO: 2023-2024

ÍNDICE

**1.- INTRODUCCIÓN-XUSTIFICACIÓN**

**2.- CONTEXTO LEGAL**

**3.- TITORÍA – FUNCIÓNS DO/A TITOR/A**

**4.- ACOLLIDA E TRÁNSITO ENTRE ETAPAS EDUCATIVAS**

**5.- DESENVOLVEMENTO**

## 1.- INTRODUCCIÓN-XUSTIFICACIÓN

A lexislación actual determina que cada grupo de alumnos/as ten que ter un titor ou titora no que recaen as tarefas de orientación e apoio do alumnado tanto dentro do grupo como individualmente.

A titoría puntual ou conxunto de actividades que vai levar a cabo o profesorado titor, responsable da clase, deberá adecuarse á programación previamente consensuada entre o profesorado que incide no grupo, as directrices da CCP, ao Proxecto Educativo do Centro e ao establecido no Plan de Orientación de de Atención á Diversidade. Esto supón a posibilidade de desenvolver este plan a través de programas específicos para cada curso académico, que se concretarán na Programación Xeral Anual.

O Plan proporciona os elementos que posibiliten determinadas estratexias de actuación sistemática, a coordenación dos axentes que interveñen, actividades específicas para lograr o bo funcionamento das titorías nos tres ámbitos: alumnado, profesorado e familias.

## 2.- CONTEXTO LEGAL

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria .

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 330/2009,do 4 de xuño,poloque se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 374/1996,do17deoutubro,polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexiosdeeducaciónprimaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997 na que se establece a organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción doalumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral.
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica de atención ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-TITORÍA – FUNCIÓNS DO/A TITOR/A**

A titoría forma parte da función docente e desenvólvese ao longo das diversas etapas educativas a través de intervencións co alumnado, coas familias e co equipo docente dirixidas a:

- Favorecer e mellorar a convivencia no grupo, o desenvolvemento persoal e a integración e participación do alumnado na vida do centro.
- Realizar o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe, facendo especial fincapé na prevención das dificultades e o fracaso escolar.
- Facilitar a toma de decisións do alumnado respecto ao seu futuro académico.

- Cada grupo de alumnos/as terá un/unha mestre/a titor/a que será designado/a polo director a proposta do/a xefe/a de estudos.

- A xefatura de estudos coordinará o traballo dos/as titores/as e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial
- A titoría de cada grupo de alumnos recaerá preferentemente no profesorado que teña maior horario semanal con dito grupo.
- A asignación de titorías ós/ás especialistas farase sempre aos/ás que teñan máis horas dispoñibles, procurando, ó mesmo tempo, que imparta o máximo de horas de docencia no grupo do/a que vai ser titor/a.
- Na programación xeral anual, fixarase unha hora semanal para a atención ás familias, dentro do horario non lectivo.
- Programaranse reunións globais coas familias para expoñe-las liñas xerais do plan de traballo. En todo caso unha terá lugar antes do mes de novembro .
- Dadas as circunstancias actuáis derivadas da pandemia, o profesorado titor, seguindo as indicacións establecidas nos protocolos elaborados polos equipos correspondentes do colexio, informarán ás familias telemáticamente das rutinas axeitadas para garantir a seguridade do alumnado e de toda a comunidade educativa ( material que se pode levar e traer, material que queda na aula, xeito de facer as tarefas que se lle encomenden, atención emocional dirixida a dar seguridade e confianza...).
- O profesorado titor e de área establecerá, acorde coa normativa vixente, os plans de reforzó do alumnado que pasa sin ter acadado as competencias nalgunha das áreas.
- No caso de alumnado que presenta neae, establecerán un plan de actuacións coordinadamente cos/as especialistas en Pt e Al.

FUNCIÓNS

a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudios

b) Proporcionar no principio de curso, ós alumnos e os pais todo tipo de información.

c) Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e outros documentos.

d) Coñocer os aspectos da situación familiar e escolar dos seus alumnos/as.

e) Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe para detectar dificultades e necesidades especiais e buscar as posibles solucións (orientación, apoios..)

f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos/as do seu grupo

g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro

h) Orientar ós alumnos no seu proceso formativo.

i) Informar ó equipo de profesores das características de cada un dos alumnos/as.

j) Coordinar o axuste de diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
k) Organizar e presidir as sesións de avaliación. Coordinar a avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo de audencia dos seus pais ou titores legais.
m) Atender ós alumnos mentres estes permanezcan no centro en periodo de lecer .
n) Colaborar co equipo de orientación educativa.
o) Colaborar cos demais titores nos proxectos educativo e curricular do centro .
p) Orientar as demandas dos alumnos e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
q) Informa ós alumnos do grupo, os pais e profesores de todo aquilo que lles afecte as actividades docentes e o rendimento escolar (en especial atención ós aspectos da competencia lingüística)
r) Facilitar a cooperación educativa entre profesores e pais de alumnos.
s) Exercer a coordinación entre os demais profesores do grupo.
t) Cubrir os documentos oficiais do seu grupo.
u) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos e informar os pais e o xefe de estudios.
v) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio e orientación dos seus fillos.
w) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

ADSCRICIÓN DO PROFESORADO E ELECCIÓN DE TITORÍAS

Segundo o establelcido no capítulo V, punto 1 da Orde do 22 de xullo de 1997, e na Orde de 28 de xuño de 2010, a dirección do centro por proposta motivada da xefatura de estudos, asignaralle curso e grupo de alumnada a cada un do persoal docente do centro. Esta proposta construirase seguindo as premisas :

- ✓ Correcto funcionamento do proxecto Abalar, das seccións bilingües e das áreas que se impartan en lingua estranxeira e otros proxectos establecidos un que se establezan.
- ✓ Prestaralle a mellor atención posible as necesidades do alumando do centro.
- ✓ Rendabilizar ao máximo o capital humano disponible, actualizando o potencial creativo do grupo de persoal docente do colexio.
- ✓ Consensualizar a proposta facilitando o contraste de pareceres e a concorrencia de capacidades e esforzos.

En caso de non acadar o consenso do profesorado, a xefatura de estudos fará a proposta sobre os seguintes criterios:

- ✓ Respectar o posto de traballo e/ou especialidade que cada persoal docente do corpo de Mestres teña asignado pola súa adscrición ao centro.
- ✓ Respectar o dereito de cada grupo de alumnos e alumnas a manter o mesmo titor ao longo de dous cursos e ao longo de todo o 2º ciclo en educación infantil.

Cumpridos estes criterios, no suposto de que haxa varios aspirantes ao mesmo curso, a proposta de adscrición farase coa seguinte orde de prioridades:

- ✓ Maior antigüedade ininterrompida, con destino definitivo, no centro.
- ✓ Maior número de anos de servizo efectivos como persoal docente de carreira do corpo de Mestres.
- ✓ Promoción de ingreso máis antiga.
- ✓ Maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

Excepcionalmente , cando a xuizo do equipo directivo existisen razón pedagóxicas suficientes para obviar o criterio de permanencia co mesmo grupo de alumnos no ciclo ou curso, a dirección disporá a asignación do persoal docente afectado a outro ciclo, curso ou área ou actividade docente, oído o persoal interesado e o claustro, e coa conformidade da inspección educativa.

## 4.- ACOLLIDA E TRÁNSITO ENTRE ETAPAS EDUCATIVAS

Debemos coñecer ao alumnado aos que vai dirixida a nosa actuación educativa para poder axustala e individualizar a intervención e prevención.

Temos que recabar información antes de que se escolarice e completala unha vez escolarizado/a para facilitar a súa adaptación ao proceso de ensino aprendizaxe.

ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

- o MARZO: no período de inscripción os país/nais deberán cumplimentar un cuestionario de información inicial e entrégalo no colexio. No meso ademais dos datos relativos ao domicilio, teléfono…farán constar aquelas peculiaridades do/a alumno/a que sexan relevantes para a súa mellor atención.

Ás familias informaráselle de cómo é o centro no relativo a instalacións e a funcionamento ( horarios, servizos complementarios, plans…).

- o ABRIL: análisis dos cuestionarios por parte da Xefatura de Estudios e do Xefe do DO para favorecer a adaptación.

Reunión dos orientadores e XE do colexio e o instituto de referencia para organizar as charlas ás familias do alumnado de 6º de primaria que pasa ao instituto.

- MAIO – XUÑO : xornada de portas abertas para os país/nais do futuro alumnado con reunións explicativas do ideario do centro e da dinámica de traballo así como das actividades que se realizan ao longo do curso escolar.

Os/as titores/as de sexto cubrirán unha ficha elaborada conxuntamente polos DO do IES e do colexio, cos datos máis relevantes de cada alumno/a que pasa a secundaria.

Os/as titores/as de sexto de infantil elaborarán un informe sobre cada alumno/a que pasa a primeiro de primaria.

Charla informativa ao alumnado de 6º de primaria e as súas familias sobre a nova etapa á que van e a organización e funcionamento do instituto.

Visita guiada e planificada deste alumnado, acompañado polos/as titores/as ao instituto de referencia para coñecer as instalación e facer as preguntas que estimen para resolver dúbidas ( a alumnado e a profesorado do IES).

Reunión dos orientadores do colexio e o instituto para informar do alumnado que pasa e presenta neae, problemas de comportamento, dificultades de regulación do comportamento...

- En E. Infantil informaráselles do desenvolvemento do Período de Adaptación e entregaráselles unha carpeta con documentación referida ao meso ( horarios, grupos, actuación ao longo do verán en temas de linguaxe, control de esfínteres, expectativas relativas ao centro...). Farase mediante unha charla ás familias por parte das coordinadoras de etapa e o orientador.
- SETEMBRO: acollida por parte de cada titor/a ao novo alumnado en colaboración coas familias.

Desenvolvemento de actividades de acollida (presentación do titor/a, presentación dos/as alumnos/as, coñecemento mutuo, coñecemento do centro ( estructura organizativa e dependencias e servizos) , actividades encamiñadas a favorecer a cohesión do grupo...) e avaliación inicial para facilitar o coñecemento do alumnado .

Realizarase unha recollida de información sobre cada alumno/a : datos persoais, traxectoria escolar, necesidades educativas...

Establecemento consensuado das normas de aula, organización do grupo, horarios, etc.

Explicación dos obxectivos ou metas que se queren establecer para este curso escolar, estratexias de estudo, organización das actividades, xeito de avaliar, forma de información ás familias, etc.

Realización de avaliacións iniciais centrándose máis nos aspectos persoais-afectivos que no puramente curricular ( autoestima, HHSS, relacións grupais...).

Desenvolvemento e avaliación do período de adaptación en infantil. Contará coa lolaboración de todo o profesorado do centro para apoiar durante a duración do período de adaptación, cunhas actuacións consensuadas.

- OUTONO: reunión de cada titor/a cos país/nais dos/as alumnos/as do seu grupo para informar sobre: obxectivos do curso e etapa, aspectos organizativos, recursos materiais e humanos, coordinación centro-familias…etc.

Establecemento das formas de intercambio de información e participación das familias así como da organización do tempo libre e do descanso.

Informar sobre os distintos protocolos de actuación diante do absentismo, acoso escolar, etc.

- AO LONGO DE TODO O CURSO

Desenvolver ao longo do curso un programa de educación en valores priorizando os valores democráticos e de respecto aos demais.

Desenvolver un programa de mellora da autoestima e as HHSS.

Aplicar técnicas de dinámica de grupo para favorecer a participación, a integración, a cooperación e o intercambio entre o alumnado.

Establecer mecanismos, con revisión periódica, de prevención do maltrato escolar: cuestionarios de aplicación mensual, entrevistas individuais, rexistro de incidencias…

No momento da inscripción, as familias serán informadas da documentación necesaria que deben aportar, dos plazos establecidos, de onde deben presentar os papeis… Tamén facilitaráselles unha entrevista co orientador para recabar datos de interese con respecto ao alumno que solicita plaza así como para que poidan manifestar as súas inquedanzas con respecto a distitos temas relacionados co centro e coa educación dos seus/súas fillas.

No período de inscripción as titorías colaborarán na organización dunhas xornadas de portas abertas para que as familias poidan coñecer as instalacións e os datos básicos de funcionamento do colexio.

Para aquel alumnado que se incorpore ao longo do curso, a dirección informarálles ás familias cal é o curso que lle corresponde así como as normas básicas de funcionamento e as institucións próximas ao centro das que poidan precisar algún tipo de servizo. Unha vez escolarizado, o/a titor/a encargarase de preparar unha acollida axeitada ( esixir respecto, preparación do alumnado da aula para recibir a un/unha nova compañeiro/a, actividades de dinámica de grupo para coñecerse, nomear a un alumno/a para que o/a titorice nos primeiros días…).

O/A orientador/a participará nesa acollida e fara unha primeira aproximación diagnóstica ( entrevista, cuestionarios, tests de intelixencia, revisión de expedientes…) ademáis de informarlle de que se dirixa a él/ela diante de calqueira problema que lle xurda.

Trátase de facilitar a integración do/a alumno/a ao centro e atender dende o comezo as súas necesidades educativas.

## 5.- DESENVOLVEMENTO

## INFANTIL- PRIMARIA

OBXECTIVOS:

COÑECER O ALUMNDO

Avaliación inicial.

Avaliación formativa / sumativa.

ATENCIÓN E DIVERSIDADE

Detección de necesidades de aprendizaxe derivadas da situación perosoal e social.

Ter en conta o alumnado que presenta neae.

Favorece-la integración do alumnado con dificultades de conducta.

Coordinar a atención ao alumnado con neae.

Favorecer a integración do alumnado de minorías étnicas.

FAVORECER O DESENVOLVEMENTO PERSOAL

Facilitar a autonomía.

Desarrollar un autoconcepto positivo.

Favorecer o control de sentimentos, emocións ( e a súa expresión) e conductas.

FAVORECER O DESENVOLVEMENTO SOCIAL

Favorecer a adaptación ó grupo (xornadas de acollida e período de adaptación)

Coñecer o grupo.

Favorecer a participación activa e mellorar a dinámica da aula.

Favorecer a comunicación.

Favorecer a aceptación de normas.

Integrar no corrículo temas transversais.

FAVORECER O DESENVOLVEMENTO COGNITIVO

Favorecer a motivación.

Favorecer a integración de coñecementos (enfoque constructivista). Traballar por proxectos dun xeito globalizado.

Potenciar o desenvolvemento de capacidades cognitivas, afectivas, psicomotrices e sociais.

Favorecer o dominio de contidos (conceptos, procedementos e actitudes).

POTENCIAR A RELACIÓN COAS FAMILIAS

Dar e recibir información.

Colaborar en proxectos.

POTENCIAR AS RELACIÓNS CO CONTORNO

Saídas organizadas.

Visitas a obradoiros, granxas, fábricas, museos, ...

Colaborando e intercambiando información cos servizos sanitarios e sociais da zona.

CONTRIBUIR Ó FUNCIONAMENTO COORDINADO DO CENTRO

Participando nos órganos de coordinación pedagóxica e DO.

Participando en reunión de formación e coordinación inter e intraniveis.

Formando parte das comisión que estableza a Xefatura de Estudos.

Participando activamente nas reunión de avaliación.

| INFANTIL | | | |
|---|---|---|---|
| OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS | ACTIVIDADES | RECURSOS | TEMPORALIZACIÓN |
| **1.Recollida inicial de información sobre o alumno/a**<br><br>**2. Facer a previsión de recursos ou medidas de atención á diversidade en caso de escolarizar a alumnos con NEAE.** | - Entrevista coas familias.<br>- En caso de alumnos novos: petición e revisión do expediente e contacto co centro de procedencia (5º e 6º infantil).<br>- Nos casos nos que se considere oportuno, contactar coa traballadora social do Concello, Servizo de Menores, Cáritas...<br>-Recoller datos iniciais do alumno ( historial médico, información do DO, entrevista á familia, etc..)<br>-Visita dos pais e do alumno/a á escola | -Documento de rexistro de entrevista inicial<br>-Documento da entrevista<br>-Informes médicos ou psicopedagóxicos se existen<br>-Follas de rexistro sistemático e | -No mes de xuño.<br>-Mes de xuño ou setembro.<br>-Ao longo de todo o curso. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **3.Seguimento do período de adaptación**<br><br>**4. Detección precoz dos problemas de audición e visión**<br><br>**5. Seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado para a detección precoz de dificultades**<br><br>**6. Promover o contacto continuo coas familias**<br><br>**7. Consensuar as decisións sobre promoción do alumnado.** | antes do comezo das actividades lectivas.<br><br>- Reunión inicial de curso cos pais e nais para informar do funcionamento do centro e do curso<br><br>- Levar a cabo actividades de presentación na aula para facilitar o coñecemento dos alumnos novos<br><br>- Observación e seguimento do neno no período de adaptación.<br><br>-Enquisa ás familias ao remate deste período.<br><br>- Aplicar as probas de audición e visión.<br><br>- Notificación ás familias dos alumnos nos que se detecte algún problema, para a oportuna derivación médica.<br><br>- Observación directa na aula para a detección precoz de dificultades.<br><br>- Derivación ó DO daqueles casos que presenten sinais de alarma.<br><br>- Posta en marcha das medidas de atención deseñadas, se é o caso<br><br>- Contactar coas familias para informar das dificultades, recoller información e pedir a súa | anecdótico<br><br>-Presentación e entrega de documentación ás familias .<br><br>- Rexistro das probas de audición.<br><br>-Proba de visión da ONCE<br><br>-Informe DO.<br><br>-Rexistros de observación.<br><br>-Guión da reunión cos aspectos a tratar consensuados.<br><br>-Xogos de presentación para nenos<br><br>-Entrevista coa familia<br><br>-Entrega da notificación ós pais<br><br>-Programa de intervención elaborado en colaboración co DO onde constan os obxectivos, medidas e os recursos.<br><br>-Reunións de coordinación entre profesor titor, | -Xuño e setembro.<br><br>-No momento da matrícula.<br><br>-Ao longo de todo o curso.<br><br>-Ao longo de todo o curso.<br><br>-<br><br>-Mes de setembro – |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 8. **Cumplimentar dos documentos de avaliación en educación infantil**<br><br>**9. Coidar o proceso de transición a seguinte etapa educativa para garantir unha continuidade no proceso de aprendizaxe.** | colaboración.<br>- Seguimento da evolución do alumno/a e coordinación de tódolos profesionais que incidan sobre él/ela.<br><br>- Establecer contactos periódicos coas familias para informar e promover unha intervención coordinada familia-escola<br>- Informar regularmente ás familias dos progresos e dificultades no proceso educativo<br><br>- Decidir sobre a decisión de permanencia un ano máis en infantil, si fose oportuno no caso de alumnado con neae.<br><br>- Elaboración dos | especialistas, A.L. e D.O.<br><br>-Informe trimestral onde se plasmen as aprendizaxes e aquelas medidas de reforzo que tanto na escola coma na familia poidan contribuír ó desenvolvemento.<br><br>-Informe de avaliación final de final de etapa | outubro.<br><br>-Mes marzo-abril<br><br>-Ao longo do curso. Ao remate de cada trimestre.<br><br>-Mes de xuño-setembro-outubro.<br><br>-No momento no que se coñezan os datos.<br><br>-Ó longo de todo o curso. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | informes de avaliación tendo en conta a opinión de tódolos profesores que inciden no alumnado.<br><br>- Visitar cos alumnos ós centros receptores de primaria<br><br>- Remitir expediente dos alumnos ós centros receptores de primaria a petición dos seus secretarios<br><br>- Compartir a información que consideremos de interese para garantir unha continuidade nas intervencións, sobre todo dos alumnos con neae. | | |

| **PRIMARIA** | | | |
|---|---|---|---|
| **C O Ñ E C E M E N T O  D O  A L U M N ADO** | | | |
| **OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS** | **ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES** | **CALENDARIO** | **RECURSOS** |
| o Avaliación inicial | - Observación directa.<br>- Revisión de informes de cursos anteriores.<br>- Coordinación co titor do curso anterior.<br>- Información das familias.<br>- Probas de nivel, polo menos das materias instrumentais.<br>- Confección dunha ficha individual para os | Setembro<br><br>Outubro | - Expediente persoal.<br>- Informes anteriores.<br>- Guías de observación.<br>- Modelos de cuestionarios ás familias.<br>- Modelos de fichas individuais. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | alumnos novos.<br>- Confección dun caderno do titor para grupos novos. | | |
| o Avaliación Formativa / sumativa | - Rexistros escritos da evolución persoal, social-afectiva e cognitiva.<br>- Entrevistas ás familias.<br>- Coordinación co resto do profesorado.<br>- Sesión de avaliación (equipo de profesores que traballa co grupo e orientador)<br>- Cubrir e incluír no expediente do alumno os documentos oficiais.<br>- Decidir sobre a promoción. | O longo de todo o curso<br><br>Fin de trimestre.<br><br>Fin de curso. | - Fichas persoais.<br>- Caderno do titor.<br>- Táboas de control.<br>- Anecdotarios.<br>- Rexistro de faltas.<br>- Bibliografía do D.O.<br>- Libro de escolaridade.<br>- Actas de avaliación.<br>- Expediente académico.<br>- Informes de avaliación individual.<br>- Informes trimestrais ás familias. |

| ATENCIÓN A DIVERSIDADE | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS**<br>**(XERAIS E ESPECÍFICOS)** | **ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES** | **CALENDARIO** | **RECURSOS** |
| Detección de necesidades | - Observación en distintas situacións.<br>- Información das familias.<br>- Coordinación cos profesores de cursos anteriores.<br>- Cubrir follas de rexistro de distintos aspectos.<br>- Coñecer o estilo de aprendizaxe.<br>- Demandar a intervención psicopedagóxica.<br>- No caso de alumnos xa diagnosticados, recoller os informes existentes. | Primeiro trimestre.<br>O longo de todo o curso. | - Rexistros de linguaxe, hábitos, motricidade…<br>- Cuestionarios ás familias-<br>- Test<br>- Informes médicos, psicopedagóxicos…<br>- Informes servizos sociais. |
| Ter en conta as dificultades educativas especiais (neae) | - Programar tarefas con varios niveis de dificultade.<br>- Metodoloxía que favoreza tanto o traballo en grupo como individual.<br>- Adaptación dos materiais da aula.<br>- Elaborar programas de reforzo.<br>- Revisar o grao de consecución de obxectivos.<br>- Estudiar a posibilidade de usar horas de libre disposición para apoios.<br>- Apoio e asesoramento do profesorado de PT, AL e do orientado/a do Centro.<br>- Coordinarse con profesionais de servicios externos | O longo de todo curso | - Programas de intervención didáctica.<br>- Adaptacións curriculares.<br>- Carpetas arquivadoras de cada alumno para gardar información e materiais.<br>- Bibliografía do D.O. |

<table>
<tr><th>OBXECTIVOS<br>(XERAIS E ESPECÍFICOS)</th><th>ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES</th><th>CALENDARIO</th><th>RECURSOS</th></tr>
<tr><td>o Favorecer a integración dos alumnos/as con dificultades de conducta.</td><td>- Realizar prevención:<br>o Actividades encamiñadas a crear un clima positivo na aula.<br><br>- Aplicar coñecementos sobre modificación de conducta na aula:<br>o Manexo de atención.<br>o Modelos adecuados.<br>o Reforzo selectivo.<br>o Conductas alternativas.<br>o Evitar que as conductas agresivas resulten reforzadas.<br>- Educación emocional.<br>- Informar nas reunións e entrevistas ás familias sobre formación de hábitos, mantemento de coductas, estilos educativos.</td><td>O longo de todo o curso<br><br>O longo de todo o curso<br><br>Reunións trimestrais.</td><td>- Bibliografía do D.O.<br><br>- Guións das reunións.<br>- Folletos informativos para país/nais.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th>OBXECTIVOS<br>(XERAIS E ESPECÍFICOS)</th><th>ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES</th><th>CALENDARIO</th><th>RECURSOS</th></tr>
<tr><td>o Favorecer a integración de</td><td>- Concienciar ás familias da importancia de que non falten á escola.<br>- Demandar colaboración dos servicios sociais do</td><td>O longo de todo o curso</td><td>- Bibliografía comentada por idades.</td></tr>
</table>

| | | | |
|---|---|---|---|
| alumnado de minorías étnicas. | Concello.<br>- Sensibilizar sobre o respecto ós demáis (Educación en valores) e sobre a divesidades como fonte de riqueza (temas transversais)<br>- Incluir as profesións propias dos inmigrantes no currículo (vendedor ambulante). | | |
| o Coordinar a atención a alumnado con neae. | - Reunións cos especialistas, co profesor de P.T. e co orientador para:<br>o Ve-lo grao de consecución de obxectivos.<br>o Dar e recibir información.<br>o Planificr lo traballo a realizar.<br><br>- Coordinación continuada coas familias para:<br>o Coñecer necesidades.<br>o Chegar a acordos. | Mensuais<br><br>O longo de todo o curso | - Rexistros escritos<br><br>- Resumo das reunión |

| FAVORECE-LO DESENVOLVEMENTO PERSOAL | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS (XERAIS E ESPECÍFICOS)** | **ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES** | **CALENDARIO** | **RECURSOS** |
| o Facilitar a autonomía | - Actividades que favorezan a autonomía nas aprendizaxes:<br>o Falar sen gritar (valorar o silencio).<br>o Recoller as cousas e colocalas no seu sitio.<br>o Acordarse de traer os materiais necesarios.<br>o Rematar as tarefas.<br><br>- Actividades que favorezan a autonomía en hábitos e hixiene:<br>o Uso correcto dos servicios, lava-las mans... | O longo de todo o curso | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | o Importancia dunha alimentación equilibrada, almorzando ben...<br>o Postura correcta para evitar problemas de espalda<br>o Manter a clase limpa.<br><br>- Actividades que favorezan a autonomía en relación co medio:<br><br>o Aprender a respectar as normas de cortesía, de educación vial...<br>o Desplazarse polo interior do Centro sen correr.<br>o Coñecer o entorno próximo: patio e barrio.<br>o Saber cando recurrir ós adultos ou comprañeiros.<br>o Usar o nome para dirixírse ós demáis. | | Bibliografía do D.O. |
| **OBXECTIVOS (XERAIS E ESPECÍFICOS)** | **ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES** | **CALENDARIO** | **RECURSOS** |
| Desarrollar un autoconcepto e autoestima positivos. | Ter en conta os catro pilares da autoestima:<br>**Vinculación**. Sentirse aceptados e integrados:<br>Técnicas de dinámica de grupo.<br>Xogos cooperativos.<br>**Singularidade**. Darse a coñecer e que se valore o que cada un ten de distinto e propio:<br>Xogos de expresión.<br>Actitude do profesor/a e compañeiros.<br>**Poder**. Sentirse capaz de face-las cousas:<br>Dar información sobre logos e capacidades<br>Gradua-la dificultade para que poidan ter éxito. | O longo de todo o curso | - Bibliografía do D.O. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Reforzar selectivamente os logros.<br>**Modelos**. Que teñan modelos que lles sirvan de exemplo, pautas e hábitos adecuados:<br>A parte dos modelos familiares e escolares tratar sobre os modelos que se ofrecen nos medios de comunicación (TV, xornáis, revistas…)<br>Coida-la nosa actitude como profesores/as, usando una linguaxe adecuada, reforzos…<br>Ter en conta a información sobre ambiente familiar, intereses, capacidades…<br>Implicar ás familias facilitándolles información sobre a importancia do autoconcepto (influencia no rendemento, no carácter…) | Reunións trimestrais e entrevistas individuais. | |

| OBXECTIVOS (XERAIS E ESPECÍFICOS | ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES | CALENDARIO | RECURSOS |
|---|---|---|---|
| Favorecer o autocontrol de sentimentos, emocións e conductas. | - Dado que a conducta se regula nos primeiros anos de vida coa axuda de pautas externas que pouco a pouco se van interiorizando debemos axudar neste proceso:<br>- Formando hábitos.<br>- Entrenando na técnica das autoinstruccións.<br>- Presentando conductas alternativas.<br>- Entrenando en habilidades sociais.<br>- Usando técnicas de modificación de conducta tales como: reforzó selectivo, manexo da atención, aproximacións sucesivas… | O longo de todo o curso | Bibliografía sobre dinámica de grupos e modificacións de conducta.<br>Cuadernillos de modificación de conducta<br>"Técnica da tartaruga" (1º ciclo<br>Tarxetas de autocontrol |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | - Empregando técnicas de relaxación.<br>- Representando situacións conflictivas nas que os alumnos intercambian os papeis.<br>- Coordinando pautas de actuación coas familias. | | |

| FAVORECER O DESENVOLVEMENTO SOCIAL | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS**<br>**(XERAIS E ESPECÍFICOS)** | **ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES** | **CALENDARIO** | **RECURSOS** |
| o Coñecemento do grupo. | - Observación do grupo en distintas situacións:<br>o Xogo na clase e no patio.<br>o Traballo individual e en grupo.<br>- Información doutros profesores.<br>- Aplicación de técnicas sociométricas.<br>- Observación da influencia da distribución de espacios na conducta. | Principio de curso<br><br>Seguimento ó longo de todo o curso | - Caderno do titor/a.<br>- Anecdotarios.<br>- Sociograma |
| o Favorecer a participación activa e mellorar a dinámica da aula. | - Actividades que favorezan o traballo en pequeño e gran grupo:<br>o Grupos flexibles (1º e 2º ciclos).<br>o Xogos de negras (1º ciclo).<br>o Técnicas de dinámica de grupos (non considerar acadado un obxetivo se non o | | - Bibliografía do D.O.<br>- Panel de responsables de |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | alcanzaron todos…)<br>- Asignar responsabilidades: repartir materiais, rega-las plantas, ordea-los materiais.<br>- Participar en festas e conmemoracións: magosto, nadal, entroido… | Un día a semana<br><br>Datas correspondentes | cada tarefa e outros sistemas de control |
| **OBXECTIVOS**<br><br>**(XERAIS E ESPECÍFICOS)** | **ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES** | **CALENDARIO** | **RECURSOS** |
| o Favorecer a comunicación.<br><br>o Fomentar a educación en normas e valores.<br><br>o Integrar no currículo temas transversais (educación para saúde, educación vial, educación non sexista…) | - Actividades sinaladas para favorece-lo desenrolo persoal.<br>- Entrenamento en habilidades sociais:<br>o Ser cordial.<br>o Saber escoitar.<br><br>- Insistir de palabra e co exemplo en valores como:<br>o Tolerancia.<br>o Axudar ó que se precise.<br>o Transixencia.<br>o Responsabilidade.<br><br>- Reflexionar cando se incumplen as normas as consecuencias que elo conleva (sempre hai un ou máis perxudicados).<br>- Intervención conciliadora do adulto nos casos de conflicto.<br>- Referirnos ó grupo utilizando referencias ós nenos e ás nenas.<br>- Non tirar cousas que poidan servir para algo.<br>- Utilizar os contenedores de reciclaxe (para pilas, papel…). | O longo de todo o<br><br>curso<br><br>O longo de todo o curso<br><br>O longo de todo o curso pero con máis insitencia en datas sinaladas (día da paz…) | - Bibliografía sobre dinámica de grupos do D.O.<br><br>- "Taller de valores"<br><br>- Textos de xornáis, contos, materiais sobre educación vial , educación para a saúde, para a igualdade de xénero, sobre diversidade… |

| FAVORECER O DESENVOLVEMENTO COGNITIVO | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS**<br>**(XERAIS E ESPECÍFICOS)** | **ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES** | **CALENDARIO** | **RECURSOS** |
| o Favorecer a motivación.<br><br>o Favorecer a integración de coñecementos (enfoque constructivista)<br><br>o Potenciar o desarrollo de capacidades intelectuais. | - Programar actividades tendo en conta os intereses do grupo ou do alumno/a concreto.<br>- Varia-las actividades e os materiais.<br>- Implican ós alumnos no seu proceso de aprendizaxe proporcionándolles información sobre logros e obxetivos.<br>- Coñece-lo estilo de aprendizaxe dos nosos alumnos.<br>- Aumenta-la participación.<br>- Ter en conta os seus intereses e afeccións.<br><br>- Averiguar o que xa coñecen do tema para partir do que xa coñecen.<br>- Implicalos na búsqueda de novos coñecementos.<br>- Proceder por aproximacións secesivas.<br>- Ó rematar sinalar os logros.<br>- Darlle tempo respetando o seu ritmo.<br><br>- Actividades que favorezan capacidades de:<br>o Atención.<br>o Percepción.<br>o Memoria.<br>o Comprensión.<br>o Razoamento | O longo de todo o curso | Bibliografía do D.O., como:<br><br>"Desarrollo de la inteligencia"<br>Ed. PROMOLIBRO<br><br>"META-ATENCIÓN"<br>Ed. PROMOLIBRO<br>"En primaria prende a aprender"<br>Ed. Visor |

| OBXECTIVOS<br>(XERAIS E ESPECÍFICOS) | ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES | CALENDARIO | RECURSOS |
|---|---|---|---|
| o Dominio de contidos do currículo (conceptos, procedementos e actitudes)<br><br>o Favorecer o desarrollo da linguaxe.<br><br>o Conquerir hábitos e técnicas de estudio. | - Recollidos no PE<br>- Traballar procesos (secuenciar…).<br>- Informar ós alumnos sobre o seu proceso de ensino-aprendizaxe.<br><br>- Detección de problemas articulatorios (1º ciclo)<br>- Actividades para favorece-la conciencia fonolóxica (1º ciclo)<br>- Estimulación da linguaxe oral (1ºciclo).<br>- Lectura comprensiva tanto na área da lingua como nas outras.<br><br>- Inculcarlle dende o comezo da escolaridade hábitos tales como: postura correcta, limpeza, organización do tempo…<br>- Infar ás familias sobre o tema.<br>- Ensinarlle ós nosos alumnos técnicas de traballo intelectual, autoinstruccións… | O longo de todo o curso<br><br>O longo de todo o curso<br><br>O longo de todo o curso. | - Programacións.<br>- Libros de textos.<br>- Fotocopias.<br><br>- Bibliografía do D.O. sobre animación a lectura, sobre problemas da voz,…<br><br>- Materiais secuenciados: resumo, descripción, diálogo, narración…<br>- Cuadernillos elaborados polo profesorado. |

| POTENCIA-LAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS<br>(XERAIS E ESPECÍFICOS)** | **ESTRATEXIAS E ACTIVIDADES** | **CALENDARIO** | **RECURSOS** |
| o Dar e recibir información. | - Reunións de titores/as co grupo de país/nais para tratar sobre:<br>o Obxetivos e actividades a desenrolar no curso.<br>o Organización xeral do grupo-clase.<br>o Orientacións prácticas para | Trimestrais | - Guións para as reunión.<br>- Materiais diversos relacionados co tema do D.O.<br>- Carpeta do profesor titor. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | potenciar capacidades.<br>o Información sobre psicoloxía evolutiva das diferentes idades.<br>o Información sobre estilos educativos.<br>o Formación de hábitos e conducta.<br>o Información sobre temas transversais.<br>o Importancia da autoestima.<br>o ... | Os martes pola tarde | - Anotacións das informacións relevantes.<br>- Rexistros do alumno.<br>- Modelos de entrevistas do D.O. |
| o Colaborar. | - Entrevistas persoais para dar e recibir información sobre:<br>o Maduración e rendemento académico.<br>o Relacións e comportamento.<br>o Hábitos de traballo e estudio.<br>o Problemáticas concretas. | O longo de todo o curso | |
| o Potencia-las relacións co entorno. | - Cubrir cuestionarios cando o profesor/a precise alguna información. | O longo de todo o curso | - Circulares e notas informativas.<br>- Boletíns trimestrias de notas.<br>- Bibliografía do D.O. |
| | - Facilitalles ás familias información por escrito. | O longo de todo o curso. | - Persoais |
| o Contribuir ó funcionamento coordinado do Centro. | - Colaborar na celebración de festas (magosto, nadal, entroido, día das letras galegas...) | Un martes ó mes. | |
| | - Facer aportacións ó grupo clase en temas concretostales como: profesións, receitas, materiais... | Horas de libre disposición. | |
| | - Saídas recollidas na programación anual.<br>- Potenciación da lingua galega.<br>- Colaboración con distintos servicio e entidades:<br>o Asistencia social do Concello. | Un martes ó mes. | - Programación xeral anual.<br>- Proxectos e memorias do Equipo de Normalización lingüística<br>- Actas de reunións. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | o Centro de saúde do barrio.<br><br>- Asistir ás reunións periódicas de coordinación de nivel e ciclo para programar, tomar acordos…<br>- Reunións co profesor de P.T e co orientador.<br>- Asistir ás sesión de avaliación dos nosos alumnos.<br>- Participar na elaboración do P.A.T.<br>- Participar na programación de festas e conmemoracións escolares. | | |

# ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES:

**Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe**

## . CONDICIONANTES ESPECÍFICOS

Este curso afrontase, dende o profesorado de atención á diversidade, cun fondo malestar e indignación polo recorte de recursos levado a cabo pola administración educativa no noso centro.
O incremento de alumnado con necesidades e a relevancia das que manifestan chega a supor un 20 % dos rapaces e rapazas que escolarizamos. A percepción de profesionais e familias é que estamos a participar dun modelo de intervención de mínimos nos que certo tipo de alumnado (DA, TDAH, Dislexia, PELO, RSF ...) non entra nos horarios de atención dos especialistas.
Ca intención de dar unha resposta a todos aqueles que as súas NEE así o indican, os especialistas de D.O optimizamos ó máximo os nosos horarios, e aínda así, prescindindo das aportacións xenéricas ao centro (comisións, coordinacións, gardas que van en detrimento do noso ser de mestres) non son suficientes para ofertar unha intervención de calidade.
A responsabilidade de tal decisión, cínica e antipedagóxica (supresión de dúas prazas de atención a diversidade en dous anos consecutivos, co elevado número de necesidades ás que damos resposta) e allea ao noso sentir, e nós, como profesionais comprometidos, facemos patente o noso descontento polas distintas vías das que dispomos incluindo esta PXA.

-

## 1. EQUIPO DOCENTE

O equipo de AUDICIÓN E LINGUAXE (AL) e PEDAGOXIA TERAPEUTICA (PT) está formado por:

- Laura Garmilla Mancho (AL, forma parte do equipo de 2 º Ciclo)
- Pablo Gallego Salgado (AL, forma parte do equipo de 1 º ciclo)
- Tamara Freire Chana (AL, forma parte do equipo de Infantil)
- Cristina Fariñas Rey (AL, forma parte do equipo de 2 º Ciclo,)
- Arcadio Rodríguez Vázquez( AL, forma parte do equipo de Infantil)
- Mª del Pilar Comesaña Costas (PT, forma parte do equipo de 3º Ciclo)
- Mª Belén Rodríguez Álvarez (PT,mestra en comisión de servizos de atención preferente ao alumnado do espectro autista forma parte do 1º ciclo)

## 2. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES A PROMOCIONAR NO CURSO 2022-2023

- Os descritores que traballaremos no departamento de Audición e Linguaxe e Pedagoxía Terapéutica son:
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:
- - Razoamento lóxico e resolución de problemas.
- Comunicación lingüística:
- - Comprensión: oral, escrita e/ou SAAC
- - Expresión: oral, escrita e/ou SAAC
- - Normas de comunicación
- Competencia dixital:

- - Tecnoloxía da información
- - Comunicación audiovisual
- Conciencia e expresións culturais:
- -Respecto por as manifestacións culturais propias e alleas.
- Competencias sociais e cívicas:
- -Relación cos demais.
- - Compromiso social
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:
- Autonomía persoal
- Aprender a aprender:
- -Perfil de aprendiz
- -Ferramentas para estimular o pensamento

## OBXECTIVOS XERAIS PT

- Adquirir a autonomía de traballo e mellora e modificación do comportamento co emprego das metodoloxías ABA e TEACCH
- Adquirir e afianzar os conceptos básicos
- Adquirir e adestrarse no xogo social e simbólico
- Adquirir e afianzar os conceptos matemáticos a través da metodoloxía ABN.
- Adquirir e afianzar os prerrequisitos da lectoescritura.
- Adquirir competencias para participar o máximo posible nas aulas ordinarias correspondentes, xunto cos seus compañeiros/as.
- Adquirir competencias para participar o máximo posible nos momentos de lecer (recreo), xunto cos seus compañeiros/as.

## 3. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO DIDÁCTICO E METODOLÓXICO PROPOSTO. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O departamento de Audición e Linguaxe e Pedagoxía Terapéutica ten como finalidade lograr o grado máximo de desenvolvemento das capacidades comunicativas do noso alumnado para que sirva como medio de aprendizaxe e integración social. Tamén temos como obxectivo posibilitar a adquisición dos coñecementos nas distintas áreas proporcionando o reforzo pedagóxico necesario.

O noso fin é conseguir a adquisición dunha linguaxe oral/escrita o máis competente posible. Nos casos onde non sexa posible, o noso obxectivo será conseguir a aprendizaxe e utilización dun Sistema Alternativo ou Aumentativo de Comunicación (SAAC).

Lévanse a cabo nove programas de intervención, que están incluídos no plan de Atención á diversidade.

1. Programa de intervención lingüística para alumnado con hipoacusia moderada e severa.
2. Programa instauración dun modelo pictográfico de comunicación.
3. Programa de intervención lingüística en alumnado con dificultades cognitivas.
4. Programa de intervención lingüística en alumnado con TEA.
5. Programa de intervención lingüística en alumnado con problemas da fala (Dislalia).
6. Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (P.E.L.O.). Durante este curso non se levará a cabo por falta de horario.
7. Programa de apoio curricular con sistema alternativo de comunicación.
8. Programa de Habilidades Sociais.
9. Programa de intervención lingüística en alumnado con problemas lectoescritores.

Nos cales está adscrito o seguinte alumnado neste momento, pero no que previsiblemente haberá que incluír ao alumnado de 4º de infantil que está pendente de valoración, así como outro alumnado que  o precisase ao longo do curso:

| PROGRAMAS | EDUCACIÓN INFANTIL | | | EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 4º | 5º | 6º | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º |
| 1 | - | 1 | 1 | 1 | 2 | 2 | - | 2 | - |
| 2 | 2 | 4 | 5 | 2 | | 2 | 2 | 1 | 1 |
| 3 | 2 | 4 | 6 | 3 | 4 | 6 | 3 | 2 | 1 |
| 4 | 1 | 2 | 2 | 4 | 1 | 2 | 2 | 1 | 1 |
| 5 | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| 6 | - | 1 | 1 | - | - | - | - | - | - |
| 7 | - | - | - | - | - | - | - | - | - |
| 8 | | 4 | 1 | 3 | 2 | 2 | 1 | 2 | 3 |
| 9 | - | - | - | 4 | 8 | 9 | 5 | 4 | - |

A realidade do noso alumnado é moi dispar polo que a nosa metodoloxía de traballo e organización na aula pode verse modificado ó longo do curso académico.
Os materiais didácticos que utilizaremos no noso traballo van ser moi variados, dende o libro de texto, materiais manipulativos, bibliografía complementaria, recursos dixitais (programa Sedea, Araword… ) e material elaborado por nós, atendendo a casuística do alumnado, para que as aprendizaxes sexan o mais experienciais posibles.
A atención do alumnado con NEAE levarase a cabo dentro ou fóra da aula ordinaria, dependendo das características dos/das alumnos/as.
O noso traballo implica ter unha boa coordinación cas/cos titoras/es, familias e demais especialistas externos á escola.

**Coordinación cas/cos titoras/es**
Participaremos en:
- Avaliación do alumnado.
- Consensuar a atención fóra ou dentro da aula.
- Informar da mellor situación do alumnado na aula, axudas técnicas e pautas de comunicación que favorezan ó alumnado.
- Concretar e consensuar o mellor horario de intervención.
- Acompañamento de dito profesional nas  saídas escolares.

## Atención a familias

Consideramos moi importante para o bo desenvolvemento e integración das aprendizaxes adquiridas na escola a implicación das familias.
Manteremos reunións con elas de forma periódica e acompañaremos, si así o require, aos docentes nas reunións de  titorías.
Nos casos que consideremos necesarios, as familias poderán asistir as sesións de intervención.

## 4. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O alumnado que se atende no departamento ven remitido polo orientador previa avaliación diagnóstica, avaliación que nos complementaremos coa observación do alumno, entrevistas coas familias, probas estandarizadas...
No casa do alumnado con adaptación curricular será a referencia para a súa avaliación.

## 5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Participaremos na avaliación do alumno con criterios definidos e consensuados coa titoría.

## 6. MODELO DE TRABALLO EXTRAESCOLAR E COLABORACIÓN FAMILIAR

Regularanse co/a titor/a as tarefas extraescolares do alumno.

## 7. FORMACIÓN PROFESIONAL DO PROFESORADO

Todas as relacionadas co campo de AL e PT e das necesidades específicas de apoio educativo: lingua de signos, TEA, Dificultades lectoescritoras e sistemas alternativos.

## 8. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN CONTEXTO COVID 19

Seguimos coas dificultades que conlevan as medidas preventivas. O noso traballo en caso de confinamento sería:

1. Coordinación cas/cos titoras/res na elaboración e adaptación de actividades para o alumnado atendido nas aulas de AL.
2. Atención a aula virtual do centro.
3. Participación na elaboración das adaptación curriculares.
4. Seguimento e comunicación coas familias do alumnado atendido nas aulas de AL.
5. Participación das clases online que celebren as/os titoras/os do alumnado atendido por AL.
6. Participación nas reunión de avaliación, departamento de orientación e comisión de coordinación pedagóxica, que se celebren de forma telemática.

## ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON Necesidade Específica de Apoio Educativo.

A atención á diversidade garantirá o acceso e a permanencia no sistema educativo do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.
A aula deberá ser un contexto inclusivo no que se dea resposta á diversidade de capacidades, intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe de todo o alumnado.

Xunto coas medidas de atención á diversidade recollidas na normativa oficial e no noso Plan Xeral de Atención á Diversidade; a metodoloxía debe incluír estratexias que promovan a construción social da aprendizaxe, a participación activa do alumnado, a motivación, a significatividade e funcionalidade da aprendizaxe, a cooperación , colaboración e a experimentación do éxito académico de todo o alumnado. Por todo isto, entre as estratexias metodolóxicas teremos que considerar aspectos como:
A aprendizaxe cooperativa, que promove o desenvolvemento das relacións sociais e a construción da igualdade de nivel académico e social entre todos os alumnos e alumnas, permitindo que aprendan uns dos outros.
As actividades de aprendizaxe graduadas e diversificadas, que implican diferentes niveis de dificultade, pero todas relacionadas cos mesmos contidos, permitirán a todo o alumnado participar na actividade en función do seu nivel de competencia.
A aprendizaxe tanto por proxectos como por obradoiros ou centros de interese, permitiralles aprender dun xeito non fragmentario a partir das experiencias, vivencias e necesidades do alumnado.

A organización dos espazos e tempos favorecerá que se produzan situacións diversas dentro da aula: traballo individual, en pequeno grupo e en gran grupo, actividades comúns e actividades diferenciadas, etc. Tamén permitirá que se incorporen outros/as profesores/as dentro da aula (especialistas de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe, profesorado con dispoñibilidade horaria) e que compartan cos titores e titoras o proceso de ensino aprendizaxe. Contaremos tamén con recursos profesionais como o persoal auxiliar coidador e as interpretes de lingua de signos.

As medidas de atención á diversidade poderán ser tanto organizativas como curriculares, e permitirán ao centro, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais que se lles asignen de acordo coa planificación educativa e unha atención personalizada ao alumnado en función das súas necesidades. Estas medidas, deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten no alumnado dificultades de aprendizaxe.

As medidas de atención á diversidade non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.

## MEDIDAS ORDINARIAS:

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
Programas de enriquecemento curricular.
Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
Programas de habilidades e competencias sociais.

## MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda. Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:
Adaptacións curriculares.
Agrupamentos flexibles.
Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
Flexibilización da duración do período de escolarización: redución ou ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais.
Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
Grupos de adquisición de linguas e grupos de adaptación da competencia curricular.
Tanto as familias como a dirección do centro deberán estar informadas da aplicación destas medidas.

## CRITERIOS DE UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DE APOIO:

Tendo sempre como referente o principio de inclusión, dende o Departamento de Orientación elevarase a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. A priorización de alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexerase polos seguintes criterios:

- Priorizar as intervencións do alumnado que presenta necesidades educativas especiais.
- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
- Atenderase ó alumnado obxecto dunha Adaptación Curricular.
- Priorizaremos os distintos niveis na seguinte orde: 1º de Educación Primaria, 6º de Educación Infantil, 2º de Educación Primaria, 5º de Educación Infantil, 3º de Educación Primaria, 4º de Educación Primaria, 5º de Educación Primaria y 6º de Educación Primaria.

- Con aquel alumnado que presenta desfase curricular e coa atención personalizada do profesorado titor ou de apoio dentro do grupo vai lograr progresar. Este reforzo poderá ser transitorio si o alumno/a supera as súas dificultades.
- Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
- En función dos recursos persoais e temporais priorízase o reforzo nos cursos de Primaria onde existe alumnado con dificultades de aprendizaxe, ou alumnado repetidor para o que se elaborará un plan de atención específico de recuperación.

# PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO 2023-2024

Neste apartado recollemos os criterios e procedementos para a avaliación das aprendizaxes do noso alumnado, da avaliación dos procesos de ensino e as liñas e propostas de melloras tralo proceso avaliativo. Para levar a cabo este importante proceso teremos en conta a seguinte normativa referida á avaliación:

- Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa

## AVALIACIÓN DA ORGANIZACIÓN DIDÁCTICA DO CENTRO E EQUIPO EDUCATIVO

Ao longo do curso escolar os distintos órganos de coordinación docente realizarán unha avaliación dos distintos aspectos e elementos organizativos do centro.

As programacións de centro e de aula terán unha avaliación a través dunha rúbrica que marcara os indicadores de logro dos aspectos máis importantes da intervención educativa.

No final de curso elabórase unha enquisa para toda a comunidade educativa co fin de avaliar as fortalezas e debilidades detectadas. e deseñar Plans de Mellora da calidade educativa. Esta avaliación inclúese na Memoria Anual.

Artigo 26. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1. A avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente ten como fin analizar e valorar a intervención educativa que ten lugar nas aulas para adaptala ás características e necesidades do alumnado.

2. Nas programacións didácticas estableceranse indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente que tratarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:

a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.

b) A metodoloxía empregada.

c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.

d) As medidas de atención á diversidade.

e) O clima de traballo na aula.

f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

3. Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente teranse en conta para realizar o seguimento das programacións didácticas.

## AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS DO ALUMNADO

No noso centro márcanse varios momentos avaliativos do conxunto de procesos de ensinanza e aprendizaxe:

**1) Avaliación diagnóstica no mes de setembro:** dende o día 11 ata o día 22 de setembro . A través dos criterios marcados polo Departamento de Orientación se aplicarán probas avaliativas ao alumnado sobre competencia curricular, sociograma de aula, indicadores de convivencia, detección de necesidades de apoio educativo, ectétera. O día 10 de outubro haberá una sesión de avaliación inicial de todo o alumnado en tres quendas: educación infantil. 1º.2º-3 , 4º-5º-6º-

**2) Avaliación continua:** O curso estará dividido en tres períodos avaliativos: decembro, marzo e xuño. As reunións de avaliación poderán realizarse ao longo de 4 semanas ou de 3, en función das necesidades do calendario. Antes da sesión de avaliación en cada trimestre, os equipos de ciclo de educación infantil e de interniveis de primaria realizan, nunha sesión conxunta, unha sesión de avaliación previa e colectiva do grupo. Esta preavaliación queda reflexada no noso planificador anual.

**3) Avaliación Diagnóstica de 3º de EP , avaliación de final de Primaria e Avaliacións de Diagnóstico:** estarán en función da aplicación da nova lei educativa (LOMLOE).

Artigo 25. Avaliación de diagnóstico

No cuarto curso de educación primaria, todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo se dispoña. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

## CONSIDERACIÓNS PARA A AVALIACIÓN FINAL DE CURSO (ORDINARIA)

Para a realización da avaliación ordinaria, estes serán os referentes básicos:

- No caso de que as tres avaliacións figuren como aprobadas a media de cualificación será ponderada, primando á terceira avaliación ( 40 %).

- No caso de que as tres avaliacións estean suspensas a ordinaria figurará como suspensa.

- No caso de que a so sexa a terceira avaliación a suspensa farase unha avaliación individual de criterios mínimos esixibles da área, consignando a nota como "aprobado" se o 70% das competencias específicas nas distintas áreas educativas están conseguidos.

- No caso de que a terceira avaliación estea aprobada pero as anteriores (algunha ou ambas) suspensas a cualificación final será "aprobado" sempre que a avaliación continua do alumno/a amose que acada a maioría das competencias específicas esixibles da área.

# CRITERIOS PARA A MENCIÓN HONORÍFICA EN 6º DE PRIMARIA

*Conforme* a *ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación. No noso centro educativo a mención homorífica seguirá os seguintes criterios mínimos:

- Acadar na/s área/s da solicitude de mención honorífica unha calificación de sobresaínte, cunha nota de 10 puntos ao longo das tres avaliacións trimestrais e na avaliación final.
- Acadar cunha nota media global nas áreas do curso mínima de 9.60
- Acadar nas rúbricas dos criterios de avaliación da/s área/s a máxima calificación (excelente)

Conforme a orde referida a valoración da persoa titora será un referente importante, dentro do equipo docente, para obter esta mención honorífica.

## CADRO RESUMO DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

<table>
<tr><th colspan="2"></th><th>RENDIMENTO CURRICULAR ACADÉMICO</th><th>COMPROMISO E PARTICIPACIÓN NAS APRENDIZAXES</th></tr>
<tr><td colspan="2">1º EDUCACIÓN PRIMARIA</td><td>60%</td><td>40%</td></tr>
<tr><td colspan="2">2º EDUCACIÓN PRIMARIA</td><td>60%</td><td>40%</td></tr>
<tr><td colspan="2">3º EDUCACIÓN PRIMARIA</td><td>70%</td><td>30%</td></tr>
<tr><td colspan="2">4º EDUCACIÓN PRIMARIA</td><td>70%</td><td>30%</td></tr>
<tr><td colspan="2">5º EDUCACIÓN PRIMARIA</td><td>70%</td><td>30%</td></tr>
<tr><td colspan="2">6º EDUCACIÓN PRIMARIA</td><td>70%</td><td>30%</td></tr>
<tr><th colspan="2"></th><th>RENDIMENTO CURRICULAR ACADÉMICO</th><th>COMPROMISO E PARTICIPACIÓN NAS APRENDIZAXES</th></tr>
<tr><td colspan="2">ÁREA EDUCACIÓN FISICA</td><td>70%</td><td>30%</td></tr>
<tr><th colspan="2"></th><th>RENDIMENTO CURRICULAR ACADÉMICO</th><th>COMPROMISO E PARTICIPACIÓN NAS APRENDIZAXES</th></tr>
<tr><td rowspan="2">ÁREAS DE LINGUA INGLESA E FRANCESA</td><td>1º-2º</td><td>60%</td><td>40%</td></tr>
<tr><td>3º a 6º</td><td>70%</td><td>30%</td></tr>
<tr><th colspan="2"></th><th>RENDIMENTO CURRICULAR ACADÉMICO</th><th>COMPROMISO E PARTICIPACIÓN NAS APRENDIZAXES</th></tr>
<tr><td colspan="2">ÁREA DE EDUCACIÓN MUSICAL</td><td>60%</td><td>40%</td></tr>
<tr><th colspan="2"></th><th>RENDIMENTO CURRICULAR ACADÉMICO</th><th>COMPROMISO E PARTICIPACIÓN NAS APRENDIZAXES</th></tr>
<tr><td colspan="2">ÁREA DE EDUCACIÓN RELIXIOSA</td><td>70%</td><td>30%</td></tr>
</table>

# CALENDARIO AVALIACIÓNS 2023-2024

| | 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|---|
| INFANTIL | 19 decembro | 19 marzo | 11 xuño |
| 1º PRIMARIA | 28 novembro | 5 marzo | 28 maio |
| 2º PRIMARIA | 28 novembro | 5 marzo | 28 maio |
| 3º PRIMARIA | 28 novembro | 5 marzo | 28 maio |
| 4º PRIMARIA | 12 decembro | 12 marzo | 4 xuño |
| 5º PRIMARIA | 12 decembro | 12 marzo | 4 xuño |
| 6º PRIMARIA | 12 decembro | 12 marzo | 4 xuño |
| AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA | | | 21 xuño |
| ENTREGA BOLETÍNS | **21 de decembro** | **22 marzo** | **21 xuño** |

# AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO E PLAN DE MELLORA DE CENTRO

Nos últimos cursos non foi posible por cuestións de cambio normativo realizar as avaliacións de diagnóstico do alumnado de 3º de Primaria (proba *LOMCE*) e proba final de Primaria (6º), seguindo o modelo das anteriores probas LOE en 4º de Primaria. Os resultados destas probas en cursos anteriores permítennos sacar conclusións e propostas de mellora que consideramos preciso manter. En calquera caso o centro ten acordado non realizar unha preparación específica para estas probas, senón telas como un referente global máis para valorar a práctica ensino-aprendizaxe do centro.

A grandes trazos, observamos que nos últimos anos, e coas lóxicas oscilacións relacionadas con cada grupo de alumnos avaliados, os resultados obtidos no centro están entorno á media nas tres competencias avaliadas e que a diferenza da media do centro con respecto á media de Galicia e á media dos centros do mesmo grupo ISEC non é relevante.

. Non en tanto, cómpre mellorar algúns aspectos que se recollen a continuación:

## PLAN DE MELLORA DAS COMPETENCIAS EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA E MATEMÁTICAS.

### OBXECTIVOS DE MELLORA

1. Aumento do tempo dedicado ao desenvolvemento da linguaxe, a capacidade de ler escribir e as aptitudes preliminares á lectura entre o alumnado de Educación Infantil.
2. Aumento do tempo dedicado á aprendizaxe das competencias lingüísticas de todas as áreas do currículo de Educación Primaria.
3. Inclusión nas programacións de Educación Infantil do tratamento das competencias lingüísticas e matemáticas.
4. Consolidar o cambio metodolóxico que teña como referente o traballo por proxectos e tarefas didácticas.
5. Presenza, na programación didáctica da área de matemáticas de Educación Primaria e nas súas respectivas programacións de aula, dos criterios para a coordinación entre etapas co fin de que os contidos se presenten de forma coherente e evolutiva.
6. Elaboración dun Plan de Lectura de Centro, consensuado polo profesorado de todas as áreas, no que se implique a todo o profesorado na aprendizaxe das competencias lingüísticas dentro e fóra do aula.
7. Uso xeneralizado da biblioteca escolar, que debe estar ben atendida, organizada e dotada cos suficientes recursos como para responder ás necesidades lectoras do centro incluída a animación á lectura.
8. Inclusión do uso da biblioteca escolar nas programacións didácticas de todas as áreas do currículo

## PROPOSTAS DE MELLORA EN COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA E MATEMÁTICA

Podemos observar na análise dos resultados alcanzados que existen fortalezas e debilidades no dominio das competencias avaliadas e que globalmente os resultados pódense considerar como moderados o que nos indica que as competencias en matemáticas e comunicación lingüística requiren unha necesidade de mellora.

**Competencia en Comunicación lingüística**

O obxectivo será que todas as materias deberán incluír entre os seus criterios de avaliación o referido á corrección lingüística. Ensinar a ler e a escribir non é responsabilidade unicamente do profesor/a de lingua. Lectura e escritura, unidas á fala e a escoita son necesarias para os aprendizaxes escolares.

A finalidade básica desta competencia é favorecer os hábitos lectores, o disfrute da lectura, en definitiva, crear lectores competentes.

Consideramos a lectura tarefa fundamental de todo o profesorado do centro, e finalidade esencial de todas as áreas do currículo, non exclusivamente da área de linguaxe.

Con respecto a esta competencia está establecido no centro un Plan de Lectura diaria con implicación de todo o profesorado, buscando o compromiso da familia e o apoio de institucións do entorno. De igual xeito, é conveniente traballar todo tipo de lectura xa sexa en voz alta, silenciosa, en grupo e individualmente de distintos temas e en distintas áreas do currículo.

- A lectura irá unida á escritura, á expresión e á comprensión oral.
- Usaranse metodoloxías que fomenten a expresión oral, a comprensión e a actitude de escoita promovendo debates, asembleas, exposicións de temas por parte do alumnado.
- A acción titorial implicará ás familias para conseguir bos lectores propondo actividades cos país a través de charlas, reunión, entrega de material divulgativo.
- É moi importante desenvolver e promover nos centros plans de lectura globais con implicación de todo o profesado, buscando o compromiso da familia e o apoio de institucións da súa contorna.
- A lectura, tarefa fundamental de todo o profesorado do centro, debe considerarse como finalidade esencial de todas as áreas do currículo, non exclusiva, xa que logo, da área de Lingua.
- A lectura entende así como materia transversal e prioritaria da tarefa docente.
- É necesario, para o desenvolvemento da competencia lectora, o establecemento de actividades de lectura diaria. De igual forma, é conveniente traballar todo tipo de lecturas xa sexa en voz alta, silenciosa, en grupo e individualmente de distintos temas e en distintas áreas do currículo.
- A lectura debe ir moi unida á escritura, á expresión e á comprensión oral.
- É imprescindible usar metodoloxías que fomenten a expresión oral, a comprensión e a actitude de escoita promovendo debates, asembleas, mesas redondas, exposición de temas por parte do alumnado.
- Uso planificado da biblioteca do centro e do aula.

**Competencia Matemática**

Os resultados obtidos polos nosos alumnos/as en relación coa competencia matemática reflectiron que os ámbitos relacionados coa xeometría e o tratamento da información e azar son os máis susceptibles de mellora.

- É moi importante para traballar a competencia matemática, elaborar programas articulados e consensuados con toda a etapa. Traballo coordinado e en cooperación do profesorado procurando unificar metodoloxías e estratexias de actuación.
- É moi necesario traballar no aula a **lectura comprensiva dos enunciados** dos problemas. A falta de comprensión lectora detéctase como unha das grandes dificultades que presenta o alumnado á hora de abordar a resolución de problemas con éxito.
- Traballar estratexias de resolución de problemas.
- É conveniente traballar os contidos matemáticos en **situacións cotiás**, e dedicar máis tempo á **resolución de problemas**, ao estudo de espazos e formas e ao tratamento da información e azar centrándose nos procesos de razoamento coa axuda dos medios tecnolóxicos dispoñibles.
- Implicar á familia na aprendizaxe da matemática.
- Á hora de enfrontarse a un problema matemático é necesario
  - Comprender o que se le facendo unha lectura razoada.
  - Interpretar o texto con datos numéricos e gráficos.
  - Analizar a información. Saber con que datos contamos e o porque deses datos.
  - Seleccionar a información. Ás veces dásenos máis información da necesaria. Hai que simplificar a información.
  - Facer inferencias sobre o lido. Aprender a deducir.
- Axilizar o cálculo mental. A práctica é fundamental.
- Adquirir seguridade e soltura no manexo das operacións matemáticas

## ELABORACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

Desde todas as materias fomentarase o traballo de investigación conforme a diversas modalidades que dependerán do nivel académico do alumnado.

Versará sobre contidos traballados nas unidades didácticas (búsquedas en dicionario, enciclopedia, manual…), pequeno traballo de indagación (orientado a partir de preguntas-guía), traballo dirixido de busca de fontes de información a partir dunha bibliografía determinada ou direccións de Internet.

- A acción titorial debe ser un elemento decisivo para implicar e corresponsabilizar ás familias para conseguir alumnado investigado e e crítico. Propor actividades cos pais a través de charlas, reunións, entrega de material divulgativo coa finalidade de implicar aos pais e nais na tarefa educativa.

## TAREFAS EXTRAESCOLARES

A CCP presentou no curso 2014-2015 unha proposta que foi aprobada polo claustro de profesores e profesoras para determinar a filosofía das tarefas extraescolares e as actividades a desenvolver nos distintos niveis:

A idea de referencia é transmitir ao profesorado, familias e alumnado unha modalidade de actividades complementarias ao ensino formal, non excesiva no tempo e que esperten intereses de motivación e gusto polo coñecemento no alumnado combinando propostas de traballo autónomo con propostas de traballo familiar. Os criterios aprobados son os seguintes:

1) Poden ser diarios ou establecer un máximo de días por semana.

2) Non excederán dun tempo dunha hora diaria.

3) Estarán centrados en actividades de investigación, creativas e motivando fuxindo de exercicios ou propostas repetitivas.

4) Poderán ser enfocados ao alumnado ou como proposta familiar.

5) A lectura comprensiva será un elemento principal nestas tarefas.

6) Terán como obxectivo desenvolver un hábito de traballo e gusto polo coñecemento científico, artístico e literario.

**Nos apartados de cada curso figuran as propostas de cada curso atendendendo a estes criterios consensuados pola CCP e aprobado polo Claustro de profesores.**

# FORMACIÓN  DO PROFESORADO

## FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO. CURSO 2023-2024
## POLOS CREATIVOS

Durante o presente curso escolar a formación do centro centrarase nos Polos Creativos, polo que será inicialmente destinado ao profesorado de Biblioteca baixo a coordinación da xefatura de estudios.

Esta formación centrarase na capacitación para sacar rendemento ao equipo que a consellería anunnciou será enviado en breve ao centro, destacándose o uso do plotter.

# Programa Alerta Escolar 2023-2024

Ao longo deste curso seguimos colaborando no programa conxunta das Consellerías de Sanidade e de Educación e do cumprimento dos seus protocolos de intervención.

Solicitouse ás familias  xa inscritas no programa a actualización dos seus datos e será difundida a existencia do mesmo entre as familias do novo alumnado de Educación Infantil.



# Proxecto de Biblioteca Creativa 2023-2024

No proceso de avanzar hacia un modelo de biblioteca escolar deseñada como laboratorio creativo de aprendizaxes aberto a toda a comunidade escolar, na que cobren presenza os multialfabetismos, a creatividade, a expresión, a comunicación e a colaboración como garantes dunha formación adaptada ás necesidades do século XXI este novo curso fixemos a solicitude para continuar no proxecto de Biblioteca creativa no que estamos traballando os dous últimos anos. O proxecto ten como obxectivo introducir a linguaxe da programación e outros medios propios da cultura maker ("faino por ti mesmo") en actividades destinadas a mellorar a comunicación lingüística do alumnado, a expresión oral, o razoamento lóxico, a creatividade, o traballo colaborativo, a investigación, a aprendizaxe manipulativa e o xogo a través do deseño e impresión 3D e a robótica.

# Proxecto de Seccións Bilingües 2023-2024

## SECCIÓN BILINGÜE NO PRIMEIRO E SEGUNDO NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Este curso 2023-24 é o segundo ano da sección bilingüe que se solicitou para o noso centro na área de plástica en inglés para o 1º e 2º nivel de educación primaria. Derivada desta solicitude este ano seguimos co mesmo auxiliar de conversa desde outubro ata maio que colabora connosco á hora de impartir a lingua estranxeira e tamén información sobre a súa cultura, sobre todo no reforzo das destrezas orais do alumnado.

Os obxectivos que se propoñen para o 1º nivel son os seguintes:

- Conseguir apreciar os distintos modos que temos de representar a figura humana.
- Identificar as partes do corpo e da cara.
- Ser capaces de visualizar distintas partes do corpo ou da cara e establecer a súa correspondencia coa comida.
- Apreciar a comida como un material para crear arte.
- Apreciar o valor estético dos xardíns e das paisaxes urbanas.
- Ser capaces de identificar figuras xeométricas simples que sirvan de modelo para crear arte e aplicalo aos animais do mar, aos medios de transporte, aos planetas e as estrelas como contidos a traballar ao longo do curso escolar.

Mentres, para o 2º nivel serían:

- Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.
- Realizar composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.

- Recoñecer as partes principais da figura humana.
- Reproducir algúns elementos do entorno natural e artificial con diferentes técnicas e materiais.
- Valorar as composicións bidimensionais e tridimensionais para recrear elementos da contorna na que viven.
- Deseñar sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.

**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Na aula, levaremos a cabo diferentes medidas ordinarias de atención educativa á diversidade que permitan o máximo desenrolo das capacidades persoais e a adquisición das competencias clave dos/as alumnos/as:

- Flexibilización: aumentando o tempo de duración dunha tarea
- Modificación do estilo de aprendizaxe
- Adaptación dos materiais
- Traballo TIC

**AVALIACIÓN**

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e valoraranse os seguintes aspectos, partindo sempre da observación directa do alumnado:

- Manter unha actitude positiva de cara ó aprendizaxe da área de plástica nunha lingua estranxeira.
- Amosar unha boa capacidade de traballo, respectando as normas da aula así como tamén aos demais compañeiros/as.

Os criterios de avaliación quedan reflectidos por tanto coa seguinte porcentaxe:

- Logro académico global : 60% da cualificación final
- Participación diaria na construción de aprendizaxes: 40% da cualificación final

# Fondo solidario de libros de texto

Ao abeiro da ORDE do 10 de maio de 2023 (DOG do 19 de maio) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2023/24 (código de procedemento ED330B) establécese no noso centro o procedemento para a xestión do Fondo solidario de libros 2023-2024.

<table>
<tr><th>CURSO/Nº AXUDAS</th><th>LIBROS CONCEDIDAS</th><th>LIBROS EXCLUÍDAS</th><th>MATERIAL CONCEDIDAS</th><th>MATERIAL EXCLUÍDAS</th></tr>
<tr><td>1º ciclo EP</td><td>54</td><td>14</td><td rowspan="2">151</td><td rowspan="2">41</td></tr>
<tr><td>3º a 6º Primaria</td><td>123<br>(máis 5 vales)</td><td>27</td></tr>
</table>

O centro oferta ás familias os libros de textos excedentes do reparto nas mesmas condicións e compromisos das familias que as recollidas no programa da Consellería.

Empréganse novos materiais, correspondentes a ensinanzas LOMLOE, en todos os niveis de Primaria.

# Plan de Igualdade

CEIP ESCULTOR ACUÑA

**Conforme á INSTRUCIÓN DO 6 DE SETEMBRO DE 2019, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA, PARA A ELABORACIÓN DE PLANS DE IGUALDADE NO CURSO 2019/2020, NOS CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, reflexamos neste documento a nosa proposta para facer efectiva a igualdade educativa.**

## 1. EQUIPO DOCENTE DA COMISIÓN1

| PROFESORADO COMPOÑENTE DA COMISIÓN | CICLO, CURSO OU ESPECIALIDADE |
|---|---|
| Cristina Sueiro | Apoio Educación Infantil |
| Beatriz Agulla Iglesias | Apoio Educación Infantil |
| Laura Freire Chana | Titora de 2º B |
| Cristina Torre Gordo | Titora de 6ºC |
| Ana Belén Rajoy González | Titora de 5º B |
| Patricia Comesaña Estévez | Música e Danza |
| Tamara Freire Chana | Mestra de Audición e Linguaxe |
| PERSOA COORDINADORA<br><br>Noelia González Leal | Orientadora |

## 2. OBXECTIVOS A ACADAR AO LONGO DO CURSO 2023-2024

- \- Sensibilizar, formar e impulsar a colaboración activa da comunidade educativa para a mellora da convivencia, prevención da LGTBIfobia, a promoción da igualdade de oportunidades para todo o alumnado, a inclusión plena e a xestión emocional.

- - Crear un sentimento de repulsa na comunidade escola ante a violencia contra a muller.
- - Incluír a sexualidade na nosa linguaxe do día a día para que todo o alumnado teña presenza.
- - Crear conciencia no profesorado da necesidade de formación en: educación afectivo-sexual e en igualdade.
- -Visibilizar a igualdade nun espazo físico no centro.
- - Enxalzar a relevancia da muller na sociedade actual e ao longo da historia.
- - Promover e valorar o dereito a ser diferente aceptando e valorando as diferenzas individuais do alumnado como forma de enriquecemento da escola e a sociedade.
- - Fomentar e favorecer relacións de igualdade e respecto cara a diversidade do alumnado con máis barreiras.
- -Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.
- -Reflexionar sobre os estereotipos e roles de xénero que nos impiden ser e expresarnos libremente.
- -Identificar, desnaturalizar e visibilizar as desigualdades xeradas a partir da LGTBIfobia para que deixen de producirse no ámbito educativo.
- - Identificar as incidencias de convivencia da comunidade educativa para poder previlas.
- - Aprender a identificar e xestionar as emociones propias e alleas.
- - Incluír a educación emocional como un eixe transversal nas actividades que realizamos a nivel de centro.
- - Adquirir e desenvolver competencias emocionais en toda a comunidade educativa.

## 3. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO A REALIZAR E PREVISIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRES. COMPETENCIAS CLAVE DE CADA ACTIVIDADE

| ACTIVIDADES E PROXECTOS | OBXECTIVOS E COMPETENCIAS | DATAS DE REALIZACIÓN |
|---|---|---|
| Conmemoración do día mundial das linguas de signos (hipoacusia e xordeira) | Concienciar a toda a comunidade escolar sobre a diversidade existente | 23 setembro |

| | | |
|---|---|---|
| así coma o día das persoas xordas. | no noso centro.<br><br>(CSC) ,(CEC),(CAA) | |
| Implementar a primeira parte do proxecto de patios dinámicos iniciado o curso o pasado. | Fomentar a participación de todo o alumnado a través dos xogos propostos nos patios dinámicos. | a partir de outubro 2022 |
| Recuncho igualdade<br><br>"por 365 de igualdade e respecto" | Visibilizar a igualdade nun espazo físico no centro.<br><br>(CSC) ,(CEC),(CAA) | outubro 2022 |
| Solicitamos ao CFR de Vigo as maletas de: diversidade afectivo-sexual, emocións, diversidade de xénero, igualdade e inclusión. | Concienciar sobre estas temáticas mediante a literatura indicada para cada idade. | outubro 2022 |
| Día Internacional da Eliminación da violencia contra as mulleres. | Crear un sentimento de repulsa no centro escolar ante a violencia contra a muller.<br><br>Competencia social e cívica (CSC)<br><br>Conciencia e expresións culturais (CEC)<br><br>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)<br><br>Competencia de aprender a aprender (CAA) | 25 novembro |
| ACTIVIDADES E PROXECTOS | OBXECTIVOS E COMPETENCIAS | DATAS DE REALIZACIÓIN |
| Colocar unha flor por cada muller asasinada no ano 2023 | Visualización e repulsa contra a violencia de xénero.<br><br>(CSC) ,(CEC) | A partir do 1 de xaneiro ata 31 decembro de 2023 |
| Conmemoración do día da Paz e a non violencia con diversas actividades a nivel de centro: Crear un recuncho de resolución de conflitos entre alumnado, como un "banco da amizade". | Concienciar sobre a importancia da resolución pacífica de conflitos. | 27 xaneiro 2023 |
| Talleres a alumnado e familia para a | Concienciar a toda a comunidade escolar sobre a importancia do | Ao longo do 2º |

| | | |
|---|---|---|
| mellora da xestión emocional.<br><br>Empregar mantras para favorecer a enerxía positiva nas aulas , así coma a relaxación. | benestar emocional.<br><br>(CSC) ,(CEC),(CAA) | trimestre. |
| Enxalzamento da figura da muller | Enxalzar a relevancia da muller na sociedade actual e ao longo da historia. | 8 marzo |
| ACTIVIDADES E PROXECTOS | OBXECTIVOS E COMPETENCIAS | DATAS DE REALIZACIÓIN |
| Conmemoración do día mundial do Trastorno do Espectro Autista. | Concienciar a toda a comunidade escolar sobre a diversidade existente no noso centro.<br><br>(CSC) ,(CEC),(CAA) | 1ª semana de abril (2 abril) |
| Semana de igualdade<br><br>Actividades (charlas, cortos…) sobre diversidade afectivo sexual e tipos de familias e xestión emocional. | Facer visible dentro da diversidade, a diversidade afectivo sexual.<br><br>Incluír a sexualidade na nosa linguaxe do día a día para que todo o alumnado teña presenza.<br><br>Crear conciencia no profesorado da necesidade de formación en: educación afectivo-sexual e en igualdade. | semana do 22 marzo |

## 4. TRABALLO CONXUNTO DAS COMISIÓNS. PROPOSTAS ORGANIZATIVAS

Trataremos de colaborar no PDI do centro a través das actividades propostas desde esta comisión.

## 5. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES A DESENVOLVER E DA CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS

Revisión de cada actividade proposta nas reunións de ciclo para comprobar o nivel de participación e adecuación das mesmas.

# Anexos

## LIBROS DE TEXTO

<table>
<tr><th colspan="3">1º de Educación Primaria - CURSO 2023-2024</th></tr>
<tr><th>CIENCIAS</th><th colspan="2">LINGUA GALEGA E LITERATURA</th></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>CIENCIAS DA NATUREZA<br>CIENCIAS SOCIAIS</td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>Non se usarán libro</td><td>Ed. Anaya 2022<br>“O Libro Feliz”lecturas 1</td><td>Ed. Anaya 2022<br>“Lingua 1 + Escribo ben”</td></tr>
<tr><td></td><td>9788469881064</td><td>9788469893166</td></tr>
<tr><th>LENGUA CASTELLANA</th><th>MATEMÁTICAS</th><th>INGLÉS</th></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td>REVUELA-1Ed. SM<br>Cuaderno de Lectoescritura</td><td>Ed. Santillana-2022<br>Mate + Matemáticas para pensar-SERIE PRÁCTICA</td><td>Macmillan Education<br>KIDS CAN!1<br>Pb&ExtraFun e Pk</td></tr>
<tr><td>9788498548884</td><td>9788468078946</td><td>9781380051660</td></tr>
<tr><th>MÚSICA</th><td colspan="2">Galinova- Melodía 1- 978-84-9737-222-0</td></tr>
<tr><th>FRANCÉS</th><td colspan="2">Non se usará libro</td></tr>
</table>

| 2º de Educación Primaria - CURSO 2023-2024 | | |
|---|---|---|
| **LINGUA GALEGA** | **LENGUA CASTELLANA** | **INGLÉS** |
|  |  |  |
| **ED. ANAYA**<br>O LIBRO FEROZ-<br>lecturas 2. | **EDITORIAL GEU**<br>**Lecturas comprensivas 7, 8 e 9**<br>**ISBN 978-8417748401**<br>**ISBN 978-8417748234**<br>**ISBN 978-8417748418** | **Macmillan Education**<br>KIDS CAN!2<br>Pb&ExtraFun e Pk |
| **ISBN 978-84-698-8108-8** | | **9781380051790** |
| **MATEMÁTICAS** | **CIENCIAS NATURAIS, SOCIAIS E LINGUA GALEGA** | |
|  | **REVOA . ED SM**<br>Método Globalizado.<br>Un para todos. 2 Primaria – |  |
| ED. SANTILLANA MATE +_2023<br>Matemáticas para pensar-<br>Serie PRACTICA – | 1º Trimestre:**ISBN 978-84-191-0151-8**<br>2º Trimestre **ISBN 978-84-191-0152-5**<br>3º Trimestre:**ISBN 978-84-191-0157-0** | |
| **ISBN 978-84-144-0885-8** | | |
| **MÚSICA** | **Galinova** - *Melodía 2- 978-84-9737-238-1* | |
| **FRANCÉS** | **Non se empregará libro** | |

<table>
<tr><th colspan="3">3º de Educación Primaria - CURSO 2023-2024</th></tr>
<tr><th>LENGUA CASTELLANA</th><th>LINGUA GALEGA</th><th>MATEMÁTICAS</th></tr>
<tr><td>Non se usará libro</td><td>
</td><td>
</td></tr>
<tr><td></td><td>Ed. Xerais<br>Tecelingua-3</td><td>Ed SM<br>Revuela-3</td></tr>
<tr><td></td><td>9788411100205</td><td>9788413925264</td></tr>
<tr><th>CIENCIAS SOCIAIS</th><th>CIENCIAS DA NATUREZA</th><th>INGLÉS</th></tr>
<tr><td>
</td><td>
</td><td>
</td></tr>
<tr><td>Ed SM- Xerme<br>Revoa</td><td>Ed SM- Xerme<br>Revoa</td><td>Oxford UP<br>All About Us Now 3 Class Book<br>All About Us Now 3 Activity Book</td></tr>
<tr><td>9788498548785</td><td>97884498548792</td><td>9780194074650<br>9780194073844</td></tr>
<tr><th>MÚSICA</th><td colspan="2">Galinova Melodía 3</td></tr>
<tr><th>FRANCÉS</th><td colspan="2">NON SE USARÁ LIBRO</td></tr>
</table>

| 4º de Educación Primaria - CURSO 2023-2024 | | |
|---|---|---|
| **LENGUA CASTELLANA** | **LINGUA GALEGA** | **MATEMÁTICAS** |
|  |  |  |
| **ED SANTILLANA**<br>**Cuadernos de Lengua**: Construyendo mundos | **ED SANTILLANA- 2023**<br>**Construíndo mundos** | **ED. SANTILLANA_2023**<br>Construyendo mundos – Mochila Ligera |
| **ISBN 978-84-144-0285-6**<br>**ISBN 978-84-144-0286-3**<br>**ISBN 978-84-144-0287-0** | **ISBN 978-84-9185-705-1** | **978-84-144-0769-1** |
| **CIENCIAS SOCIAIS** | **CIENCIAS DA NATUREZA** | **INGLÉS** |
|  |  |  |
| **ED. SM_2023**<br>Revoa 4º Primaria | **ED. SM_2023**<br>Revoa 4º Primaria | **Oxford UP**<br>**All About Us Now 4 Class Book All About Us Now 4. Activity Book** |
| **ISBN 978-84-19101-59-4** | **ISBN 978-84-19101-61-7** | **ISBN: 9780194074803. ISBN: 9780194073905** |
| **MÚSICA** | GALINOVA (galego)_ MELODÍA 4_978-84-9737-239-8 | |
| **FRANCÉS** | **Non se empregará libro** | |

<table>
<tr><td colspan="3">5º de Educación Primaria- CURSO 2023-2024</td></tr>
<tr><th>LINGUA GALEGA</th><th colspan="2">MATEMÁTICAS</th></tr>
<tr><td>
</td><td colspan="2">
</td></tr>
<tr><td>EDITORIAL Vicens-Vives<br>Comunidad Zoom</td><td colspan="2">EDITORIAL Vicens-Vives<br>Comunidad Zoom</td></tr>
<tr><td>9788468283203</td><td colspan="2">9788468282848</td></tr>
<tr><th>CIENCIAS SOCIAIS</th><th>CIENCIAS DA NATUREZA</th><th>INGLÉS</th></tr>
<tr><td>
</td><td>
</td><td>
</td></tr>
<tr><td>EDITORIAL Vicens-Vives<br>Comunidad Zoom</td><td>EDITORIAL Vicens-Vives<br>Comunidad Zoom</td><td>Oxford UP<br>All About Now 5 Class Book<br>All About Us Now 5. Activity Book</td></tr>
<tr><td>9788468285115</td><td>9788468285108</td><td>9780194074988<br>9780194073967</td></tr>
<tr><th>MÚSICA</th><td colspan="2">Galinova Melodía-5 Edición 2020</td></tr>
<tr><th>FRANCÉS</th><td colspan="2">Non se empregará libro</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="3">6º de Educación Primaria- CURSO 2023-2024</th></tr>
<tr><th>LENGUA CASTELLANA</th><th>LINGUA GALEGA</th><th>MATEMÁTICAS</th></tr>
<tr>
<td>
</td>
<td>
</td>
<td>
</td>
</tr>
<tr><td>ED- VICENS VIVES<br>COMUNIDADE ZOOM</td><td>ED- VICENS VIVES<br>COMUNIDADE ZOOM</td><td>ED- VICENS VIVES<br>COMUNIDADE ZOOM</td></tr>
<tr><td>ISBN-9788468291956</td><td>ISBN-9788468292892</td><td>ISBN-978849829251-9</td></tr>
<tr><th>CIENCIAS SOCIAIS</th><th>CIENCIAS DA NATUREZA</th><th>INGLÉS</th></tr>
<tr>
<td>
</td>
<td>
</td>
<td>
</td>
</tr>
<tr><td>ED SANTILLANA-<br>Obradoiro<br>Proxecto construíndo mundos</td><td>ED- VICENS VIVES<br>COMUNIDADE ZOOM</td><td>Oxford University Press<br>All About Us Now 6<br>Class Book e Activity Book.</td></tr>
<tr><td>ISBN 9788491856931</td><td>ISBN-9788498292519</td><td>ISBN: 9780194075138</td></tr>
<tr><th>MÚSICA</th><td colspan="2">GALINOVA (galego)_ MELODÍA 6_978-84-9737-240-4</td></tr>
<tr><th>FRANCÉS</th><td colspan="2">Non se empregará libro</td></tr>
</table>

# NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

# 2023-2024

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **HORARIO** | Profesorado: 8.30 a 14.15h<br>Martes/Venres: 8.30 a 14.00h<br>Tarde dos martes: 16 a 18:30h. | Espertar xogando de 7.45 a 9 h.<br>De 9 a 14.00 horas xornada lectiva<br>Comedor de 14 a 16 horas | Act. Extr de 16 a 18h | Puntualidade e apoios nas entradas |
| **ENTRADAS** | 4º Educación Infantil pola porta principal dianteira. Nº1 | 5º-6º EI e 1º /2º EP pola zona cuberta do Patio de educación infantil. Nº2<br>3º a 6ºpolo patio de maiores. Todos entran polo acceso traseiro do edificio Nº3 | Soará un timbre 10 min antes da entrada. Acceso denegado ao recinto para familias. | Quendas de vixilancia nos patios , na entrada e transporte |
| **SAÍDAS** | Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria patio cuberto de pequenos. Acompañados das persoas titoras | 3º a 6º parte traseira, patio cuberto maiores. Acompañados das persoas titoras.<br>Os usuarios de transporte escolar esperan ás acompañantes no exterior da porta principal. | 13:45h Baixada de Educación Infantil.<br><br>13:45 organización das aulas de Primaria. Saída escalonada e ordeada do edificio. Entrada das familias ás zonas de entrega | Quendas de vixilancia nos patios ,na saída e transporte |
| **ASISTENCIA DO ALUMNADO** | Folla de asistencia diaria. Parte mensual en XE (Xade) | Chamar a casa 2 días sen asistencia | Comunicación a XE de faltas constantes ou impuntualidades | Control de puntualidade pola Xefatura e Dpto. Orientación |
| **RECREOS** | Única quenda de 11:30 a 12:00. Patio pequeño para E Infantil, 1º e 2º de E Primaria e patio grande de 2º a 6º de EP | Quendas de recreo<br>Días de chuvia: baixan de modo alternativo aos cubertos respectivos os cursos de cada quenda de patio. | Zonas de vixilancia<br>Non se pode subir ás aulas (alumnado)<br>Dinamización de Biblioteca: empezará cando melloren as condicións sanitarias | Non poden estar sos nas aulas<br>A titoría debe ser informada nas incidencias importantes |
| **CONTROL/ SAÍDAS DO CENTRO** | Ficha de recollida de alumnado<br>Ficha de chegada tardía ao centro. (Modelos na secretaría) | | | |
| **ASISTENCIA SANITARIA** | Recreos: quendas vixilancia e titorías .Avisar as familias do alumno ante calquera incidencia | Programa Alerta Escolar<br>Medicación de Urxencia en Dirección | Non se administrarán fármacos<br>Libro de incidencias accidentes importantes) en Secretaría | Accidentes na Biblioteca e nas Act.Extr. (Dirección e ANPA) |
| **ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS** | Autorización para as actividades extraescolares | Soamente actividades permitidas e programadas | Cadro de actividades extraescolares e teléfonos na Biblioteca | Acceso prohibido ás aulas pola tarde. Vixilancias das actividades extraescolares |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **AULAS E USOS DO MATERIAL** | Coidado, organización e limpeza dos espazos de traballo | Responsables de aula: organización,… Aulas ordenadas antes de saír. | Comunicar os desperfectos, desaparicións de material… | Material de uso común: usar con moderación e deixar no seu sitio. |
| **ACTITUDES E RELACIÓNS PERSOAIS** | Titorización (PAT). Xuntanzas, análise de incidencias en grupo. Mediación conforme ao Plan Convivencia. | Controlar posibles tipo de agresións, alcumes, marxinacións… Comunicar ao ED o DO | Controlar hixiene, aseo, vestimenta, material de traballo e puntualidade. | Prohibido uso de xogos, móbiles,… |
| **ESCOLA-FAMILIA** | Atención presencial ou telefónica ás familias previa cita (Martes de 16 a 17h) Comunicación por de canais dixitais | Reclamacións Protocolo de reclamacións. titorías, XE //DO. | Boletín trimestral de avaliación: Nadal, Semana Santa e Xuño | Comunicar obxectivos e modelo educativos na reunión inicial e publicación na web do centro |
| **CORRECCIÓNS - PROCEDEMENTO** | Dar a coñecer o Plan de Convivencia do Centro. Área de Valores Sociais e Cívicos | Utilizar estratexias de mediación na aula. | Rexistrar por escritos as incidencias importantes. (Anexos de Convivencia) Dar comunicación á XE. | |
| **TRANSPORTE ESCOLAR** | Vixilancia e acompañamento por quendas. Puntualidade. Asignación de autobuses e listaxe de alumnado. | As 14.00h estarán no vestíbulo e serán entregados ao acompañante na saída do Centro | Partes de incidencia ante o incumprimento grave das normas no autobús. (Acompañante) | Avisos de falta de asistencia ou uso puntual do transporte ás titorías por parte de familias |
| **COMEDOR** | Xestionado pola ANPA baixo a supervisión do Consello Escolar.Incidencias graves rexistradas. | Listaxes de comedor nas aulas Alumnos con dietas. Vixiancia por parte das monitoras do catering (Arume) e das ATE da Xunta | Modalidade: fixos e fixos descontinuos. | Entrega aos pais en horarios convenidos: 15.15h, 15.45h. |

**Todos: alumnado, profesorado, e demais membros da Comunidade Educativa, coñeceremos as Normas de Organización e Funcionamento, para respectalas e facelas respectar. Esta convivencia vén regulada polo Real Decreto 732/1995, do 5 de maio (BOE de 2 de xuño, nº 131), pola LOE (BOE 04/05/2006), pola Lei 4/2011 (DOG 15/07/2011), o seu Decreto correspondente (Decreto 8/2015) e polo noso Plan de Convivencia.**

# MODELOS DE AUTORIZACIÓNS

## ASUNTO: AUTORIZACIÓN ANUAL PARA SAÍDAS EXTRAESCOLARES E USO DE IMAXE CON FINS EDUCATIVOS

☐ Autorizo o/a meu/miña fillo/a........................................................................................ escolarizado/a no curso ..............., grupo......... de Educación Infantil/ Primaria a asistir ás diferentes visitas/saídas , de carácter extraescolar, programadas polo equipo docente para este curso escolar 2023/24. Remitirase unha nota informativa á familia antes de cada saída. Marcar ou non segundo a decisión escollida.

☐ Autorizo, así mesmo, a que o meu fillo/a miña filla poida ser fotografada no transcurso das actividades con fins educativas e a súa publicación na páxina web do cole, blogues educativos do equipo docente, ou en difusións educativas propostas polo centro educativo . Marcar ou non segundo a decisión escollida.

Vigo, a de setembro de 202

Asinado/...................................................................................D.N.I:.................................. Teléfono: ..........................................................................................................................................................

## REGULACIÓN E AUTORIZACIÓN ANUAL PARA RECOLLIDA DO ALUMNADO NO CURSO ACADÉMICO 2023-2024

Prezadas familias:

Seguindo Instrucións da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura , Educación e Ordenación Universitaria e co obxecto de regular a recollida do alumnado no presente curso académico 2019-2020 remitimos a presente notificación e autorización.

O alumnado será recollido nas instalacións do centro educativo polos seus responsables legais (pais, nais, persoas titoras, etcétera) . O alumnado non poderá regresar a casa, sen a vixilancia dun adulto, agás o alumnado de 5º e 6º de EP, que poderán saír sen acompañante adulto previa autorización (ver modelo en folla adxunta). Os responsables legais poderán autorizar formal e expresamente cada curso académico a outro familiar maior de idade, persoa achegada ou a un irmán ou irmá de 5º de Primaria en adiante do alumnado menor, cubrindo a actual ficha de autorización e datos persoais, que figura abaixo, e entregándoa no centro. No caso de persoas separadas ou divorciadas seguirase o marcado na sentenza xudicial, convenio regulador ou acordo provisional, que deberá ser entregado para a súa custodia pola secretaría do centro.

Por outra banda, o alumnado permanecerá no centro baixo custodia, despois do horario lectivo, servizo de biblioteca ou actividades extraescolares da ANPA, de xeito excepcional, ata a súa recollida polos seus proxenitores ou persoas autorizadas. Unha vez transcorrido o tempo de garda e tutela por parte do centro educativo efectuaranse chamadas telefónicas dende o centro ás familias, co obxecto de comunicar a incomparecencia das persoas responsables, que de ser continuadas e infrutuosas, poderían dar traslado aos servizos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (Policía Local ou Garda Civil) co obxecto de garantir a seguridade do menor.

Lembramos a importancia da recollida do alumnado pola súa seguridade e polas responsabilidades derivadas da súa desatención nestes importantes momentos. Ante calquera dúbida, contactar coa secretaría do centro.

## AUTORIZACIÓNS PARA A RECOLLIDA DO ALUMNADO NO CURSO ESCOLAR 2023-2024

Don/Dona

como pai/nai/persoa titora da/o alumna/o

matriculado no grupo durante o curso académico 2022-2023

AUTORIZO as seguintes persoas á recollida do/a meu fillo/filla ou alumna/o titorizada/o (Autorizar, de ser o caso a un irmán o irmá de 5º de primaria en adiante, de ser o caso)

| NOME DA PERSOA | DNI | PARENTESCO | TELÉFONO DE CONTACTO |
|---|---|---|---|
| 1. | | | |
| 2. | | | |
| 3. | | | |
| 4. | | | |

Asinado/..............................................................D.N.I:..........................................

Teléfono:................................

## AUTORIZACIÓN XERALDE SAÍDA SEN ACOMPAÑANTE ADULTO PARA ALUMNADO DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2023-2024

Don/Dona con D.N.I. como nai/pai ou titor legal de escolarizado/a

en nivel de Educación Primaria,

Autorizo a saída do centro escolar ao final da xornada lectiva (14:00h) ,durante o presente curso escolar 2019-2020, sen acompañante adulto (pai, nai, familiares, outros) ao meu/miña fillo/a.

Asinado:

Vigo a ______ de _____________________________ de 202

--------------------------------------------------------------------------------

# NORMATIVA PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

## 1.- PRIORIDADES

1. As actividades organizadas polo profesorado do centro para o alumnado ou familias deste colexio.
2. As actividades organizadas pola ANPA do centro para o alumnado ou familias do colexio.
3. As actividades de formación do profesorado ou cursos para as familias.
4. Outras actividades de calquera organizador destinada a membros da comunidade educativa.
5. Outras actividades organizadas por entidades do barrio (sempre que se xustifique o seu carácter educativo, deportivo ou cultural)
6. Actividades doutros organizadores (sempre que se xustifique o seu carácter educativo, deportivo ou cultural) e tras a súa solicitude formal, segundo o Regulamento de Centro.

## 2.- NORMAS DE USO

7. Han de ser aprobadas polo Consello Escolar (ou excepcionalmente pola Dirección do centro) mediante solicitude por escrito ou correo electrónico.
8. Os espazos, horarios e participantes serán os relacionados na solicitude. Cando nas actividades participen menores que non sexan alumnos do centro deberá comunicarse previamente e por escrito á Dirección do centro con relación nominal dos mesmos.
9. Cando se realicen competicións deportivas con participantes alleos ao centro, debe comunicarse previamente e por escrito á dirección do centro.
10. Os solicitantes se responsabilizarán da orde e o coidado das instalacións, materiais e mobiliario.
11. O uso das instalacións interiores do edificio principal debe rematar ás 18:00, comprobando o profesorado de garda da Biblioteca o correcto estado das mesmas. Non se facilitarán chaves dos espazos interiores.
12. As instalacións han de quedar recollidas e ordenadas na maneira e orde que estaban anteriormente.
13. De precisarse o uso de chaves (accesos exteriores e ximnasio) darase unha copia das mesmas, comprometéndose os solicitantes a súa devolución e a non facer ou distribuír máis copias das mesmas.
14. Respectaranse os horarios asignados, e en calquera caso non se poderán prolongar máis alá das 21 horas. É imprescindible deixar tempo para a supervisión e posible necesidade de limpeza por parte do persoal asignado á mesma.
15. O uso das instalacións debe respectar (volume, ruído, orde…) o adecuado desenvolvemento doutras actividades programadas.
16. O uso de equipos ou materiais propiedade do centro debe ser solicitado de forma explícita, responsabilizándose do seu correcto uso e estado ao remate da actividade.
17. Os solicitantes deberán sufragar os gastos ocasionados por usos indebidos, posibles deterioros, perdas ou roturas do material, instalacións ou servizos e calquera outro que derive directa ou indirectamente da realización de tales actividades.

18. As actividades deportivas ( competicións, xuntanzas, etcétera) e culturais realizadas nas instalación do centro deberán ser comunicadas por escrito e con antelación previa á Dirección do centro.
19. Cando nunha actividade ( pintura, baile, teatro, deportivas...) participen persoas que non formen parte da comunidade educativa, o responsable da organización das mesmas deberá presentar con anterioridade a relación de persoas asistentes co obxecto de enviar a relación á Xefatura Territorial.

ESTAS NORMAS, APROBADAS POLO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO, NON SERÁN DE APLICACIÓN MENTRES AS RECOMENDACIÓNS SANITARIAS NON RECOMENDEN A NORMALIZACIÓN DAS MESMAS.

# Servizo de Comedor
# Plan Anual 2023/2024

# ÍNDICE

01. Introdución........................................................................................................ ... 3

02. Normativa de referencia ..... ........................................................ 4

03. Obxectivos ……….........…...………......………...........……………........….. 4

04. Plan de Actividades ..............………….............………………......……. 5

05. Organización Administrativa do Servizo de Comedor

05.01 Calendario e horario …..........................…………………… 6

05.02 Prazas e tipificación de comensais ………..........,………. 6

05.03 Solicitudes e prazo de presentación ……........…,,,,,,,…...... 7

06. Réxime económico

06.01 Financiamento e control de gasto ……..…....……..……. 9

06.02 Prezo do comedor e sistema de pago…………......................... . 10

07. Comisión de Comedor.................................................................... 11

08. Normas de Comportamento e Convivencia ………..........…..... 12

09. Notas finais........................................................................................ 13

10. Anexos varios.................................................................................... 13

## 01. INTRODUCIÓN

O servizo de comedor no colexio CEIP Escultor Acuña xurde no curso escolar 2001/2002, xunto co servizo de aula matinal "Espertar Xogando", motivado por unha demanda cada vez máis crecente de nais e pais **pola necesidade das familias de conciliar o horario de traballo co escolar.** Tal e como di o artigo 1º.2 do Decreto 132/2013, *"Entenderase como servizo de comedor os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior, nos cales fomentaranse programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais"*.

A modalidade de prestación de servizo axustase ao disposto no artigo 2º. 1 e. do Decreto 132/2013, polo que tal, a ANPA. asumiu a xestión e financiamento e o Consello Escolar asumiu a supervisión do seu funcionamento. O alumnado con discapacidade auditiva, que xa se beneficiaba dende a creación do centro de servizo de comedor, bolseiros da Consellería, integrouse non curso 2001/02 no comedor xestionado pola ANPA. Segundo a capacidade en número de comensais, no presente curso escolar 2023/24, o comedor do CEIP Escultor Acuña é de **tipo C (de 151 a 250 comensais).**

A modalidade do servizo é catering, polo que unha empresa subministra diariamente as comidas así como tódolos útiles de menaxe necesarios. O número do persoal de monitoraxe é de 1 por cada 15 crianzas . No curso escolar 2023-24 a empresa é CALIDUS. A selección da empresa faise mediante concurso público. A xestión realízana en nome das ANPAS a ***Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnado de Vigo e Comarca*** (FOANPAS).

## 02. NORMATIVA DE REFERENCIA

O servizo de comedor ben regulado polo **Decreto 132/2013** do 1 de agosto polo que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (actualmente Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades - CCEFPU en adiante).

A organización, administración e xestión económica dos comedores escolares corresponde á comunidade educativa do centro, representada polo Consello Escolar. A CCEFPU avaliará o funcionamento, a xestión e a organización do servizo de comedor escolar. Para estes efectos

elabórase este Programa Anual do servizo de comedor, ca obriga de ser aprobado polo Consello Escolar e que se integrará na programación xeral anual (PXA).

Correspóndelle á CCEFPU a labor de inspección dos comedores escolares, sen prexuízo das atribucións que lle corresponden a consellería competente en materia de sanidade e ós concellos.

## 03. OBXECTIVOS

- Promover a adquisición de hábitos alimentarios saudábeis.
- Promover e desenvolver tanto hábitos hixiénicos coma de urbanidade en relación coa alimentación.
- Garantir unha dieta saudábel.
- Desenvolver o compañeirismo, respecto e tolerancia polas demais persoas membros do comedor.
- Acadar un entorno físico e social saudábel.
- Contribuír á integración da familia na medida que facilita a nais e pais o exercicio das súas funcións laborais e sociais.
- Facilitar a escolarización a unha serie de crianzas desfavorecidas socialmente.

## 04. PLAN DE ACTIVIDADES

O servizo de comedor escolar, é consciente das necesidades de relax e lecer que teñen os nenos e nenas despois da xornada escolar. É por iso propoñemos este plan de actividades cos seguintes obxectivos:

- Procurar para os usuarios do comedor actividades creativas e educativas no tempo de lecer.
- Fomentar hábitos sociais en situación de xogo.

## 05. ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO COMEDOR

### 05.01 Calendario e horario

A prestación do servizo de comedor coincidirá co calendario lectivo do alumnado segundo a CCEFPU (do 11 de setembro de 2023 ao 21 de xuño de 2024). O horario de comedor é de 14.00h ata as 16.00h agás aquelas crianzas que teñan actividade extraescolar para o cal disporase dunha monitora para que as derive ás devanditas actividades ou baixo a garda do profesorado na Biblioteca de Centro. Os pais ou persoas autorizadas poden recoller aos nenos nun dos horarios que seguen: 15.15h ou 15.45h dispoñendo de 10 minutos tras os cales o recinto ficará pechado. Escollerán o horario que máis lles conveña ao longo do curso escolar.

No horario de entrega dos alumnado poderán facerse variacións ao horario citado en casos excepcionais , sempre que haxa circunstancias que o xustifiquen (cita médica, logopedia..), con xustificación documental e sexa autorizado previamente pola Comisión do Comedor.

Por razóns de seguridade, durante o horario de comedor (de 14 a 16h.) os accesos ao recinto escolar estarán pechados, agás nos momentos da recollida de nenas e nenos.

## 05.02 Prazas e tipificación de comensais

O número de prazas dispoñíbeis é de 180, repartidas en dúas quendas.
No formulario de solicitude de praza de comedor indicarase claramente a modalidade de uso do mesmo, que poderá ser:

a) **Fixa**: cando se solicite o servizo de comedor para tódolos días lectivos.

b) **Fixa descontinua por días**: cando se solicite para todo o curso lectivo pero só para determinados días fixos da semana.

c) **Fixa discontinua por semanas**: cando se solicite para todo o curso lectivo pero só por semanas alternas. Establécese como obriga destas familias comunicar, con data límite o 20 do mes anterior, as semanas exactas que van asistir ao comedor as súas crianzas no mes que vai empezar. *A introdución desta modalidade obedece á demanda efectuada por familias con nais/pais separadas/os ou divorciadas/os e máis á vontade da ANPA de atender esta realidade.*

d) **Esporádica***:* só será posíbel en casos excepcionais cando haxa prazas dispoñíbeis.

O cambio de modalidade só será autorizado, en función da dispoñibilidade de prazas, por meses completos e cando se solicite antes do 25 de cada mes.

## 05.03 Solicitudes e prazo de presentación

Poderá ser persoa usuaria do servizo de comedor escolar todo o alumnado do centro sendo requisito aconsellábel ser familia socia do ANPA. As solicitudes presentaranse na ANPA durante o horario de apertura ao público da mesma e nos días establecidos cubrindo e asinando o modelo correspondente de inscrición.

O prazo de renovación das prazas para crianzas que asistirán ao comedor no curso 2024/25 realizarase no mes de febreiro do curso anterior (no actual será ao longo de febreiro de 2024). Unha vez rematado abrirase prazo para novas solicitudes.

As cativas e os cativos de 3 anos non farán uso do comedor ata o remate do período de adaptación previsto ao inicio do curso académico.

### Criterios de selección de comensais

Por mor da forte demanda de prazas neste servizo faise unha selección de comensais baseándose nos seguintes criterios (suxeitos a variacións cada curso escolar atendendo á demanda ) por orde de prelación:

1. Crianzas que xa disfrutaron da praza o curso anterior.
2. Irmás/irmáns das crianzas con praza adxudicada.
3. Alumnado con dificuldade auditiva recoñecida.
4. Crianzas onde nai/titora e pai/titor acheguen ambos certificados laborais e que confirmen a incompatibilidade laboral coa escolar ou, no caso de monoparentais, que acheguen certificado coma titora ou titor.
5. Crianzas becadas polo Concello.
6. Alumnado que teña unha necesidade específica de apoio educativa recoñecida por un ditame do EOE e non entre nas consideracións anteriores
7. Tódolos demais casos por orde de solicitude e rexistro.

Unha vez cuberta a totalidade das prazas aquelas crianzas que non a acadasen, formarán parte dunha listaxe de espera a expensas de xurdir algunha baixa. Este listado estará aberto durante o curso escolar e a adxudicación estará suxeita aos criterios mencionados. Só se admitirán solicitudes fóra de prazo no caso de que existan prazas vacantes e sempre que sexan realizadas cunha antelación mínima de cinco días ao inicio do mes para o que se solicita o servizo.

### *Dietas especiais*

As condicións especiais dos comensais especificaranse expresamente nas solicitudes de praza. No caso de dietas deberán presentarse certificado médico no que se especifique o tipo e dieta necesaria (celíaca, lactosa, diabetes, …). No caso de dietas complicadas as familias poderán pórse en contacto coa persoa responsábel do comedor para se informar ou pedir unha rectificación do menú. En caso de enfermidade sobrevida (gastroenterite…) non fará falla certificado médico e, previa comunicación, solicitarase a dieta branda correspondente para o período de tempo necesario non máis alá de tres días consecutivos.

### *Obrigas e condicións*

Unha vez feita  a inscrición entregarase unha folla cas "CONDICIÓNS ORGANIZATIVAS DO COMEDOR" (Anexo II) que supoñen unha **obriga** para os usuarios do comedor.

## 06. RÉXIME ECONÓMICO

## 06.01 Financiamento e control de orzamento e gastos

O servizo de comedor escolar fináncíase cos seguintes ingresos:

a) Achegas das familias usuarias.
b) Achegas do Concello de Vigo (Benestar Social) para alumnado bolseiro.
c) Achegas da CCEFPU  para o alumnado hipoacúsico.
d) Achegas por convenio anual da Concellaría de Educación (Concello de Vigo) para subvencionar o prezo do menú. Este diñeiro e xestionado por FOANPAS.

O colexio ten aberta unha conta de comedor na que se reciben os ingresos procedentes do Concello de Vigo. A xestión desta conta corresponde ao Equipo Directivo. A dirección do centro fai o traspaso á conta de comedor xestionada pola ANPA da contías das devanditas bolsas do Concello. A dirección tamén se encarga de entregar no rexistro do Concello as sinaturas das becas que concede este organismo e de presentar a xustificación destes ingresos e gastos á delegación provincial e ó Consello Escolar.

O ANPA xestiona as achegas das familias e de FOANPAS. A persoa encargada do comedor presenta as contas ao Consello Escolar (órgano competente para supervisar a xestión económica).

## 06.02 Prezo do comedor e sistema de pago dos usuarios

O prezo de referencia por comensal e día do servizo de comedor escolar para o curso será o marcado pola empresa de catering. Os pagos efectuaranse na conta bancaria, facilitada ás familias usuarias do comedor no momento de facer a inscrición, **durante os primeiros dez días de cada mes.**

Nais, pais ou titores legais do alumnado que recibe axudas do concello deberán asinar a listaxe mensual que nos envía a Concellaría de Benestar Social do Concello de Vigo.

## 07. COMISIÓN DE COMEDOR

Haberá unha Comisión de Comedor para a posta en común do funcionamento e incidencias do comedor entre o centro escolar e o ANPA. Esta Comisión será un órgano delegado do Consello Escolar integrado polas persoas membros que seguen:

- Director/a do Centro.
- Secretario/a do Centro.
- Presidente/a da ANPA.
- Responsábeis de comedor da Xunta Directiva da ANPA.

A nomeada comisión terá as seguintes funcións:

- Avaliación e seguimento do servizo de comedor. Avaliar as necesidades e estudar propostas de mellora para o bo funcionamento do mesmo.
- Informar ao Consello Escolar sobre o funcionamento do comedor escolar.
- Reuniranse de modo ordinario unha vez por trimestre podendo facer reunións extraordinarias cando sexa necesario.
- Estudar os posíbeis cambios na normativa do uso do comedor e trasladalos ao Consello Escolar.

A comisión contará coa colaboración da persoa Responsábel da Monitoraxe, a cal será o canle de comunicación do ANPA co grupo de monitoras e monitores, colaborando coa ANPA na organización do comedor.
Tamén contará coa cooperación da persoa orientadora do centro no caso de ser necesario a súa opinión na resolución dalgún conflito.

## 08. NORMAS DE COMPORTAMENTO E CONVIVENCIA

Parécenos oportuno, xa que o servizo de comedor é unha *continuidade* no desenvolvemento da función educativa que o centro posúe, que todo o alumnado comensal estea suxeito á Normativa de Organización e Funcionamento do centro e ao Plan de Convivencia.

O persoal de atención ao alumnado cubrirá un **parte de incidencias** (ANEXO III) , cando consideren que a gravidade da falta así o require, e comunica o feito a persoa encargada do comedor. Esta notificará aos proxenitores e máis á Comisión de Comedor a incidencia. Intentarase unha solución dialogada do conflito. Se non se resolve o problema, reunirase de modo extraordinario a Comisión de Comedor para tomar medidas. No último caso a Comisión de Comedor decidirá a necesidade de intervención do Consello Escolar.

Pequenas faltas acumuladas constitúen falta grave, e serán tidas en conta segundo o R.R.I. Dada a singularidade do servizo, debemos incluír neste Programa Anual algunhas consideracións que non aparecen no R.R.I.:

- As faltas de asistencia serán comunicadas con antelación suficiente (antes das 08.30 h. do día no que se produzan) ***ao telefóno do Comedor (611 50 33 83).***
- Ningún comensal pode acudir ao comedor se non asistiu ao centro pola mañá.

- Tódalas modificacións no uso do servizo de comedor deberán ser comunicadas no local da ANPA antes do 25 de cada mes.
- Os danos ocasionados polas crianzas comensais serán aboados polos representantes legal das mesmas.

- A falta de pagamento do servizo de dous meses será causa de baixa.
- Aquel alumnado de comedor que de xeito reiterado apareza no parte de incidencias serán baixa no servizo.
- Calquera acción, por parte das persoas usuarias ou das familias, que de xeito reiterado ocasione un mal funcionamento do servizo será considerado coma unha falta grave
- O incumprimento da folla que se lle entrega ao facer a inscrición (Condicións organizativas do comedor) suporá unha falta grave.

## 09. NOTAS FINAIS

**A solicitude do servizo supón o coñecemento e máis a aceptación expresa das condicións recollidas no presente regulamento.**

Para este curso 2023/24 as persoas membro da Xunta Directiva da ANPA responsábeis do servizo de comedor son:

- Gabriela Cecilia Pastoriza Garibotto
- Andrea Álvarez Martínez
- Iris Caldas Lis

## 10. ANEXOS VARIOS

Deseguido engadimos anexos ao respecto das Condicións Xerais do Servizo, Solicitude de Praza, Autorización para Saída do Comedor e Parte de Incidencias.

## Anexo I

# Comedor 2023/24 Inscrición *Reserva de Praza*

FAMILIA SOCIA NÚM.: __________

NOME DA CRIANZA: ________________________________________________________________

DATA NACEMENTO: _______________ CURSO ACTUAL: ____________________________

ENDEREZO: ________________________________________________________________________

TELÉFONOS: * ________________________________ * __________________________________

* ________________________________ * __________________________________

NOME NAI / PAI / TITOR/A DNI

______________________________________________________ ___________________________

ALERXIAS ALIMENTARIAS: _________________________________________________________

ENFERMIDADES: ___________________________________________________________________

DÍAS QUE VAI ASISITIR AO COMEDOR:

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

MES NO QUE COMEZA: _________________________ SOLICITA BOLSA DE COMEDOR: ☐

HORA RECOLLIDA: 15.15h ☐ 15.45h ☐ SAÍDA SEN PERSOA ADULTA (5º/6º Primaria): ☐

PERSOAS AUTORIZADAS A RECOLLER:

*NOME* *DNI*

______________________________________________________ ___________________________

______________________________________________________ ___________________________

______________________________________________________ ___________________________

______________________________________________________ ___________________________

**Coñezo e acepto as condicións xerais do *Servizo de Comedor* para o curso 2023/24,**

en Vigo, a _____ de ________________ do 202____

Asinado: ___________________________

# Anexo II

## Comedor 2023/24 Condicións Xerais do Servizo

**01.** O horario do servizo de comedor (máis posta a disposición das crianzas comensais para a súa recollida) abrangue dende as **14.00h a 16.00h** nos meses de **setembro a xuño**. Non fai falla que as familias se acheguen ao centro para levar ás crianzas ás actividades extraescolares que comezan a continuación do comedor agás no caso das Piscinas (MQA e Pavillón do Carme). O persoal de monitoraxe responsábel farase cargo de derivalas.

Prégase a maior puntualidade xa que a demora reiterada na recollida pode repercutir na baixa da nena ou do neno neste servizo.

**02.** O horario da biblioteca é de 16.00h a 18.00 h (outubro-maio) tódolos días agás os martes. O alumnado de infantil só fará uso dela para o préstamo nos horarios establecidos e na compaña dun adulto.

**03.** Por precaución o recinto permanecerá pechado durante o servizo de comedor. As horas de recollida das crianzas usuarias son 15.15h e 15.45h cunha marxe de 10 minutos tras os cales pecharase a porta aínda que fiquen nais/pais dentro, quen terán que esperar á seguinte quenda para poder abandonar o centro. Excepcionalmente, e sempre que sexa xustificado (citas médicas, terapias/tratamentos ou casos de forza maior) e se avise con antelación, entregarase á crianza fóra dos horarios establecidos.

**04.** Todos aquelas crianzas novas no servizo, as que no teñan na ficha de inscrición ou non estea lexíbel, teñen que entregar xunto coa matrícula unha **fotocopia da Tarxeta Sanitaria.**

**05.** Cando unha crianza usuaria presente BAIXA ou MODIFICACIÓN DE DÍAS no comedor do mes seguinte a familia deberá informalo ANTES DO DÍA 25 DO MES ANTERIOR ao mail comedor.escultoracunha@gmail.com ou no local da ANPA, senón efectuarase o cobro como se fixer uso do servizo.

**06.** No caso de **faltas de asistencias diarias puntuais** a familia deberá notificalo, **ben o día anterior de 15.00h a 16.00h ou ben no propio día de 07.30h a 08.30h, á *Encargada do Comedor* (Mercedes Díaz Pardo) no comedor ou no núm. de teléfono móbil de referencia do mesmo (611 50 33 83).**

É fundamental facelo deste xeito e nestes horarios para non desbotar comida que en caso contrario acabará no lixo.

**07.** Para solicitar menús especiais hai que presentar na ANPA un certificado médico recente.

**08.** As dietas brandas e astrinxentes non precisan certificado médico se non exceden dos 3 días.

**09.** Segundo FOANPAS, facéndose eco do Código Civil, ningunha monitora poderá administrar medicamento algún.

**10.** Limpeza dental. Cada crianza pode traer cepillo e pasta dentífrica de ser autónoma para facer ela mesma o limpado.

**11.** Cambiarase a roupa a aquelas crianzas que tivesen algún incidente no servizo de comedor sempre que non acontecese reiteradamente. En tal caso chamarase ás familias e chegado ao extremo de se repetir ao longo do tempo podería cursar baixa.

**12.** Non facemos responsábeis dos xoguetes que traian ao comedor nin de cazadoras/abrigos ou mochilas sen marcar debidamente.

**13.** Non se permite o uso do teléfono móbil, balóns duros ou obxectos que sexan perigosos e que serán retirados polo persoal de monitoraxe. Non facemos responsábeis da perda ou dano.

**14.** Prendas non reclamadas. Tratarase de enmendar á maior brevidade o caso de trocos fortuítos de prendas/material. Tede en conta que estas incidencias perxudícanos a todas e todos.

**15.** A entrega do alumnado será na entrada principal do colexio, onde a monitoraxe terá preparado a nenas e nenos coas súas pertenzas, e o acceso ao interior das instalacións ficará restrinxido co gallo de levar un maior control das prendas, mochilas e entrega de crianzas.

**16.** Lembrade que os venres moitas crianzas de infantil baixan da aula a súa carpeta de tarefas as cales deben levar a casa e devolver os luns.

**17.** Segundo a normativa de FOANPAS. o pagamento dos recibos do comedor farase **por adiantado nos 10 primeiros días do mes** e de non facelo a crianza perderá a praza comunicándose previamente.

**18.** Os pagamentos serán ingresados na seguinte conta de ABANCA **indicando só o nome da nena ou do neno e o mes que se fai efectivo**. Gardade cada curso os xustificantes de pagamento xa que cabe a posibilidade que se vos soliciten se atoparmos algún erro:

Núm de conta IBAN - **ES53 2080 5076 44 3040010281**

**19.** A táboa de prezos vixente para o presente curso académico 2023/24, segundo as diferentes modalidades de asistencia contempladas, é a que segue:

| **Prezo Mensual Días Fixos** | **Prezo Mensual Semanas Alternas** |
| --- | --- |
| 5 días - 85 euros/mes | 51 euros/mes |
| 4 días - 73 euros/mes | |
| 3 días - 59 euros/mes | **Prezo Día Esporádico** |
| 2 días - 42 euros/mes | 6,50 euros/día |
| 1 día - 23 euros/mes | |

20. Os prezos mensuais <u>son prezos xa rateados</u>. É dicir, ***non se paga diferente os meses con menos días de comedor por motivos de vacacións*** (setembro, nadal, xaneiro, marzo ou abril e xuño) co resto de meses porque xa está compensado o teórico prezo superior destes co inferior daqueles nun prezo único. Así evitamos os problemas dunha variación mensual case constante cunha única táboa de prezos anual doada de lembrar para todas.

21. Polo período de adaptación habitual en 4º Infantil as crianzas deste curso non se incorporarán ao comedor ata o luns 18 de setembro. Neste caso, e tendo en conta que a súa asistencia será durante este mes aproximadamente a metade ao respecto do resto do alumnado, o prezo mensual fica reducido para elas en setembro ao 70% (co redondeo pertinente se houber decimais).

22. Tódolas persoas usuarias están suxeitas ao **Regulamento de Réxime Interno (RRI)**. Calquera dúbida, aclaración, ou asunto do comedor trátase no local da ANPA ou a través do teléfono móbil da mesma 677 23 61 43 (no horario de atención comunicado ao inicio de cada curso para ambos os dous).

23. Pódese cursar baixa no comedor:

- Se non se abonan os pagamentos nos prazos establecidos
- Se non se cumpren as condicións xerais
- Por falta/s graves das crianzas ou das familias

**PREGÁMOSVOS QUE TEÑADES PRESENTES ESTAS NORMAS.**

**TODAS AQUELAS SUXESTIÓNS QUE POIDAN MELLORAR O SERVIZO FACÉDONOS PARTÍCIPES DELAS A TRAVÉS DA ANPA OU DA ENCARGADA DE COMEDOR.**

**GRAZAS A TODAS E TODOS POLA VOSA COMPRENSIÓN E COLABORACIÓN.**

**Anexo III**

## C.E.I.P. Escultor Acuña

## Servizo do comedor escolar

## PARTE DE INCIDENCIAS

Curso académico: ________

Alumn@:____________________________________________ Curso: ______Grupo:_____

Data:________________________ Hora:________________

Persoa/s coas que se produzo a incidencia:_________________________________

Lugar:________________________________

Motivo:____________________________________________________________

Descrición da incidencia:

___ __________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

___________________________

Sanción: _

_____________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

_____________________________________________________________________________

_____________________________

Firma/s da/s persoa/s testemuña/s do feito

Firma do alumn@

**Anexo IV**

Comedor 2023/24

**Autorización *Saída Sen Persoa Adulta***

Esta autorización vai dirixida ao alumnado usuario do *Servizo de Comedor* incluído nalgún dos seguintes dous casos que implican, sempre e de xeito ineludíbel, a participación de estudantes de 5º/6º de Primaria:

- Aquela crianza individual que sexa alumna/o dos cursos de 5º ou 6º de Primaria.

- Aquelas crianzas pertencentes á mesma familia cando polo menos unha delas sexa alumna/o dos cursos de 5º ou 6º de Primaria.

Dª/D

____________________________________________________________

Con DNI__________________e teléfono de contacto _________________

en calidade de nai/pai/titora ou titor legal da/s crianza/s que deseguido relaciono:

alumna/o_____________________________do curso _______________

alumna/o ___________________________ do curso ______________

alumna/o ______________________________ do curso ____________

alumna/o _____________________________ do curso ____________

concedo permiso para a saída regular do servizo de comedor do CEIP Escultor Acuña de Vigo ás 15.15h ou 15.45h sen persoa adulta acompañante e, con tal fin, asino a presente autorización,

Vigo, a ______ de _________________ do 202__

# Plan de Actividades Extraescolares 2023/2024

Estas actividades están planificadas tal e como se mostra no seguinte cadro:

| | LUNES | MARTES | MIÉRCOLES | JUEVES | VIERNES |
|---|---|---|---|---|---|
| INFANTIL | BAILE INFANTIL<br>16:00 – 17:00 | MULTIDEPORTE INFANTIL<br>16:00 – 17:30 | MÚSICA<br>16:00 – 17:30 | | INICIACIÓN ATLETISMO<br>16:00 – 17:30 |
| INFANTIL Y PRIMARIA | PATINAJE<br>16:00 – 17:30 | | TAEKWONDO<br>16:00 – 17:30 | G. RITMICA<br>16:00 – 17:30<br>CÓMIC 3º - 6º<br>16:00 – 17:30 | |
| PRIMARIA | | TEATRO 2º - 6º<br>16:00 – 17:30<br>FÚTBOL PRIMARIA<br>16:00 – 17:30 | | HIP-HOP<br>16:00 – 17:30 | BAILE PRIMARIA<br>16:00 – 17:00<br>BALONCESTO<br>16:00 – 17:30 |
| PRIMARIA | | LETTERING 3º - 6º<br>16:00 – 17:30 | | | PINTURA 1º, 2º Y 3º<br>16:00 – 17:00<br>PINTURA 4º, 5º Y 6º<br>17:00 – 18:00 |
| | SURF<br>16:00 – 19:00 | SURF<br>16:00 – 19:00 | | | |

Precio de las actividades socios
(cuota anual por familia 18€)

Baile 15€
Lettering 16€
Pintura 16€
Inglês E-Lingua 5% descuento socios Anpa
Resto Cocofante 16€
Surf 65€
Piscina del Carmen 35€/ cuatrimestre (1 dia a la semana)
Hip-Hop 20€

# Extraescolares 2023/24

## Autorización *Saída Sen Persoa Adulta*

Esta autorización vai dirixida ao alumnado participante en calquera das Actividades Extraescolares que se desenvolven nas instalacións do colexio e que estea incluído nalgún dos seguintes dous casos (deberedes cubrir unha autorización por cada actividade na que autoricedes):

- Aquela crianza individual que sexa alumna/o dos cursos de 5º ou 6º de Primaria.

- Aquelas crianzas pertencentes á mesma familia cando polo menos unha delas sexa alumna/o dos cursos de 5º ou 6º de Primaria.

Dª/D ____________________________________________________________

con DNI ______________________ e teléfono de contacto ____________________

en calidade de nai/pai/titor ou titora legal da/s crianza/s que deseguido relaciono:

alumna/o __________________________________ do curso ________________

alumna/o __________________________________ do curso ________________

alumna/o __________________________________ do curso ________________

alumna/o __________________________________ do curso ________________

concedo permiso para a saída regular das instalacións do CEIP Escultor Acuña de Vigo logo da Actividade Escolar de ________________________________________ **sen persoa adulta acompañante** e, con tal fin, asino a presente autorización,

Vigo, a _____ de _______________ do 202__